



## MEMORIA DE CALIDADE

Escola Politécnica Superior de Enxeñaría

Curso Académico: 16/17

**Aprobado en Comisión de Calidade da EPS de Enxeñaría: 9 de Marzo de 2018**

**Aprobado en Xunta de Escola da EPS de Enxeñaría: 6 de Abril de 2018**

## Índice

<b>1. Introducción.....</b>	<b>2</b>
<b>2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados .....</b>	<b>7</b>
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	7
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.....	15
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado	86
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos .....	888
Directriz 6. Información pública.....	91
<b>4. Plan de Melloras dos Títulos .....</b>	<b>117</b>
4.1 Plan de Melloras do Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural .....	117
4.2 Plan de Melloras do Grao en Enxeñaría Civil .....	120
4.3 Plan de Melloras do Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria .....	132
4.4 Plan de Melloras do Máster en Enxeñaría de Montes .....	134
4.5 Plan de Melloras do Máster Universitario en Enxeñaría Agronómica .....	137
4.6 Plan de Melloras do Máster Universitario en Dirección de Proxectos .....	140
4.7 Plan de Melloras do Máster U. en Xestión Sustentable da Terra e do Territorio .....	148
<b>5. Modificacións nos diferentes títulos .....</b>	<b>152</b>
5.1 Modificacións do plan de estudos do Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural .....	152
5.2 Modificacións do plan de estudos do Grao en Enxeñaría Civil .....	152
5.3 Modificacións do plan de estudos do Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria .....	156
5.4 Modificacións do plan de estudos do Máster en Enxeñaría de Montes .....	157
5.5 Modificacións do plan de estudos do Máster Universitario en Xestión Sustentable da Terra e do Territorio .....	157
<b>6. Listaxe de evidencias e indicadores .....</b>	<b>159</b>

## 1. Introducción

De acordo co Procedemento de Medición, análise e mellora (Código: PM-01) a análise de funcionamento de cada un dos títulos e do SGC de **forma global** queda recompilada na Memoria de Calidade do Centro, que pecha o ciclo de calidade anual do centro.

A figura da acreditación institucional, introducida polo Real Decreto 420/2015 do 9 de maio, abre un escenario novo, no que a Memoria de Calidade de cada centro debe constituír o documento que recolla o seguimento dos títulos e do propio Sistema de Garantía de Calidade (SGC). Deste xeito, para o curso 2016-2017, a EPS de Enxeñaría analizará o desenvolvemento e os resultados dos seus títulos así como o funcionamento do seu Sistema de Garantía de Calidade, tendo en conta a súa planificación estratéxica e os seus obxectivos, no marco da planificación da institución.

### 1.1 Fitos do SGC

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) aprobou o seu primeiro SGC marco en decembro de 2009, e a Comisión Delegada do Consello de Goberno de Calidade e Planificación, en maio de 2013, aprobou unha simplificación documental do mesmo. A EPS de Enxeñaría adopta a revisión de 2013 do SGC marco da USC aprobando en febreiro de 2015 a primeira versión do seu [Manual Simplificado do SGC](#).

Durante os cursos 2015-2016 e 2016-2017 faise énfase na mellora formal, especialmente no que se refire ao aspecto de información pública, dos procesos de calidade que xa se viñan desenvolvendo na EPS. As actas das comisións que forman a estrutura de calidade publícanse de xeito sistemático na web do Centro dende ese ano recollendo ademais a información sobre as distintas actividades que se desenvolven.

En abril de 2017, froito dun amplo traballo dos diferentes grupos de interese, apróbase en Xunta de Escola o Plano Estratéxico da EPS 2017-2020 (PE17/20), que está en liña co Plano Estratéxico da USC 2011-2020. Neste PE17/20 a EPS de Enxeñaría fixa a súa Misión, Visión e Valores. Despois dunha profunda reflexión colectiva sobre as fortalezas e debilidades, formulábanse 6 liñas estratéxicas de actuación que dan lugar a 18 obxectivos estratéxicos desenvolvidos en 61 accións estratéxicas. A Programación Plurianual 2017-2020 (PP17/20) que desenvolve a execución temporal do PE17/20 apróbase en maio de 2017. Anualmente actualízase o estado da PP17/20.

En outubro de 2017, co gallo da organización do *I Obradoiro sobre o SGC da EPS* elaborouse nova [documentación divulgativa do SGC](#) do centro para o alumnado. Este evento será incluído, a modo de exemplo, no catálogo de boas prácticas que os centros da USC poden imitar no eido da Calidade. Este recopilatorio é editado e mantido pola Área de Calidade e Mellora dos Procesos da USC.

En xullo de 2017, a EPS de Enxeñaría completou o proceso de acreditación do seu SGC acadando a [Certificación de Implantación do Sistema de Garantía de Calidade outorgado pola ACSUG](#). Este fito supón un recoñecemento ao traballo realizado no eido da calidade no Centro.

### 1.2 Estructura da EPS de Enxeñaría para o desenvolvemento do SGC

As peculiaridades propias dun centro politécnico fan necesario que a estrutura de xestión da calidade sexa multinivel. O equipo directivo, dende curso 2014-2015, apostou por unha Subdirección de Calidade e Relacións Exteriores que se ocupa do bo funcionamento do SGC e, adicionalmente, tamén se ocupa o cargo de Responsable de Calidade do Centro (RCC). A gran diferenza de competencias a adquirir nas catro titulacións de grao fan necesario que sexan as Comisións de Título (CT) as que desenvolvan a xestión de calidade específica de cada un. Por outra banda, as Comisións dos Mástres (CM) son as responsables legais do seguimento dos seus correspondentes títulos. No último semestre do curso 16/17, a composición de todas Comisións de Títulos foron adaptadas ao novo Regulamento de Estudos Oficiais de Grao e Mestrado da USC (consello de Goberno de 28 de Xullo de 2017). Na Xunta de Escola do 21 de Decembro de 2017 aprobouse o novo Regulamento de Réxime Interno (RRI) do Centro no que se especifica a composición das CT. Estarán formadas polo Director, un coordinador/a, un secretario, o/a responsable de Calidade do Centro (RCC), ata cinco coordinadores/as de curso/mención ou especialidade, o/a responsable apoio á xestión do centro,

dous estudantes do título.

A Dirección, previa consulta do/a Coordinador/a do Título, será responsable de propoñer os membros da Comisión de Título. Na xestión da calidade dos títulos da EPS de Enxeñaría cobran unha especial relevancia os/as Coordinadores/as de Título. No caso dos Graos, serán propostos pola dirección do Centro e ratificados pola Xunta de Escola. Serán responsables de liderar e organizar a correspondente Comisión do Título. Entre as súas funcións está: a) analizar a información proporcionada polo/a Coordinador/a do Título e RCC para levar a cabo o seguimento do Título; e b) Realizar un informe dos resultados do título e as propostas de mellora e, cando sexa necesario, facer proposta de modificación ou suspensión deste.

A Comisión de Calidade do Centro (CCC) é o órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGC do Centro, actuando ademais como medio de difusión interna do Sistema e dos seus logros. Tamén é o espazo de coordinación e busca de directrices comúns das Comisións de Títulos. Na busca deste último obxectivo, todos os/as Coordinadores/as de Título son membros natos da Comisión. A coordinación desta Comisión está en mans do Responsable de Calidade. As súas funcións principais son: realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGC no Centro, así como a elaboración da Memoria de Calidade do Centro que englobará distintos informes e memorias.




Fig. 1: Estutura do SGC da EPS de Enxeñaría.

### 1.3 Procedemento de elaboración da Memoria de Calidade

O procedemento que se sigue na EPS de Enxeñaría, non difire do xeral empregado para toda a USC, e queda reflectido no seguinte gráfico (Fig. 2).




Fig. 2: Proceso seguido para a elaboración da memoria de calidade.

## 1.4 O Centro: breve reseña histórica, títulos que imparte e estrutura de goberno

A Escola Politécnica Superior é un Centro Propio da USC. As súas orixes remóntanse ao ano 1967, cando comeza a súa andadura na cidade de Lugo a Escuela Universitaria de Ingeniería Técnica Agrícola. No ano 1986 créase en Lugo a Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Agrónomos e en 1990 a Escola Universitaria de Enxeñaría Técnica Forestal. A Escola Politécnica Superior créase no ano 1993 como resultado da unión dos tres centros anteriores. Alberga, dende entón, os estudos de Enxeñaría Técnica Agrícola, Enxeñaría Técnica Forestal, Enxeñaría Agronómica e, dende o ano 1994, Enxeñaría de Montes. No ano 2003 comezan a impartirse tamén as titulacións de Enxeñaría Técnica de Obras Públicas e Enxeñaría Técnica en Topografía.

### 1.4.1 Títulos impartidos na actualidade

A EPS de Enxeñaría conta na actualidade con 4 titulacións de Grao (dúas delas coordinadas nun dobre grao) e 5 titulacións de Máster:

- Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural (GEFMN)
- Grao en Enxeñaría Civil (GEC)
- Grao en Enxeñaría Xeomática e Topografía (GEXT)
- Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria (GEAA)
- Máster Universitario en Enxeñaría de Montes (MEM)
- Máster Universitario en Enxeñaría Agronómica (MEA)
- Máster Universitario en Dirección de Proxectos (MDP)
- Máster Universitario en Xestión Sustentable da Terra e do Territorio (MXSTT)
- Máster Interuniversitario en Arquitectura da Paisaxe Juana de Vega (MAPJV)

Os Graos en GEAA e GEFMN (coordinadas nun dobre grao) por un lado e os GEXT e en GEC (estas dúas coordinadas tamén nun dobre grao), xunto co Grao de Enxeñaría Industrial Química, por outro, están compartindo 90 ECTS en cumprimento dos plans de viabilidade aprobados.

### 1.4.2 Estrutura da EPS de Enxeñaría

De acordo cos Estatutos da USC, os [órganos de goberno da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría](#) (Fig. 3) son:

- **Unipersoais:** Director/a; secretario/a; subdirectores/as
- **Colexiados:** Xunta de Escola

A Xunta de Escola, de acordo co seu Regulamento de Réxime Interno (RRI) vixente (a actualización do RRI foi aprobada en Xunta de Escola o 21 de decembro de 2017 e actualmente pendente de informe da Asesoría Xurídica da USC), conta actualmente coas seguintes comisións delegadas:

1. [Comisión Permanente e de Coordinación.](#)
2. [Comisión de Calidade do Centro](#) (Xunta de Escola de 24 de novembro de 2009).
3. Comisións de Título (1 por cada titulación adscrita ó Centro: [GEC](#), [GEAA](#), [GEFMN](#), [GEXT](#), [MEM](#), [MEA](#), [MDP](#), [MXSTT](#), [MAPJV](#)).
4. [Comisión de Docencia, Validacións e Intercambios.](#)
5. [Comisión das Fincas de Prácticas.](#)
6. [Comisión de Igualdade de Xénero.](#)
7. [Comisión de Normalización Lingüística.](#)
8. [Comisión de Biblioteca](#) (creada de acordo co establecido polos Estatutos da USC)

Os departamentos con encargo docente na Escola Politécnica Superior son 28, dos cales, dous teñen a súa sede no centro que son o departamento de [Enxeñaría Agroforestal](#) e de [Producción Vexetal](#).




Fig. 3: Estrutura dos órganos de goberno da EPS de Enxeñaría.

#### 1.4.3 Documentación de referencia

Ademais dos regulamentos, normativas, instrucións e normas xerais da Universidade, caben sinalar las seguintes normativas propias de la Escola Politécnica Superior:

- [Regulamento de Réxime Interno](#)
- [Manual Simplificado do SGC da EPS e Procesos Asociados.](#)
- [Plano Estratéxico da EPS \(PE17/20\)](#)
- [Programación Plurianual da EPS \(PP17/20\)](#)
- [Normativa de Traballos Fin de Grao e Máster](#)
- [Normativa de Proxectos e Traballos Fin de Carreira](#)
- [Normativa de Prácticas Externas](#)
- [Plano de autoprotección da EPS](#)
- [Memorias dos grados e dos másters \(no menú de estudos na Web do centro\)](#)

#### 1.5 Cambios na estrutura de órganos de goberno

Por acordo de Xunta de Escola do 13 de xuño do 2017 creuse a Comisión Delegada de Igualde de Xénero e constituíuse o 17 de Novembro de 2017.

## 1.6 Cambios na oferta de títulos impartidos no centro

- Títulos en proceso de extinción:
  - Graos en Enxeñaría Agrícola e do Medio Rural e en Enxeñaría das Industrias Agroalimentarias (actualidade).
  - Grao en Enxeñaría de Topografía e Xeomática (2018-2019).
  - Máster Interuniversitario en Arquitectura da Paisaxe Juana de Vega (2018-2019).
- Novos títulos ofertados:
  - Grao interuniversitario en Paisaxe coa Universidade da Coruña (2018-2019).
  - Máster interuniversitario en Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados coa Universidade de Vigo (2018-2019).
- Posibles de novos graos:
  - Estanse iniciando os traballos exploratorios para que ofertar un novo Grao en Robótica en substitución do Grao en Enxeñaría de Topografía e Xeomática e un Master en GIS e Modelización 3D.

## 2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

### Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

**Estándar:** o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratégico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro, recollidos na Programación Plurianual de Calidade do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan de Melloras de cada título, ou en conxunto do centro (as accións de mellora terán un apartado específico pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- Os procesos, procedementos e documentación do SGIC: necesidade de efectuar cambios na xestión do Sistema de Garantía Interna de Calidade.
- A información relativa á satisfacción dos grupos de interese, queixas ou reclamacións, así como das súas necesidades e expectativas.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

#### 1.- Vixencia da Política de Calidade

Os obxectivos de calidade, detallados no Manual Simplificado do SGC da EPS, seguen a estar vixentes posto que as circunstancias máis sobresaíntes que os ditaron non mudaron: a vixencia do decreto 222/2011 e o contexto de restricións orzamentarias que afecta ao mantemento de recursos humanos, materiais e esforzos de internacionalización.

#### 2.- Seguimento do Plano Estratégico (PE) e da Programación Plurianual (PP) do Centro

A continuación resúmese os aspectos máis destacados de cada unha das liñas estratéxicas nas que se estruturan PE17/20 e PP17/20.

##### Liña Estratégica 1: Mellorar a oferta formativa do centro

Nesta liña déronse pasos significativos na consecución dun catálogo de titulacións atractivo (Accións Estratéxicas 1.1.A. e 1.1.B.). Tras o desenvolvemento de dúas dobres titulacións entre o GEAA e o GFMN, así como entre o GEC e o GEXT, os traballos centráronse na proposta dun novo Grao Interuniversitario en Paixase (GP) e do Máster interuniversitario en Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados (MOESANT). Na actualidade estanse iniciando os traballos para explorar novas as posibilidades de ofertar un Grao en Robótica para o curso 19/20.

Tamén nesta liña, cumpríronse varias das accións relacionadas coa mellora da información e formación cara aos estudantes egresados (Accións Estratéxicas 1.2.A-C e 1.3A-C) aumentando a difusión de ofertas de emprego, realización de charlas formativas de orientación laboral, así como un traballo moi intenso para incrementar significativamente da bolsa de empresas para a realización de prácticas externas. Neste último punto, consideramos que as prácticas externas remunerados supoñen un gran aliciente para os alumnos (Acción Estratéxica 1.3.A), non obstante, de momento non se logrou convencer ás empresas que oferten este tipo prácticas. Respecto á oferta de cursos para especialistas nos distintos eidos formativos do centro (Accións Estratéxicas 1.2A-C) estimulamos dende o centro para que se aumente o catálogo actual.



### Liña Estratéxica 2: Calidade e SGC

Nesta liña destacan os aspectos relacionados coa implantación do Sistema de Garantía da Calidade (Acción Estratéxica 2.1.A.) como son o PE17/20, a PP17/20 e a revisión de procesos internos do SGC (Procedemento de Revisión de Guías Docentes, Procedemento de Acollida e o Procedemento de coordinación cos departamentos para a elaboración de temas de TFG). O fito máis importante foi a obtención da [certificación de implantación do SGC](#) en xullo de 2017 (que remata coa Acción Estratéxica 2.1.B). Durante este curso, sistematizouse a celebración de cursos e charlas sobre o SGC entre todos os colectivos do centro: alumnos (I Xornadas sobre o SGC da EPS), PDI e PAS (Cursos específicos organizados coa colaboración de persoal da Área de Calidade e Mellora dos Procesos da USC) (Accións Estratéxicas 2.1 A-D). Cómpre mellorar a asistencia en todos os colectivos en vindeiras edicións.

Están implantadas as enquisas de opinión para obter información sobre egresados, sobre a satisfacción dos recursos materiais ou sobre a satisfacción dos empregadores (Acción Estratéxica 2.2.E.). Sería interesante desenrolar enquisas de avaliación da adquisición de competencias por parte dos nosos estudantes. É de destacar a especificación en cada unha das guías docentes das materias dos graos do binomio metodoloxías vs. competencias desenvolvidas e actividade de avaliación vs. competencia avaliada durante o curso 2016-2017. Así como a obriga de constancia das viaxes de prácticas previstas e o semestre no que se realizarán.

Os principais problemas atópanse no desenvolvemento do obxectivo de ofrecer una oferta de cursos de formación docente dos/as profesores/as e promover debates multidisciplinares sobre métodos de innovación docente e avaliación (Accións Estratéxicas 2.3A e 2.3D). Non foi posible converter as ideas de traballo en actividades concretas por falta financiación. No vindeiro ano, para conquistar desenrolar totalmente o obxectivo estratéxico 2.3 centraranse nas Accións Estratéxicas 2.3B e 2.3C.

A Comisión de Calidade do Centro (CCC) reuniuse en 11 ocasións ao longo do curso 2016-2017 e, dando cumprimento ao Plan de Mellora do curso 14-15, publica os seus acordos na web, coa finalidade de acadar unha mellor transparencia e coñecemento das súas funcións por parte dos grupos de interese. Ademais, as ordes do día de todas as sesións son publicadas con antelación nas pantallas electrónicas do centro para dar publicidade aos traballos da CCC. Dende setembro de 2017, as Comisións de Títulos do Centro úníronse a este protocolo da CCC.

### Liña Estratéxica 3: Internacionalización

En concordancia con esta liña, a EPS de Enxeñaría organiza cada ano charlas informativas sobre mobilidade (coa participación do Servizo de Relacións Exteriores da USC) específicas para os alumnos de grao e de máster, facendo fincapé nos programas que mellor se adapten á titulación cursada e os requirimentos idiomáticos precisos (Accións Estratéxicas 3.1B e 3.1.C). Estreitouse a colaboración coa Vicerreitoría de Internacionalización e afondar na difusión dos programas de mobilidade entre o PDI, PAS e alumnado (Accións Estratéxicas 3.1D e 3.1.F), así como na organización do International Day na EPS para lograr que os alumnos entrantes actúen como correa de transmisión para atraer a novos alumnos estranxeiros á EPS (Acción Estratéxica 3.1E). Para mellorar a acollida deste colectivo, a EPS de Enxeñaría desenrolou o documento [FAQ's for incoming students in the EPS](#) de Enxeñaría onde se lles explica como e onde solucionar a maioría das súas dúbidas burocráticas á hora formalizar a matrícula (Acción Estratéxica 3.1E).

Durante o curso 16/17 seguiu traballando a reo para lograr ofertar aos alumnos da EPS dous dotes Graos en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural con dous parceiros estranxeiros (Accións Estratéxicas 3.2 A e 3.2 B): Universidade de Turín (Italia) e a Universidade Técnica Federal do Paraná (Brasil). Esperamos que nos meses iniciais do 2018 se logre formalizar documentalmente o acordo. Con todo, os índices de mobilidade en todos os colectivos do Centro son moi reducidos e cómpre seguir impulsando estas accións nos vindeiros anos (p.ex. no colectivo do PDI, en media, temos 3,8% e para o dos alumnos un 1,41%).

En colaboración co Campus Terra estanse levando a cabo cursos formativos en linguas estranxeiras (inglés) para PDI e PAS (Accións Estratéxicas 3.3 B). Do estudo levado a cabo polo Centro sobre a dispoñibilidade do PDI a dar clases en inglés (só o 30% contestou a enquisa), uns 25 docentes (representan o 46% dos que responderon a enquisa) están dispostos a dar clase en inglés pero só 12 deles teñen o B2 e 3 un certificado superior. Non obstante, o Centro estudará accións para tentar articular unha oferta en linguas estranxeiras das titulacións (Acción Estratéxica 3.3 C).

### Liña Estratéxica 4: Xestión e Organización

Nesta liña, destaca o remate dos traballos para formular o novo Regulamento de Réxime Interno adaptado ás novas normativas da USC (cumprimentándose Acción Estratéxica 4.1.A). Este documento, foi aprobado na Xunta de Escola

do día 11/12/17 e esta pendente do informe da Asesoría Xurídica e a súa posterior aprobación polo Consello de Goberno.

Con data 13/07/2017 implementouse o uso da Aplicación de Axuda aos Sistemas de Xestión (AASX) para utilizar na Comisión de Docencia, Validacións e Intercambio de xeito que a documentación poda estar no mesmo sistema que a documentación da Comisión de Calidade (Acción Estratéxica 4.2.C). A intención é estendelo ao resto de Comisións delegadas de Xunta de Centro.

Renováronse as normativas de TFG/TFM e modificouse o procedemento propio do Centro para comunicación cos departamentos no proceso de asignación de temas e titores (Acción Estratéxica 4.3.A).

#### Liña Estratéxica 5: Relacións coa sociedade

Nesta liña, a EPS de Enxeñaría mantén unha presenza activa nas redes sociais (1383 seguidores en Facebook e 291 en Twitter) e un programa de visitas as centros de ensino medio para potenciar os títulos. Concretamente, este ano realizáronse 22 visitas particularizadas a centros de ensino medio de toda Galicia e emprendeuse unha campaña de aparición nos medios de comunicación co fin de animar a presenza das titulacións nos medios e incrementar a repercusión na sociedade (Accións Estratéxicas 5.1A e 5.1.B). Non obstante, debemos insistir no futuro en accións deste tipo porque a matrícula non se incrementa significativamente e segue sendo inferior ao número de prazas ofertadas, excepto dobre grado de GEAA-GEFMMN.

Co fin facer máis visibilidade o nexo común de todas as titulación de centro (a enxeñaría), cambiouse (aprobado pola Consellería de Educación o 13/06/2017) de denominación do centro pasando a ser EPS de Enxeñaría e facelo mais atractivo aos futuros discentes (Accións Estratéxicas 5.1.B).

Neste curso formalizouse a composición do Comité Externo Consultivo, que se constituíu finalmente en novembro de 2017 por problemas de axenda das persoas participantes. Este Comité Externo Consultivo que é global para toda a Escola Politécnica Superior de Enxeñaría conta con tres representantes específicos de todos os ámbitos das enxeñerías impartidas na Escola e analizarán de forma pormenorizada aspectos concretos dos Graos que permiten elaborar un perfís do egresado en consonancia coas necesidades do mercado (Acción Estratéxica 5.2.A) e en decembro o Centro decidiu iniciar os traballos para concorrer ao premio ARESA e visibilizar o centro ante a sociedade (Accións Estratéxicas 5.1 A e 5.1 B).

Cómpre resaltar o aumento do número de Convenios do centro con diferentes axentes do tecido empresarial e a organización anual das Xornadas de Orientación Laboral (Acción Estratéxica 5.2.B). Nos últimos tempos, o Centro está favorecendo o uso das instalación a múltiples eventos sen ánimo de lucro, e abertos a cidadanía para promoción das súas actividades (Acción Estratéxica 5.3.B). Para o próximo ano, estase estudando a posibilidade de establecer un oco nos horarios para divulgación das actividades de investigación que se desenvolven no centro (Acción Estratéxica 5.3.C).

#### Liña Estratéxica 6: Infraestruturas e instalacións

Por problemas de orzamento (denegáronse as axudas solicitadas), non foi posible a renovación prevista do equipamento para a docencia do laboratorio de Edafoloxía (Acción Estratéxica 6.2.D) nin para as aulas de informática (só se puideron mercar, con fondos propios do Centro, dous ordenadores novos e a actualización doutros 5 con discos duros SSD dos 50 previstos). Cómpre seguir con estas accións de mellora nos vindeiros cursos dada alta obsolescencia do material informático e, en función das dispoñibilidades orzamentarias, renovoalo.

Neste curso cambiáronse 4 proxectores dos Seminarios I, II, da Aula 18 e do Salón de Actos (Acción Estratéxica 6.2.C.). Tamén se levou a cabo (con recursos do Centro) reorganizacións e mellora de locais (división aulas 18 e 19, nova aula no laboratorio de Dasometría, actualización dos seminarios 1 e 2, e unha reestruturación de espazos no segundo andar do pavillón central para construír un novo despacho para a Xestora do Centro) e a construción dun laboratorio-adega coas axudas concedidas polo Campus Terra e a mellora do laboratorio de Xeomática a través das axudas do Plan de Viabilidade (Acción Estratéxica 6.2.E e 6.2.F). En canto as infraestruturas que non dependen do Centro (da Área de Infraestruturas da USC) non logrou substituír a caldeira de calefacción en mal estado, imprescindible para cumprir coa Acción Estratéxica 6.2.I., por unha máis moderna e ecolóxica.

Respecto da Acción Estratéxica 6.2.H, o centro mantén e asume o control periódico sobre os servizos externalizados.

En relación as accións estratéxicas do obxectivo 6.3, abordouse a información sobre equipamento na guía do estudantado. No próximo curso, cómpre rematar co proceso en marcha de elaboración das fichas de equipamento de cada laboratorios de docencia e nomeamento das persoas responsables destes locais. O próximo curso abordarase como unha acción de mellora a identificación homoxénea e coherente de todos os espazos do Centro.

Dadas as altas necesidades de renovación das infraestruturas na EPS de Enxeñaría, completar esta liña estratéxica dependerá das capacidades futuras de financiamento.

## 2.- Seguimento dos Planos de Melloras Anteriores

Neste apartado realízase unha análise dos aspectos máis destacados das Accións de Mellora programadas no curso da memoria, tanto no Centro, en convocatorias de Axudas de Docencia, como nas diferentes titulacións. O seu estado de execución é unha das fontes principais para as accións que posteriormente se propoñen.

### Evolución do Plan de Melloras do Centro

No curso 2016-2017 desenvolvéronse 12 accións de mellora incluídas no [Plan de Melloras do Centro](#), das cales 10 remataron en tempo e forma e dúas delas (AM-1, AM-2) non se puideron executar totalmente por falta de financiamento (mellora do laboratorio de Edafoloxía e actualización do equipamento das aulas de informática). Non obstante, acadouse financiamento para as accións adicadas a fomentar a cultura de calidade no Centro (AM-4, AM-6) e mellora da empregabilidade dos egresados (AM-8, AM-11). Un fito máis importante foi a obtención da [certificación de implantación do SGC](#) en xullo de 2017 (AM-7) e a mellora dos procedementos planificados (AM-8). Tamén se realizou un traballo intenso na procura de novas titulacións (AM-10) para o Centro participando na elaboración da memoria para o Grao en Paixase (coordinado pola U. da Coruña) e liderando a elaboración da memoria do Máster Interuniversitario en Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados (participa a U. de Vigo). O programa de enquisas continua a desenvolverse engadindo, pouco a pouco, novas tomas de datos. Queda por resolver o problema de Web, dado que a proposta feita pola Oficina Web da USC, non supón ningunha mellora substancial na ordenación e mellora d disposición da información presentada. Urxe, no futuro próximo, mellorar a versión en inglés da Web do Centro. Tamén queremos destacar Extensión do Premio Enxeñaría e Muller Rural ao conxunto de títulos de grao da EPS en liña para a Conxerencia do centro co II Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da USC (AM-12). A análise detallada do desenvolvemento das Accións de Mellora da Memoria de Centro 2016-2017 pode ser consultada no ficheiro **anexo [ANEXO\\_CENTRO\\_AM.pdf](#)**.

### Evolución do Plan de Melloras do Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural

No curso 2016-2017 desenvolvéronse [sete accións de Mellora](#), a primeira delas derivada do Plan de Melloras resultante da acreditación do título e as outras seis procedentes do informe de seguimento para dito curso. Non houbo accións propostas polo Comité Consultivo da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría xa que este comité, formado por empresas e colexios profesionais, foi constituído a 10 de novembro de 2017, data posterior á finalización do curso 2016-2017.

As sete accións de mellora, incluíndo as subtarefas correspondentes, foron rematadas durante o curso. Algunhas delas volverán a ser propostas á Comisión de Calidade do Centro para ser incluídas no Plan de Melloras do título para o curso 2017-2018 xa que os indicadores da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos e os resultados das enquisas da USC e as propias do centro así o aconsellan. Compre destacar a boa marcha do traballo que realiza a Comisión de Título, que con unhas once reunións ao ano, analiza de forma pormenorizada aspectos concretos do Grao (por exemplo, difusión da oferta formativa de contido forestal do centro entre os potenciais estudantes, mellora da formación práctica dos alumnos, fomento da mobilidade estudantil, etc.) que permiten ofertar un servizo de calidade ós estudantes e elaborar un perfil do egresado consoante coas necesidades da sociedade.

A análise detallada do desenvolvemento das Accións de Mellora da Memoria de Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural do curso 2016-2017 pode ser consultada no ficheiro **anexo [ANEXO\\_GEFMN\\_AM.pdf](#)**

### Evolución do Plan de Melloras do Grao en Enxeñaría Civil

No curso 2016-2017 desenvolvéronse [tres accións de mellora](#) incluídas no informe de seguimento. Todas foron rematadas en tempo e forma durante o curso, aínda que vai a ser preciso manter algunha das tarefas tamén nos vindeiros cursos, reformuladas como accións de mellora ou incorporadas como boas prácticas na organización do SGC.

A acción de mellora GEC-AM1 consistiu e dar cumprimento aos puntos que faltaban por tramitar do plan de melloras derivado da renovación da acreditación. Contaba con seis tarefas de diversos aspectos do título (mellora do procedemento de Traballos Fin de Grao, revisión de programacións docentes TFG, difusión da cultura de calidade do centro, etc.) e todas elas se realizaron axeitadamente.

A acción GEC-AM2 refírese á realizar diversas acción de promoción e visibilización do título, con dúas tarefas

relacionadas coa organización de conferencias, actos académicos e outro tipo de actividades. Aínda que se realizaron un número significativo de actividades, cómpre continuar a traballar na mesma liña nos seguintes cursos académicos, xa que o número de matriculados non é o requirido.

A acción GEC-AM3 refírese á mellora da calidade dos indicadores para a realización de seguimento, tanto no relativo á incrementar a taxa de resposta por parte dos grupos de interese nas enquisas que realiza a ACMP, como mediante a realización de enquisas propias do centro para complementar aqueles aspectos non completamente recollidos. Aínda que se realizaron correctamente as dúas tarefas, é necesario manter esta dinámica nos seguintes cursos na medida das posibilidades de financiamento, sobre todo para o procesado dos resultados das enquisas propias. A análise detallada do desenvolvemento das Accións de Mellora pode ser consultada no ficheiro **anexo [ANEXO\\_GEC\\_AM.pdf](#)**.

#### **Evolución do Plan de Melloras do Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria**

Para o curso 16-17 se levaron a cabo **5 accións de mellora**, que tiveron a súa orixe na reflexión feita para o informe de seguimento do curso anterior, en base á análise dos datos dispoñibles e a información recibida por outras canles. Todas elas foron executadas, aínda que para obter ou consolidar as melloras desexadas semella necesario seguir insistindo nalgúns aspectos e mesmo afondar noutros, o que se recollerá no plan de melloras para o próximo curso.

En xeral as tarefas orientadas a transmitir información ós estudantes foron ben acollidas. Algunhas deron resultados claros xa neste curso, como a relativa ás prácticas en empresa (GEAA\_AM-5.2). Noutras, como a relativa a linguas e mobilidade (GAA\_AM-3), os resultados poden só poden verse nos próximos cursos, polo que compre manter o esforzo e ir analizando os resultados.

A coordinación de materias a diferentes niveis, como a plantexada en GEAA\_AM-1, presentouse difícil de artellar e con resultados moderados. Pero polo seu grande interese compre seguir afondando nestes temas.

As actividades realizadas dentro da tarefa GEAA\_AM-5.1, relativa á orientación laboral, tiveron menor seguimento do previsto e desexado, por unha insuficiente percepción do seu interese por parte do alumnado obxectivo. Dado que segue a considerarse una liña de acción necesaria se está a afondar no tema, fomentando a participación do alumnado na definición das actividades.

A análise detallada do desenvolvemento das Accións de Mellora pode ser consultada no ficheiro **anexo [ANEXO\\_GEAA\\_AM.pdf](#)**.

#### **Evolución do Plan do Máster Universitario en Enxeñaría de Montes**

No curso 2016-2017 desenvolvéronse **seis accións de mellora** derivadas todas elas do informe de seguimento para o citado curso. Non houbo accións propostas polo Comité Consultivo da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría xa que este comité, formado por Empresas e Colexios Profesionais, foi constituído a 10 de novembro de 2017, data posterior á finalización do curso 2016-2017.

As seis accións de mellora foron rematadas durante ou curso aínda que algunhas delas volverán propoñerse durante o curso 2017-18 debido a que é necesario dar continuidade ás actuacións para difundir a titulación, para favorecer a mobilidade do alumnado, para mellorar a información achegada aos estudantes e para coñecer a opinión dos nosos egresados, entre outras cousas. Durante o curso académico a comisión de título reuniuse 12 veces para analizar o desenvolvemento do curso e das actuacións de mellora propostas de modo que se poidan realizar modificacións para adaptarse ás diferentes circunstancias.

A análise detallada do desenvolvemento das Accións de Mellora da Memoria de Máster en Enxeñaría de Montes 2016-2017 pode ser consultada no ficheiro **anexo [ANEXO\\_MEM\\_AM.pdf](#)**.

#### **Evolución do Plan do Melloras Máster Universitario en Enxeñaría Agronómica**

No curso 2016-2017 desenvolvéronse **6 accións de mellora** incluídas no Plan de Mellora, as cales remataron en tempo e forma (MEA\_AM-1, MEA\_AM-7 a cal debía estar nomeada AM-6).

Para acadar a MEA\_AM-1 (a matrícula non alcanza a oferta de prazas a pesares dunha evolución positiva) decidiuse A Comisión de Título, na súa reunión de 11 de Xaneiro de 2017 acordou solicitar ao SXOPRA unha redución da oferta de prazas a 25. Así figura na páxina web da USC. Non obstante, segundo comunicación do SXOPRA do 8 de xuño de 2017, esta solicitude non foi atendida quedando a oferta de prazas para o curso 2017-2018 en 36 prazas. Ademais, se incrementaron os esforzos de promoción do título nos Graos existentes na Escola con charlas anuais; e se intentou incrementar as visitas e envío de información a outros centros próximos que imparten o Grao, acción que non se conseguiu debido as retencencias dos centros de interese.

A MEA\_AM-2 estivo motivada na escasa mobilidade por parte do alumnado do título, para o cal organizouse unha



charla sobre o programa de prácticas Erasmus<sup>+</sup> o día 17 de outubro de 2017 co Servicio de Relacións Exteriores da USC do campus de Lugo. Os alumnos mostraron interese, pero as competencias lingüísticas en lingua estranxeira lles restrinxen a mobilidade.

A MEA\_AM-3 está motivada pola baixas taxas de participación do profesorado nas accións formativas poderíanse mellorar, polo que se decidiu solicitar cursos de formación en ferramentas de docencia que podan contribuír a mellorar os indicadores de resultados do alumnado e os de satisfacción do profesorado. Solicitouse axuda económica para a organización dos devanditos cursos que non foi concedida na convocatoria de axudas para a consecución de accións de mellora da docencia, convocatoria curso 2016-2017.

A MEA\_AM-4, motivada pola baixa participación nas enquisas, levou campañas de sensibilización e accións que contribuísen a crear cultura da calidade no centro. Non se conseguiu un índice de participación significativo nas enquisas propias do título sobre docencia práctica dirixida a matriculados e egresados.

A MEA\_AM-5 estivo dirixida a mellora da satisfacción cos recursos materiais a pesares de que se consideran aceptables. Decídese realizar un informe sobre as necesidades de recursos materiais do título e facer a petición correspondente ao Vicerreitorado do Campus de Lugo.

Finalmente, a MEA\_AM-7 (realmente sería a MEA\_AM-6) estivo motivada pola escasa satisfacción do alumnado coa organización académica a pesares dos esforzos realizados até o momento: horarios e entregas de prácticas. Decídese a realización dun informe sobre os aspectos concretos que causan insatisfacción coa organización académica e deseño de medidas en función dos resultados. Pasouse unha enquisa ao alumnado do Máster sobre a satisfacción coa docencia práctica para indagar nos factores que explican a insatisfacción xeral coa docencia práctica. Non se puideron extraer medidas debido a escaseza das respostas recibidas nas enquisas.

A análise detallada do desenvolvemento das Accións de Mellora da Memoria de Centro 2016-2017 pode ser consultada no ficheiro [anexo ANEXO\\_MEA\\_AM.pdf](#).

#### [Evolución do Plan do Máster Universitario en Dirección de Proxectos](#)

No curso 2016-2017 desenvóléronse as [catro accións de mellora](#) incluídas no informe de seguimento en tempo e forma durante o curso. Cabe destacar, pola importancia dos datos recadados á hora de elaborar o informe de seguimento, o éxito da acción de mellora implementada no curso 15/16 e que perdura na actualidade, consistente en reservar un espazo temporal para que os alumnos cubran as enquisas, durante algunha das sesións expositivas. Esta acción permitiu acadar no curso 16/17 un 100 % de participación na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida.

Destacar así mesmo a crecente proxección internacional do máster en dirección de proxectos, coa participación dos nosos alumnos en eventos de carácter competitivo de carácter internacional (ata o de agora xa se estaba a participar no campionato internacional de dirección de proxectos). Coa implementación da acción de mellora AM-1 “Fomentar a participación do alumnado na competición Global eCollaboration Competition (GeCCo)” acadamos que concorreuse ao referido campionato o egresado do curso 15/16, José Mario Mora, na edición celebrada en novembro de 2016, e acadando o equipo no que se integraba o primeiro premio do referido campionato.

A análise detallada do desenvolvemento das Accións de Mellora da Memoria de Centro 2016-2017 pode ser consultada no ficheiro [anexo ANEXO\\_MDP\\_AM.pdf](#)

#### [Evolución do Plan do Melloras Máster Universitario en Xestión Sustentable da Terra e do Territorio](#)

No curso 2016-2017 desenvóléronse [cinco accións de mellora](#) incluídas no informe de seguimento, a maioría delas (MTT\_AM-1 a MTT\_AM-4), derivadas das recomendacións da Comisión avaliadora da ACSUG para a renovación da acreditación do título e reflectidas no informe final de avaliación. Das cinco accións de mellora, tres foron rematadas en tempo e forma durante o curso (MTT\_AM-1 a MTT\_AM-3), mentres que as outras dúas (MTT\_AM-4 e MTT\_AM-5) se manteñen para o curso actual, xa que, considérase que ámbalas dúas teñen un carácter plurianual cara a mellora da difusión e captación de estudantes do máster, así como, para a súa organización e desenvolvemento.

A análise detallada do desenvolvemento das Accións de Mellora pode ser consultada no ficheiro [anexo ANEXO\\_MTT\\_AM.pdf](#)

#### [Evolución do Plan do Melloras Máster Interuniversitario en Arquitectura da Paisaxe Juana de Vega](#)

No curso 2016-2017 as [accións de mellora do máster interuniversitario](#) coordinado pola UDC, que foron desenvolvidas pola EPS de Enxeñaría foron as seguintes:

- A elaboración de regulamento específico para o TFM e a emisión do suplemento europeo ao título (SET). En relación a emisión do SET, o inicio de procedemento de emisión foi o 3 de maio de 2017, para os dous títulos

do máster (o antigo: 2010-2014 e o novo: 2015). Os documentos foron enviados pola coordinadora á xestora do centro para a súa tramitación.

- En relación co regulamento de TFM, intentamos axustar os tempos ós graos e máster da EPS, pero dado que era preciso acomodar o regulamento as normativas da USC e da UDC o proceso alargouse no tempo. A UDC fixo cambios no seu regulamento en xuño de 2017 o que obrigou a revisalo nestas datas. Finalmente o regulamento aprobado en Comisión interuniversitaria foi enviado pola coordinadora da USC á dirección do centro para a súa aprobación en Xunta de Escola con data de 21 de decembro de 2017. Os pasos que seguen son a revisión pola Asesoría Xurídica e a aprobación se procede polo Consello de Goberno.

### 3.- Os procesos, procedementos e documentación do SGC: necesidade de efectuar cambios na xestión do Sistema de Garantía Interna de Calidade.

O feito máis importante, no curso 2016-2017, respecto ao Sistema de Garantía de Calidade (SGC) foi a obtención da Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade no mes de xullo de 2017. As modificacións que proveñen da certificación da implantación están pendentes de aplicación. Este retraso na aplicación é debido a que as suxerencias obtidas no proceso de certificación da implantación están sendo empregadas pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos para a elaboración dunha nova versión do formato do Manual de Procedementos de aplicación para todos os centros da USC. O lóxico é esperar a esta nova versión para reanalizar as modificacións previstas. Non obstante, e no marco do compromiso da EPS de Enxeñaría de actualización permanente, temos a intención de levar a cabo as seguintes accións:

- As modificacións derivadas da certificación da implantación do SGC.
- Cómpre sistematizar a actividade de calidade que se ven desenvolvendo no Centro e plasmalo nun documento onde cada actividade teña un calendario claro e que todas as titulacións do Centro vaian coordinadas na súa aplicación. A previsión é que a CCC poida aprobar unha primeira versión para implantala no curso académico 18/19.
- PC-04 Planificación das Ensinanzas (Po1-PC-04 Elaboración do plan docente anual do centro; Po2-PC-04 Elaboración dos horarios e calendario de exames; Po4-PC-04 Programación das materias)
- PC-11 Avaliación da Aprendizaxe. Están programadas para desenvolverse durante o segundo cuadrimestre do curso 2017-2018.

### 4.- A información relativa á satisfacción dos grupos de interese, queixas ou reclamacións, así como das súas necesidades e expectativas.

Non se recibiron queixas para ningún dos títulos na oficina do Valedor pero si na Oficina de Análise das Reclamacións (OAR) que recibiu 1 queixa en relación aos exames realizados na docencia E4031V01 do programa de Doutoramento en Investigación Agraria e Forestal. Unha vez notificado o expediente, o Centro remitiu toda a información requirida pola OAR en tempo e forma. Na actualidade, estase á espera do informe que elabore a instrutora do caso.

As queixas e suxestións tamén poden ser recibidas no Centro onde existen procedementos para resolvelas. No curso 2016-2017 presentáronse 3 peticións de cambio de horarios que, unha vez examinadas, foron todas aceptadas. Tamén se tramitou unha queixa presentada polo alumnado da materia de Obras Hidráulicas (G4041325), de terceiro curso do Grao de Enxeñaría Civil, en relación á impartición da mesma. Esta incidencia púxose en coñecemento da Secretaría Xeral que decidiu abrir un expediente informativo para o esclarecemento e valoración dos feitos e nomear unha instrutora para o caso (tamén en proceso de resolución).

Asemade rexistráronse un total de 8 incidencias a través do sistema establecido como resultado das accións de mellora do curso 2014-2015. Das 8 incidencias, 2 queixas foron presentadas polo mesmo profesor: unha respecto ao desorde existente no laboratorio (non se recolleu o material empregado na clase anterior por parte do responsable da docencia) e outra porque se atopou o encerado sen borrar ao inicio da súa clase. As restantes 6 queixas están relacionadas co mal funcionamento da calefacción. A este respecto, solicitouse da oficina técnica unha revisión da caldeira xa que falla con moita frecuencia debido a súa antigüidade, non obstante, non hai prazos para reemplazala debido a falta de fondos.

Indicar que o número total de queixas e incidencia diminúe un 39% respecto as presentadas o curso pasado.

5.- Formulación de accións de mellora do centro para o curso 2017-18

- Modificación e Publicación do Manual do SGC e do Manual dos Procesos Documentados para adecualos aos cambios esixidos no informe de certificación do SGC.
- Elaboración e publicación dun documento que recolla e temporece todas as actividades periódicas no ámbito da calidade docente da EPS de Enxeñaría.
- Fomentar a cultura de calidade no centro organizando un obradoiro sobre o SGC (coa participación da ACMP da USC) dirixidos a tódolos colectivos do centro, especialmente ao alumnado de primeiro curso.

## Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

**Estándar:** O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación e revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Resultado da análise realizada de todas as accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
  - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire;
  - cumprimento de guías docentes;
  - procedementos de coordinación,
  - resultados de materias e títulos;
  - análise do perfil real de ingreso/egreso,
  - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Nesta sección analizaremos os indicadores requiridos nesta directriz a nivel de titulación.

### 1.- Análise dos indicadores da Directriz 2 para o Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural

Durante el pasado curso académico 2016-2017 la Comisión del Grado en Ingeniería Forestal y del Medio Natural de la Universidad de Santiago de Compostela desarrolló las actividades de diseño, revisión y mejora de la titulación en el ámbito de su competencia. Sus trabajos y logros quedan reflejados en el preceptivo autoinforme de seguimiento anual, en el que se examina la evolución del Grado durante el curso 2015-2016 y se propone el Plan de Acciones de Mejora correspondiente para el curso siguiente. Las acciones de mejora recogen lo que establece el Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación para esta titulación, informe de fecha 24 de mayo de 2016 que resultó ser favorable. El informe de seguimiento se fundamenta en los indicadores elaborados por el Área de Calidad y Mejora de los Procedimientos de la USC y se basa además en las encuestas que realizó la Comisión de Título entre los estudiantes, egresados y profesores de la titulación.

Las guías docentes de todas las asignaturas del grado fueron revisadas y mejoradas con vistas a su aplicación en el curso 2017-2018. Las guías de la titulación ya eran documentos de calidad debido a las sucesivas revisiones a que habían sido sometidas en cursos anteriores, por lo que en el curso 2016-2017 la mejora de las mismas se centraba solamente en tres aspectos:

- coherencia interna de cada guía docente, de modo que no existieran discrepancias entre los diversos valores que se aportan a lo largo del texto de la guía (principalmente cargas horarias)
- coherencia entre las guías docentes de la titulación, de modo que entre todas las asignaturas quedaran cubiertas todas las competencias que aparecen recogidas en la Memoria del Título
- adecuación de las guías docentes a la Memoria de la titulación (principalmente en relación a objetivos, contenidos y criterios de evaluación).



Para el título existe una Memoria verificada desde 2011, que fue modificada en 2016. La implantación de la Memoria modificada se está realizando progresivamente, comenzando por las asignaturas del primer año del Grado en el curso académico 2017-2018. De este modo, en la revisión de guías docentes para su implantación en el curso 2017-2018 ya se adecuaron las guías de primer curso a la Memoria modificada mientras que las guías de los cursos segundo, tercero y cuarto todavía se ajustaban a la Memoria verificada.

La necesidad de efectuar trabajos de coordinación llevó a las reuniones de la Comisión de Título tareas como la elaboración del horario de clases, el calendario de exámenes para el siguiente curso académico así como la coordinación de horarios con el Grado de Ingeniería Agrícola y Agroalimentaria para posibilitar la asistencia a clases y exámenes de los alumnos que cursan el Doble Grado en Ingeniería Forestal y del Medio Natural y en Ingeniería Agrícola y Agroalimentaria. Otras actividades de coordinación fueron las dirigidas a no sobrecargar de trabajo a los estudiantes de forma no controlada, para lo cual se procuró reducir el número y extensión de los trabajos a presentar por los alumnos en cada asignatura y se distribuyeron las fechas de entrega de los diferentes trabajos a lo largo del semestre.

Para ofertar un valor adicional a la formación que reciben los estudiantes del Grado se inició la tramitación de dos dobles titulaciones de ámbito forestal: un doble grado entre la USC y una universidad italiana y otro doble grado entre la USC y una universidad brasileña.

El análisis del rendimiento académico de los estudiantes de la titulación permite observar que las tasas de rendimiento, éxito y evaluación mejoran notablemente respecto de cursos anteriores pero son bajas en comparación con la media de la Universidad. Las tasas de éxito y evaluación son más altas en los últimos cursos de la titulación.

Así mismo, los indicadores que tratan de cuantificar el tiempo y esfuerzo necesario para completar los estudios de Grado son desfavorables (tasa de idoneidad y de graduación muy bajas, tasas de abandono elevadas y en aumento). Estos resultados son preocupantes ya que pueden desalentar a futuros estudiantes que estén valorando acceder a los estudios del Grado en Ingeniería Forestal y del Medio Natural. Por ello, es necesario dar a conocer la titulación entre los estudiantes de enseñanza secundaria con vistas a la muy necesaria captación de alumnado y también para informarles sobre el nivel de exigencia en esta titulación de ingeniería, evitando que una parte significativa de los estudiantes del grado desistan de continuar con él al comprobar que los estudios no se ajustan a sus expectativas. Las labores de promoción de la titulación deben centrarse en la provincia de Lugo, que es la principal zona de abastecimiento de alumnos de nuevo ingreso, pero sin descuidar otras provincias ya que el objetivo no es mantener los números actuales en cuanto a captación de alumnado sino aumentarlos significativamente.

Los estudiantes y egresados son cada vez más vocacionales y consideran que la titulación que cursan o acaban de cursar es prestigiosa y en su mayoría la recomendarían a futuros estudiantes. El grado de satisfacción que declaran con la docencia recibida es aceptable y va en aumento. De hecho, gran parte de los alumnos de nuevo ingreso han conocido la titulación por medio de personas de su entorno, perdiendo influencia en este curso la captación de alumnado a través de charlas en centros de enseñanza secundaria (programa A ponte y otros). El profesorado se muestra así mismo satisfecho con la docencia impartida.

Son escasos los estudiantes que cursan prácticas externas pero las valoran muy positivamente. Los resultados de inserción laboral de los egresados de la titulación son favorables si bien el nivel de subempleo es todavía elevado.

Ante la escasez de alumnos que participan en las encuestas de calidad docente se propone retornar al sistema de encuestas presenciales en sustitución del sistema de encuestas por vía telemática.

En los siguientes apartados de esta Directriz 2 se incluyen los informes elaborados por los diferentes miembros de la Comisión de Título, en los que se analiza de forma detallada la información procedente de los indicadores y evidencias disponibles. Se observa que algunos apartados están redactados en castellano y otros en gallego, debido a que fueron diversos los redactores que han contribuido a la elaboración de este documento.

### 1.1. Resultados de las materias y del título

Para analizar los resultados de las materias y del título se consideró la Evidencia 25: Análisis de los informes de las calificaciones de cada una de las materias del título. Este análisis se basa en la información recogida en los siguientes indicadores e informes:

INF 15 (grado)  
INF 15 (doble grado),

elaborados por el Área de Calidad y Mejora de los Procedimientos de la USC.

Para efectuar este informe se analizaron las calificaciones obtenidas por los estudiantes en las 53 asignaturas del Grado en Ingeniería Forestal y del Medio Natural para el curso 2016-2017. El número de alumnos matriculados por materia se encontraba entre 3 y 65, con una media de 21 alumnos por asignatura. La distribución de las calificaciones obtenidas por los alumnos en la “asignatura promedio” durante el pasado curso 2016-2017 fue la siguiente:

aprobado	36 %
notable	29 %
sobresaliente	9 %
matrícula de honor	2 %
suspense	11 %
no presentado	12 %
renuncia	1 %

Hay que valorar positivamente que el 76 % de los alumnos superó las asignaturas en las que estaba matriculado y que el porcentaje asciende al 86 % si se tiene en cuenta solo a los alumnos que se presentaron a las pruebas de evaluación. Este último porcentaje es algo superior al 83 %, valor obtenido en el curso precedente (2015-2016). El porcentaje de suspensos fue tan solo de un 11 % de los matriculados, moviéndose este porcentaje en un rango del 0 % al 49 %, según materias. (En 24 de las 53 asignaturas analizadas no hubo suspensos y solo en cinco materias hubo más de un 30 % de suspensos.) Así mismo, en casi todas las materias hubo diversidad de calificaciones. Un aspecto a mejorar es la escasez de calificaciones elevadas (sobresalientes y matrículas de honor).

Durante el pasado curso académico 2016-2017 el porcentaje de alumnos que se presentaron a las pruebas de evaluación fue el 87 % del total de matriculados, variando en un amplio rango que va del 33 % al 100 %, dependiendo de las asignaturas. Debe destacarse que solo en tres materias el porcentaje de alumnos que se presentaron a examen fue inferior al 70 % de los matriculados. Es positivo señalar que el porcentaje de alumnos presentados (87 %) es algo superior al 79 % del curso precedente (2015-2016).

### 1.2. Análise do indicador I12: Análise dos resultados do título (grao)

#### 1.2.1. Fontes de información

Este análisis basease na información recollida nos seguintes indicadores e informes:

IN34-S01-PM-01 Taxa de rendemento (global)  
IN35-S01-PM-01 Taxa de éxito (global)

IN36-S01-PM-01 Taxa de avaliación (global)  
 INF. 17 Informe da taxa de éxito por materia  
 INF. 18 Informe da taxa de rendemento por materia  
 INF. 19 Informe da taxa de avaliación por materia  
 INF. 20 Informe de abandono potencial  
 IN37-S01-PM-01 Taxa de graduación  
 IN38-S01-PM-01 Duración media dos estudos  
 IN40-S01-PM-01 Taxa de abandono durante o primeiro curso  
 IN41-S01-PM-01 Taxa de abandono RD 1393  
 IN49-S01-PM-01 Taxa de éxito dos egresados universitarios IN50-S01-PM-01 Taxa de idoneidade na graduación  
 250235\_Inf.\_SIIU(1)\_2017-17  
 250235\_Inf.\_SIIU(2)\_2017-17  
 Indicadores de resultados SIIU [Excel].

Para este informe, mentres non se indique o contrario, analizáronse os resultados para os cursos dos que hai datos dispoñibles. Para o grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural analizáronse os cursos comprendidos entre o 2010-2011 ó 2016-2017.

#### 1.2.2. Taxa de rendemento global e por materia (indicador IN34-S01-PM-01 e informe INF. 18)

A Taxa de rendemento global calculase como a porcentaxe entre o número de créditos ordinarios superados respecto do número de créditos ordinarios matriculados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados) e permite cuantificar a facilidade o dificultade ca que os estudantes superan as materias nas que se matriculan.

A Taxa de rendemento global do curso pasado (2016-2017) indica que o alumno medio superou o 59,74 % dos créditos matriculados o que supón un incremento respecto o curso anterior (50,33 %) e recuperando os valores de anos precedentes. Este valor sigue estando por debaixo dos valores medios da universidade (78,31 %), aínda que esta é unha tendencia xeral nas ensinanzas técnicas en España.

A taxa global de rendemento manifesta unha tendencia a alza ó longo do período considerado (2010-2017) comezando cun valor do 43,34 % no curso 2010-2011 e acadando o 59,74 % no 2016-2017. Así mesmo é destacable tamén a tendencia a acurtar as diferencias ca media da universidade, pasando de unha diferenza de 25,99 puntos no curso 2010-2011 a unha diferenza de 19,07 puntos no curso 2016-2017.

A Taxa de rendemento global é superior nos dos últimos cursos da carreira que nos primeiros (1º: 46,96 %; 2º: 49,08 %; 3º: 89,31 % e 4º: 74,72 %), acadándose taxas de rendemento máis altas en terceiro. Esta tendencia mantense ó longo do período estudado.

A Taxa de rendemento por materia durante o curso 2016-2017 moveuse nun rango de variación entre o 0 % e o 100 %. Os valores do 0 % corresponderon as materias "OPTGINT003 e OPTGINT005- Créditos Optativos Cursados en Réxime de Intercambio". Dentro das materias normais do Plano de Estudos a taxa máis baixa de rendemento por materia cursada corresponde ó Traballo de Fin de Grao cun 14,29 %. Este dato supón un forte descenso respecto o ano anterior (50 %), o cal pode ser un reflexo dos cambios na normativa de matriculación, xa que os alumnos están obrigados a matricularse no Traballo de Fin de Grao dentro do prazo xeral de matrícula ordinaria que establece a Universidade, pero polo que parece a maioría non remata dentro do mesmo curso académico. Cabe destacar que un 29,5 %, é dicir 12 de 55 das materias foron superadas por un 100 % de los alumnos, porcentaxe que mellora respecto o ano anterior. Así mesmo 14 materias tiveron taxas de rendemento por debaixo do 50 % o que supón unha importante mellora respecto a ano anterior, no que este número chegaba a 20. Analizando curso a curso podemos observar que todas as materias cas taxas de rendemento máis baixo pertencen os dous primeiros cursos da carreira (6 de primeiro curso e 7 de segundo) onde se imparten as materias básicas, mellorando notablemente o rendemento nos cursos superiores ca excepción, xa mencionada, do Traballo Fin de Grao.

Finalmente indicar que a taxa de rendemento global dos alumnos do curso ponte de acceso ó Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural durante o curso 2016-2017, foi de un 62,5 %, moi superior a do curso anterior (46,15 %)

aínda que o número de alumnos foi tamén menor, tan so 5 alumnos fronte os 15 do curso anterior. O rendemento por materias destes alumnos segue a mesma pauta que para os alumnos do Grao de Enxeñaría Forestal e do Medio Natural con taxas de rendementos máis baixas en materias básicas dos primeiros cursos (Matemáticas I e Matemáticas II).

#### 1.2.3. Taxa de éxito global e por materia (indicador IN35-S01-PM-01 e informe INF. 17)

A Taxa de éxito calcúlase como a porcentaxe do número de créditos ordinarios superados respecto do número de créditos ordinarios presentados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados). Permite cuantificar máis precisamente o rendemento, xa que se refire ós créditos nos que o estudante toma parte activa para superalos, máis alá de efectuar simplemente o trámite de matriculación.

A Taxa de éxito global no curso 2016-2017 foi bastante alta, xa que acadou o 77,15 % aínda que seguimos en valores por debaixo da media universitaria, que foi de un 87,35 %. Como aspecto positivo sinalar que esta taxa recupera a tendencia a alza que se perdera nos dous cursos precedentes acadando os valores máximos de todo o período estudado (2010-2017). Observase tamén unha clara tendencia a reducir as diferencias ca media universitaria pasando de diferencias de 19,2 puntos no curso 2010-2011 a diferencias de 10,2 no curso 2016-2017.

A Taxa de éxito é moi superior nos dos últimos cursos da carreira comparada cos dous primeiros (1º: 67,85 %; 2º: 62,22 %; 3º: 96,45 % e 4º: 96,43 %). Esta tendencia mantense ó longo do período estudado.

A Taxa de éxito por materia durante o curso 2016-2017 móvese nun rango de 0 a 100 %. Os valores de 0 % danse nas dúas materias “OPTGINT003 e OPTGINT005- Créditos Optativos Cursados en Réxime de Intercambio”. Polo que respecta as materias normais do Plan de Estudos so tres materias mostran taxas de éxito por debaixo do 50 %, unha materia de primeiro curso (Bioloxía) e dúas de segundo curso (Ecoloxía e Hidroloxía). Estas materias manteñen valores baixos ó longo do período estudado, pero outras con taxas tradicionalmente baixas recupéranse neste curso como Matemáticas I e II.

Polo que respecta o curso ponte de acceso ó Grao el Enxeñaría Forestal e do Medio Natural durante no curso 2016-2017 a Taxa de éxito global foi do 65,22 % por debaixo da taxa de éxito global para o grao. En canto a Taxa de éxito por materia moveuse nun rango do 0 ó 100 %. Dúas materias presentan o 0 % de éxito (Matemáticas I y II) aínda que so teñen un alumno matriculado. Como aspecto positivo 7 das 11 materias do curso presentan unha taxa de éxito do 100 % aínda que o número de alumnos matriculados móvese entre 1 e 2.

#### 1.2.4. Taxa de avaliación global e por materia (indicador IN36-S01-PM-01 e informe INF. 19)

A Taxa de avaliación global calcúlase como a porcentaxe entre o número de créditos ordinarios presentados respecto do número de créditos ordinarios matriculados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados) e permite cuantificar o aproveitamento que o estudante fai dos créditos dos que se matricula, con independencia de que os supere ou non.

A Taxa de avaliación global para o curso 2016-2017 foi do 77,43 %, valor moi superior a do curso precedente (68,50 %) polo que se observa unha maior motivación dos estudantes a presentarse os exames das materias nas que se matriculan. Aínda así este valor segue estando por debaixo da media universitaria (89,66 %). A evolución no tempo desta taxa mostrou sempre un lixeiro aumento, ca excepción do curso precedente ó avaliado, recuperándose no curso 2016-2017 os valores anteriores.

A Taxa de avaliación global alcanza o seu valor máximo no terceiro curso (1º: 69,21 %; 2º: 78,88 %; 3º: 92,60 % e 4º: 77,49 %). Esta tendencia mantense ó longo do período estudado.

A Taxa de avaliación por materia mantense nun rango entre 0 14,29 ó 100 %, acadando o valor máis baixo o Traballo Fin de Grado, probablemente polos motivos comentados con anterioridade para a taxa de rendemento. O resto das materias do Plan de Estudos sitúanse todas por encima do 60 % aínda que “OPTGINT001 - Créditos Optativos Cursados en Réxime de Intercambio” ten unha taxa de avaliación do 55,5 %. As taxas de avaliación máis baixas, unha

vez máis, danse nas materias dos primeiros cursos de carácter máis básico, pero mellora notablemente nos últimos cursos con materias dun carácter máis específico. Isto é unha constante ó longo do período analizado. As materias que deron resultados máis baixos este ano (Química, Matemáticas II, Física II e Bioloxía) son tamén as que tenden a presentar un histórico máis baixo ou maior variabilidade.

A Taxa de avaliación global para os alumnos do curso ponte foi do 95,83 %, superior as dos alumnos do grao. En canto a Taxa de avaliación por materia tan só unha materias non tivo alumnos presentados (Hidroloxía), que so tiña un alumno matriculado.

#### 1.2.5. Taxa de graduación (indicador IN37-S01-PM-01)

A Taxa de graduación (código IN37-S01-PM-01) calcúlase como a porcentaxe de estudantes que superaron os créditos conducentes ó título no número de anos previsto no Plan de Estudos, ou nun ano académico máis, respecto a cohorte de ingreso. Permite valorar o axuste entre o deseño do Plan de Estudos e a súa implantación, de modo que os estudantes poidan completar os estudos nun período de tempo razoable.

A Taxa de graduación para o curso 2016-2017 foi do 3,7 %, moi por debaixo de cursos anteriores (45 %). A evolución desta taxa só a podemos calcular para os tres últimos cursos. No curso 2014-2015 foi do 25,93 %, no curso 2015-2016 esta taxa mellorou notablemente ata un 45 % caendo brutalmente no curso 2016-2017 a un 3,7 %. Este dato está moi por debaixo da media universitaria (56,83 %) é sería necesaria unha análise minuciosa para saber as causas.

#### 1.2.6. Duración media dos estudos (indicador IN38-S01-PM-01)

Este indicador, Duración media dos estudos, calcúlase como a duración media (en anos) que os estudantes tardan en superar os créditos correspondentes ó Plan de Estudos. Permite complementar a información que proporciona a taxa de graduación acerca do axuste entre o deseño temporal do Plan de Estudos e a súa implantación efectiva.

A Duración media dos estudos para esta titulación no curso 2016-2017 é de 5,89 anos, case un ano máis que para a media da universidade (4,97 anos). Este indicador mantén unha liña lixeiramente ascendente dende que existen datos, curso 2013-2014, pasando por valores de 4,00, 4,80, 5,17 ata o valor do pasado curso 2016-2017 de 5,89. Esta tendencia a alza, aínda que menos pronunciada, parece que tamén se observa na media de universidade pasando de valores de 4,82 no curso 2015-2016 a 4,97 no curso 2016-2017. Sen embargo, as diferencias entre a media da universidade e a do grao van en aumento, a diferenza de todas as anteriores taxas analizadas que tiñan unha tendencia a acercarse.

Aínda así cabe resaltar que das enquisas realizadas anualmente pola Comisión do Título ós alumnos egresados dedúcese que o 50 % dos alumnos xa estaba traballando a vez que elaboraban o seu Traballo Fin de Grao, o que alonga no tempo a presentación do mesmo. Por tanto, esta elongación da duración media dos estudos non ten por que reflexar necesariamente a dificultade do mesmo. Aínda así deberíanse tomar medidas para frear e reverter esta tendencia porque isto pode desanimar a futuros estudantes a hora de escoller esta titulación.

#### 1.2.7. Taxa de abandono durante o primeiro curso (indicador IN40-S01-PM-01 e informe INF. 20)

O indicador Taxa de abandono durante o primeiro curso informa sobre a proporción de estudantes que abandonan a titulación con respecto ó total de matriculados inicialmente por novo ingreso. Calcúlase como a porcentaxe do total de estudantes que acceden ó estudos nun determinado curso e que non chegan a matricularse en segundo ou terceiro curso.

A Taxa de abandono no primeiro curso para o ano académico 2016-2017 foi do 23,08 %, valor moi superior ó da universidade, que está en 14,48 %, pero mellora respecto o curso precedente (35,71 %).

Para o período estudado a Taxa de abandono durante o primeiro curso vai en progresivo aumento (7,41 %; 10,00 %; 22,22 %; 35,71 %) ata o valor do curso analizado de (23,08 %) que podería indicar un cambio na tendencia. Aínda así isto quere dicir que o 23,08 % dos alumnos de novo ingreso abandonaron a titulación en primeiro curso, valor que



deberíamos de reverter, aínda que é certo que estamos falando dun número baixo de alumnos de novo ingreso polo que un 23,08 % corresponde en realidade a 4 alumnos. Este valor concorda cos valores da taxa de éxito, que mostra os valores máis baixos en materias de primeiro curso, como xa se comentou.

Por tanto, algo menos dun cuarto dos alumnos abandonan a titulación de Enxeñaría Forestal e do Medio Natural de forma moi temperá, o cal é un dato que nos debería facer reflexionar sobre todo cando as medias da universidade están en torno o 14,48 %. As causas deste fenómeno poderían atribuírse a un baixo e desalentador rendemento académico, a que as materias de primeiro curso son materias básicas (Matemáticas, Física, Química, Bioloxía, etc.), que dada a estrutura da Ensinanza secundaria e os itinerarios do Bacharelato e imposible que os alumnos puidesen cursalas todas. Por tanto moitas veces chegan a estas materias sen un nivel adecuado o que lles vai esixir un esforzo maior. É posible incluso que o alumno chegue desmotivado porque precisamente escolleu un ou outro itinerario do Bacharelato para escapar de materias cas que tiña pouca afinidade e aquí vai volver a atopalas e cun nivel universitario.

Ademais hai que recordar que un 24 % do alumnado que ingresa nesta titulación procede de ensinanzas de Formación Profesional. Outra posible causa podería ser unha concepción equivocada do alumno respecto á profesión de Enxeñeiro Técnico Forestal, que moitas veces asocian a unha actividade máis ambientalista ou conservacionista olvidando o seu carácter máis propio da enxeñaría.

É necesario facer un análise profundo das causas que motivan este abandono para abordar medidas dirixidas a reducir esta tendencia nos próximos cursos informando, deseñando e ofertando os procesos de acollida, tutoría, apoio e orientación centrados no estudante que se consideren necesarios.

Taxa de abandono RD 1393 (indicador IN41-S01-PM-01)

O indicador Taxa de abandono RD 1393 calcúlase como a porcentaxe entre os estudantes de unha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título o ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no precedente. Avisa información sobre o grao de non continuidade dos estudantes en cursos superiores.

A Taxa de abandono RD 1393 para o curso 2016-2017 foi 44,44 %. Isto supón un forte incremento respecto os dous cursos precedentes (33,33 % curso 2014-2015 e 25 % curso 2015-2016). Este valor duplica a media da Universidade (22,56 %).

Informe de abandono potencial (INF.20)

O informe de abandono potencial deste grao para o curso 2016-2017 indica que existe un único alumno que non ten contidos superados nin recoñecidos no primeiro semestre de docencia. Este informe cifra a taxa de abandono potencial nun 20 %.

Taxa de éxito dos egresados universitarios (indicador IN50-S01-PM-01)

Para estudar a Taxa de éxito dos egresados universitarios (código IN50-S01-PM-01) analízanse os datos a partir de curso 2015-2016, momento en que este indicador se inclúe nos análises. Por tanto, so existe información de dous cursos.

Este indicador calcúlase como a porcentaxe entre o número total de créditos que superou un estudante ó longo da titulación na que foi egresado e o número total de créditos ós que se presentou.

A Taxa de éxito dos egresados universitarios para o curso 2016-2017 foi de 84,01 %, o que supón un lixeiro empeoramento respecto os datos do curso anterior (86,43 %), aínda que serán necesarios máis anos para ver a tendencia. Aínda así este dato debe valorarse positivamente xa que indica unha efectividade do alumnado egresado, que superou unha porcentaxe alta dos créditos ós que se presentou. A parte negativa desta taxa é que é superior a taxa de éxito dos alumnos actualmente matriculados. Sen embargo, isto non parece corresponderse ca tendencia positiva mostrada pola taxa de éxito ó longo do período estudado, como se indicou anteriormente.

### Taxa de idoneidade na graduación (indicador IN51-S01-PM-01)

A Taxa de idoneidade na graduación (código IN51-S01-PM-01) é un indicador que se iniciou no curso 2015-2016 polo que somentes dispoñemos de dous anos de información.

Este indicador calcúlase como a relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no Plan de Estudos ou antes e a súa cohorte de ingreso. A mosa información sobre o grao de eficacia do alumnado e da institución con relación á súa actividade académica.

Durante o curso 2016-2017 a Taxa de idoneidade na graduación foi do 3,70 %. Este valor foi inferior o do curso anterior no que esta taxa acadou o 5,0 %. Este valor é coherente cos valores elevados de indicadores anteriores de taxa de abandono, taxa de graduación e duración media dos estudos.

Este resultado non é estraño nas ensinanzas técnicas en España, onde normalmente o alumno non supera todos os créditos en menos de catro anos e incluso que os complete nos catro anos establecidos. Sen embargo débense tomar medidas para evitar esta tendencia a baixa.

### 1.3. Análise do indicador I12: Análise dos resultados do título (dobre grao)

#### 1.3.1. Fontes de información

Este análise basease na información recollida nos seguintes indicadores e informes:

IN34-S01-PM-01 Taxa de rendemento (global)

IN35-S01-PM-01 Taxa de éxito (global)

IN36-S01-PM-01 Taxa de avaliación (global)

INF. 17 Informe da taxa de éxito por materia

INF. 18 Informe da taxa de rendemento por materia

INF. 19 Informe da taxa de avaliación por materia.

Para este informe, mentres non se indique o contrario, analizáronse os resultados para os cursos dos que hai datos dispoñibles. O dobre grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria - Enxeñaría Forestal e do Medio Natural implantouse por primeira vez no curso académico 2015-2016 por lo que só se analizaron dous anos.

#### 1.3.2. Taxa de rendemento global e por materia (indicador IN34-S01-PM-01 e informe INF. 18)

A Taxa de rendemento global calculase como a porcentaxe entre o número de créditos ordinarios superados respecto do número de créditos ordinarios matriculados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados) e permite cuantificar a facilidade o dificultade ca que los estudantes superan as materias nas que se matriculan. Cando se comparan as taxas globais coas das titulacións por separado, hai que ter en conta que os cálculos fanse con todos os cursos e no dobre grao soamente co primeiro e segundo.

A Taxa de rendemento global dos alumnos de dobre grao durante o pasado curso 2016-2017 foi de 68,02 % o que supón unha notable melloría respecto o curso anterior (46,87 %). A taxa de rendemento foi superior a dos alumnos do grao de Enxeñaría Forestal e do Medio Natural (59,74 %) e do grao de Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria (59,96 %), pero inferior a media da universidade (78,31 %). Aínda que esta é unha tendencia xeral nas ensinanzas técnicas en España, a dificultade inherente ós estudos de Enxeñaría podería explicar, en parte, estas diferencias.

A Taxa de rendemento por materia do curso 2016-2017 oscilou durante o curso pasado entre un 30,77 % e un 100 %, con tan só 5 das 22 materias con rendementos por debaixo do 50 % e 3 onde os rendementos foron do 100 %. Cos pouco datos existentes ata agora dos dous anos nos que se impartiu o dobre grao, parece observarse un lixeiro empeoramento no rendemento por materias, xa que 3 das 5 materias que manteñen valores de rendemento por debaixo do 50 % son do segundo curso.

#### Taxa de éxito global e por materia (indicador IN35-S01-PM-01 e informe INF. 17)

A Taxa de éxito calcúlase como a porcentaxe do número de créditos ordinarios superados respecto do número de créditos ordinarios presentados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados). Permite cuantificar máis precisamente o rendemento, xa que se refire ós créditos nos que o estudante toma parte activa para superalos, máis alá de efectuar simplemente o trámite de matriculación.

A Taxa de éxito global para o curso 2016-2017 foi do 80,41 %, valor xa próximo a media da universidade (87,35 %). Este valor foi moi superior o do primeiro ano (69,92 %) e lixeiramente superior a dos alumnos do grao de Enxeñaría Forestal e do Medio Natural (77,15 %) e do grao de Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria (78,2 %). Estes datos mostran unha tendencia moi positiva nos alumnos do dobre grao neste segundo ano respecto ó primeiro.

A Taxa de éxito por materias no dobre grao no curso 2017 movese nun rango do 25 % ó 100 % cos valores máis baixos na materia de Ecoloxía. Outras dúas materias mostran taxas de éxito por debaixo do 50 % (Economía do sistema agroalimentario e Edafoloxía) e varias por debaixo das dos graos de Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e Enxeñaría Forestal e do Medio Natural, pero a maioría de materias (13 de 22) mostran taxas de éxito por encima do 70 %.

#### Taxa de avaliación global e por materia (indicador IN36-S01-PM-01 e informe INF. 19)

A Taxa de avaliación global calcúlase como a porcentaxe entre o número de créditos ordinarios presentados respecto do número de créditos ordinarios matriculados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados) e permite cuantificar o aproveitamento que o estudante fai dos créditos dos que se matricula, con independencia de que os supere ou non.

A Taxa de avaliación global para o dobre grao foi do 84,99 % moi superior a do curso anterior (67,03 %) e acadando un valor próximo a media universitaria (89,66 %). A Taxa de avaliación global dos alumnos de dobre grao foi moi superior á dos alumnos do grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural (77,43 %) e a dos alumnos do grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria (76,78 %).

A Taxa de avaliación por materia móvese nun rango entre 46,15 e 100 %, dándose os valores máis baixos nas materias de primeiro curso, en particular Matemáticas II, e en só dúas materias se acadara o 100 %. No segundo curso, sen embargo, só en tres materias se observan valores por debaixo do 100 %. Notase así mesmo unha evolución favorable respecto ó curso precedente, no que só se impartía primeiro, xa que nese curso académico ningunha materia acadara un valor do 100 %.

#### 1.4. Análise do indicador I13: Relación oferta/demanda das prazas de novo ingreso (grao)

##### 1.4.1. Fontes de información

Este análise basease na información recollida nos seguintes indicadores e informes:

IN12-PC-05 Taxa de ocupación do título.

Este indicador analizouse para os cursos dos que hai datos dispoñibles. No caso do Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural, si non se di o contrario, contamos ca información dos sete últimos cursos: 2010-2011 a 2016-2017.

#### Taxa de ocupación do título (indicador IN12-PC-05)

O indicador Taxa de ocupación do título calcúlase como o número de estudantes de novo ingreso por preinscrición dividido entre as prazas ofertadas. A mosca información sobre a captación de alumnado.

A Taxa de ocupación do título no curso 2016-2017 foi do 35,56 % o que supón unha tendencia negativa fronte os dous



cursos precedentes pero superior a do 2013-2014. Esta taxa de ocupación resulta insatisfactoria e debese seguir traballando para melloralala.

#### 1.5. Análise do indicador I13: Relación oferta/demanda das prazas de novo ingreso (dobre grao)

##### 1.5.1. Fontes de información

Este análise basease na información recollida nos seguintes indicadores e informes:

IN12-PC-05 Taxa de ocupación do título.

Este indicador analizouse para os cursos dos que hai datos dispoñibles. Para o Dobre grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria - Enxeñaría Forestal e do Medio Natural sómente dispoñemos do dous cursos académicos 2015-2016 e 2016-2017.

##### 1.5.2. Taxa de ocupación do título (indicador IN12-PC-05)

O indicador Taxa de ocupación do título calcúlase como o número de estudantes de novo ingreso por preinscrición dividido entre as prazas ofertadas. A mos información sobre a captación de alumnado.

A Taxa de ocupación do dobre grao foi no curso 2016-2017 dun 100 %. Este dato é lixeiramente inferior o do curso pasado, que foi do 110 %, pero segue sendo un dato moi positivo xa que se cubriron todas as prazas ofertadas o que indica unha alta demanda desta dobre titulación, a pesar de tratarse dunha proposta académica de nova creación, cun alto nivel de esixencia e maior duración dos estudos respecto ó grao.

#### 1.6. Análise do indicador I14: Resultados de inserción laboral

##### 1.6.1. Fontes de información

IN43-S01-M-01 Porcentaxe de egresados que dous anos despois de rematar os estudos están traballando (ACSUG)  
 IN44-S01-PM-01 Porcentaxe de egresados que dous anos despois de rematar os seus estudos están traballando en algo relacionado cos seus estudos (ACSUG)  
 IN45-S01-PM-01 Tempo medio na procura do 1º emprego polos egresados que están traballando (ACSUG)  
 2502235\_EIL-SIIU\_2016-2017 Informe inserción laboral (Seguridade Social)  
 Estudo de inserción laboral do SIIU (Cohorte 09-10; non EEES; afiliación SS).

Para o indicador non existen datos para o curso 2016-2017 polo que os datos analizados corresponden os de anos anteriores.

##### 1.6.2. Porcentaxe de egresados que dous anos despois de rematar os estudos están traballando (código IN43-S01-PM-01)

Os datos proporcionados son resultado do último estudo de inserción laboral dos estudantes titulados. Permite cuantificar os resultados de inserción laboral e informa sobre o grao de eficacia do alumnado e da institución con relación a súa actividade académica.

Este indicador para o curso 2015-2016 foi do 83,3 %, de acordo ca taxa de afiliación a Seguridade Social a 23 de marzo de 2016 para a cohorte de alumnos egresados en el curso 2013-2014. Trátase de unha porcentaxe moi alta, aínda que mellorable, tendo en conta os niveles altísimos de paro xuvenil en España nos últimos anos, mesmo dentro da poboación con estudos universitarios. Un 40 % destes alumnos tiñan un contrato de carácter indefinido e un 90 % atopábase traballando a tempo completo.

Para esa mesma cohorte, a 23 de marzo de 2015 a porcentaxe de afiliación era xa del 75,0 %, o cal resulta un resultado moi positivo posto que indica que os poucos meses de rematar as tres cuartas partes dos estudantes xa estaban

traballando. O 33,3 % destes egresados tiña un contrato indefinido e o 100 % deles estaba a tempo completo.

Porcentaxe de egresados que dous anos despois de rematar os estudos están traballando en algo relacionado cos seus estudos (código IN44-S01-PM-01)

Estes datos son resultado do último estudo de inserción laboral dos estudantes titulados. Aмосa información sobre o grao de eficacia do alumnado e da institución con relación á súa actividade académica.

Os datos dispoñibles informan de que na cohorte de alumnos egresados no curso 2013-2014 so o 50 % cotizan como universitarios. É dicir, a metade dos egresados que están traballando non o fan, ou polo menos non cotizan, como traballadores da súa profesión. Un 10 % cotizan no grupo medio, non manual e desgraciadamente un 40 % cotizan no grupo de cotización baixo e manual.

Tempo medio de procura do 1º emprego polos egresados que están traballando (código IN45-S01-PM-01).

O resultado do último estudo de inserción laboral dos estudantes titulados (indicador externo proporcionado pola ACSUG) amosa información sobre o grao de eficacia do alumnado e da institución con relación á súa actividade académica.

Non dispomos de información para este indicador.

#### 1.7. Análisis del perfil real de ingreso y egreso

##### 1.7.1. Evidencia E3: Análise do perfil real de ingreso/egreso

###### 1.7.1.1. Perfil do alumno ao ingreso

A descrición do alumno de novo ingreso realizarémola atendendo ao número total de alumnos de novo ingreso e a súa caracterización en relación ás cuestións de xénero, idade, procedencia e aquelas que caracterizan a elección da titulación: tipo de alumnado entrante, perfil académico do alumnado entrante (elección da titulación, estudos previos e nota media de entrada). Analízase información estatística da Vicerreitoría de Calidade da USC, da CIUG e a enquisa propia da EPS.

Os indicadores que se basean nunha porcentaxe de estudantes sobre o número total de prazas ofertadas soben, en xeral, de xeito importante a partires do curso 2015-2016, por mor da redución de prazas ofertadas (45 nos anos académicos 2015-2016 e 2016-2017 e 80 nos anteriores). En consecuencia eses indicadores non son comparables entre os dous últimos anos académicos e os anteriores.

###### 1.7.1.1.a. Coñecemento do centro e da titulación

A enquisa propia do Centro amosa que un 43 % (62 % o curso anterior) dos estudantes do título que cubriron a enquisa no curso 2016-2017 escolleron a Escola Politécnica Superior porque é un centro que está cerca da súa residencia, o 14 % (17 % no curso anterior) por información de ex-alumnos que lles falaron ben do centro, e o 43 % (17 % no curso anterior) porque ten prestixio como institución académica. É evidente que a proximidade ao domicilio habitual dos estudantes é un factor que ten moito peso, pero temos que destacar que a influencia do prestixio do centro incrementouse considerablemente.

A mesma enquisa indícanos que o 14 % dos estudantes matriculados no curso 2016-2017 que responderon á enquisa coñeceron o título a través das charlas do programa A Ponte nos institutos (30 % no curso anterior) e o 57 % (25 % no curso anterior) por outras persoas (profesores, antigos alumnos, amigos, veciños, profesionais...). Destes datos dedúcese que sería positivo intensificar e mellorar o programa A Ponte, que estaría perdendo influencia. A páxina web da USC, os cursos de verán, a información na prensa, as xornadas de portas abertas, etc. parece que non teñen, segundo os resultados da enquisa, unha influencia importante.

Á pregunta de por qué escolleron esta titulación o 100 % (65 % no curso anterior) responden que tiñan interese nestes estudos, é dicir por vocación, e a un 14 % (7 % no curso anterior) tamén o animaron as saídas laborais. Resultados dos que se desprende que se trata dunha elección esencialmente vocacional, o que concorda co feito de que unha porcentaxe elevada a elixen en primeira opción cando se preinscriben.

#### 1.7.1.1.b. Número de alumnos, xénero, procedencia

En relación ao número total de alumnos, os indicadores obtidos dos datos do Vicerreitorado de Calidade da USC amosan, en comparación co curso anterior, un descenso do 18,6 %, pois pasamos de 156 alumnos matriculados na titulación a 127. En canto aos alumnos de novo ingreso (18) o descenso en comparación co ano anterior (38 alumnos de novo ingreso) foi do 52,6 %, tendencia que xa se presentaba no curso 2015-2016 cun descenso do 40 % en comparación co ano académico anterior, acentúase por tanto a tendencia descendente o que debe acender as luces de alarma. O número de alumnos que se matricula por primeira vez nesta titulación e na universidade (16), que cun total de 30 alumnos se reducira nun 14,3 % no curso 2015-2016 en comparación co anterior, redúcese outra vez no curso 2016-2017 nun 46,6 %. A proporción de estudantes que iniciaron estudos no curso 2015-2016 sobre o número de prazas ofertadas foi do 67 %, proporción que baixa ao 40 % no curso 2016-2017.

En relación á distribución de sexos, nos primeiros tres anos trala implantación do título de Enxeñaría Forestal e do Medio Natural había unha presenza de mulleres lixeiramente máis alta (57,5 % mulleres), mentres que no curso de primeiro do ano académico 2012-2013 resultaron ser na súa maioría homes (85 %), do mesmo xeito que no curso académico 2014-2015 (80 %). Dos matriculados en primeiro curso no ano académico 2015-2016 o 24 % son mulleres e o 76 % homes, e dos matriculados en primeiro curso no ano académico 2016-2017 o 29 % son mulleres e o 71 % homes, datos que sinalan un desequilibrio con tendencia a corrixirse aínda que con lentitude.

Nos tres primeiros anos trala implantación da titulación o 70 % dos estudantes do primeiro curso tiñan unha idade inferior aos 20 anos, mentres que nos cursos académicos 2012-2013 e 2014-2015 este sector redúcese ata o 60 %. As enquisas propias amosan que nos cursos 2015-2016 e 2016-2017 a media de idade dos estudantes do primeiro curso é de 20 anos e da enquisa da CIUG dedúcese que tódolos matriculados en primeiro tiñan menos de 25 anos.

En canto a súa procedencia, igual que en anos anteriores a maior parte dos alumnos son de orixe galega (100 % dos matriculados en primeiro no curso 2016-2017). Na enquisa realizada polo título detectouse que a dispoñibilidade de recursos económicos por parte dos alumnos é un factor importante, aínda que menos que en cursos anteriores, xa que dos alumnos matriculados no Grao no curso 2016-2017 un 43 % indica que a proximidade ao seu domicilio foi un criterio importante que tiveron en conta á hora de decantarse pola titulación (62 % no curso anterior).

Se temos en conta os 127 alumnos matriculados na titulación no ano académico 2016-2017, o 93 % proceden de Galicia, proporción non distante da do curso anterior e da media do conxunto de tódolos anos trala implantación do título. O 1,57 dos estudantes matriculados no curso 2016-2017 son estranxeiros (0,64 % no curso anterior) e o 5,51 % estudantes de procedencia nacional de fóra de Galicia (7,05 % no curso anterior). Os 16 estudantes matriculados por primeira vez en primeiro curso no ano académico 2016-2017 son galegos: 6 da provincia de A Coruña, 7 da de Lugo, 2 da de Ourense e 1 da de Pontevedra.

O feito de que a maior parte dos estudantes procedan de Galicia, e sobre todo das provincias de Lugo e A Coruña, xustifícase porque en moitos casos a situación económica pode dificultar o desprazamento do alumnado a centros formativos afastados do fogar familiar e estes alumnos poderían desprazarse diariamente á Escola desde a súa residencia minimizando os gastos.

Esta análise territorial é moi importante porque reflicte fortalezas e debilidades na captación de alumnado, así como a efectividade dos esforzos realizados neste sentido desde a Dirección da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría e desde a Comisión do Título de Enxeñaría Forestal e do Medio Natural, co apoio de diferentes institucións públicas de carácter local ou provincial (Deputación, Concello, etc.).

#### 1.7.1.1.c Procedencia geográfica

Este análisis se basa en la información recogida en los siguientes indicadores e informes:

INF 16 Informe de procedencia xeográfica  
 INF CIUG Estadística (grado y doble grado)  
 INo8G-PC-05 Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (grado y doble grado)  
 INo9G-PC-05 Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (grado y doble grado),

elaborados por el Área de Calidad y Mejora de los Procedimientos de la USC.

Para estudiar la procedencia geográfica de los estudiantes del Grado se han analizado los resultados para los cursos en los que hay datos disponibles (en este caso, los seis últimos cursos: 2011-2012 a 2016-2017).

Durante el pasado curso 2016-2017 el 93 % de los alumnos matriculados en el Grado procedía de Galicia. El resto procedía de otras comunidades autónomas (Asturias, Castilla y León, La Rioja y Andalucía) y había así mismo un 1,57 % de extranjeros. Entre los estudiantes procedentes de Galicia el 53 % correspondían a la provincia de Lugo, el 25 % a la provincia de La Coruña, el 11 % a Orense y el 5 % a Pontevedra. La tendencia durante los seis últimos años (ver figura adjunta para alumnos nacionales del grado) indica que:

- aumenta la proporción de estudiantes procedentes de Galicia, que se mantiene por encima del 90 % en los cinco últimos años
- se mantiene sin grandes cambios durante los últimos cinco años la distribución entre las provincias de Lugo, La Coruña y Orense
- se reduce la proporción de estudiantes procedentes de la provincia de Pontevedra (baja del 16 % al 6 % en el periodo considerado)
- aumenta levemente la proporción de estudiantes extranjeros.

Las tendencias apuntadas parecen reforzarse a la vista de la procedencia de los estudiantes matriculados en primer año durante el curso 2016-2017, ya que mayoritariamente procedía de Galicia y el 46 % eran procedentes de la provincia de Lugo.

Los resultados indican que el factor proximidad geográfica influye fuertemente en la procedencia del alumnado del Grado (algo más de la mitad procede de la provincia donde se encuentra la Escuela). La tendencia apunta a que las provincias de Lugo, La Coruña y Orense seguirán siendo en un futuro próximo proveedoras de alumnos para la titulación por lo que deben mantenerse las actividades de difusión de la titulación en dichos territorios además de dar a conocer la titulación en otros lugares. Debe valorarse positivamente que se reciban estudiantes de provincias y comunidades a veces alejadas de Galicia y en las que ya existen escuelas de ingeniería forestal (Pontevedra, Asturias, Castilla y León, Andalucía).

#### 1.7.1.1.d. Tipo de alumnado e perfil académico ao ingreso

A continuación realizaremos unha caracterización dos alumnos que elixen a titulación en canto ao tipo de alumnado entrante e o seu perfil académico (elección da titulación, estudos previos e nota media de entrada).

O tipo de alumnado entrante no curso 2016-2017 corresponde á categoría de alumnado xeral (16 estudantes) e titulados universitarios (2 estudantes), é dicir, non se cubriu ningunha praza das categorías reservadas a Maiores de 25 anos, Maiores de 40 anos, Maiores de 45 anos, Deportistas de alto nivel ou Discapacitados. Ofertáronse 45 prazas (38 de tipo xeral), houbo 105 solicitudes, admitíronse 24 solicitantes e matriculáronse 18.

Dentro dos descritores que caracterizan ao alumno que accede a unha titulación, é realmente importante se ese alumno escolle a titulación en primeiro lugar, ou foi unha das diversas opcións seleccionadas no momento de matricularse, pero non a primeira. O 88,2 % dos alumnos matriculados en primeiro curso por primeira vez no curso

2016-2017 elixiron a titulación en primeiro lugar. Estes datos amosan unha tendencia crecente no valor deste indicador desde a implantación da titulación e pode interpretarse como consecuencia da mellora da imaxe da titulación e dos programas de difusión da mesma.

Dos estudantes matriculados en primeiro curso no ano académico 2016-2017, o 75 % (12 estudantes) proceden das PAAU (Bacharelato, BAC) e o 25 % (4 estudantes) dos ciclos formativos de Formación Profesional (FP). Os estudantes procedentes de Formación Profesional, igual que en anos anteriores, soen dar prioridade na preinscrición o Grao de Enxeñaría Forestal e do Medio Natural en maior medida que os que proceden de BAC.

A nota media de acceso dos alumnos no curso 2016-2017 foi de 6,35, algo superior á do curso anterior (6,30) e sensiblemente inferior á media da universidade, sendo a tendencia xeral descendente nos últimos anos. A nota media de entrada dos alumnos no curso académico 2016-2017, foi de 6,28 e 6,41 para os alumnos procedentes de Bacharelato e Formación Profesional, respectivamente, superiores ás do curso 2015-2016 (6,18 e 6,06, respectivamente). A porcentaxe de alumnos que accederon á titulación por primeira vez no curso 2015-2016 e teñen unha nota media superior a 6 foi do 69 %, superior á do curso anterior (59 %). Estas notas reflicten o feito de que non se chegan a cubrir todas as prazas ofertadas e significan un nivel de preparación máis ben baixo dos alumnos que ingresan na titulación. A porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (1,57 %), sen considerar programas de mobilidade, e algo superior á do curso anterior (0,64 %).

Tamén forman parte da titulación alumnos que acceden no marco de diferentes programas de mobilidade, aínda que nunha proporción máis ben escasa nos últimos anos, 3,85 % dos matriculados na titulación no curso 2015-2016 e 3,94 % no 2016-2017. O 3,15 % dos estudantes matriculados fixeron uso de programas de mobilidade no curso 2016-2017 para desprazarse fóra da USC (3,21 % no curso anterior). Os egresados puntúan a contribución da mobilidade á súa formación con 4 puntos sobre 5 nos cursos 2014-2015 e 2015-2016, en ambos casos por debaixo da media da USC.

En resumo, o alumno recibido máis ou menos pódese identificar como galego, de idade en torno aos 20 anos, fundamentalmente procedente de Bacharelato. O título posúe unha certa desproporción en canto ao xénero. A nota media de acceso é máis ben baixa se se compara coa media da USC e hai unha porcentaxe elevada de alumnos que posúen menos dun 6 de media cando empezan a titulación. A matrícula é descendente nos últimos anos e non se cobren as prazas ofertadas aínda que no curso 2015-2016 se reduciu considerablemente a oferta. O número de alumnos de fóra de Galicia e do estranxeiro é escaso.

#### 1.7.1.2. Perfil do alumno ao egreso

O inicio das titulacións de Grao supuxo un novo impulso ao incipiente programa de prácticas de empresa que se viña levando a cabo na Escola Politécnica Superior de Lugo. Este programa, de gran actividade hoxe en día, goza do recoñecemento do alumnado. No curso 2014-2015 preto do 25 % dos egresados do Grao realizaron prácticas de empresa nalgún momento da súa formación, porcentaxe que se incrementou ata o 42,86 % no ano académico 2015-2016 e baixou ao 10,53 % no curso 2016-2017, descenso preocupante que merece unha análise polo miúdo. En xeral estas prácticas son satisfactorias para os estudantes e para as empresas, e con frecuencia son o inicio dunha relación laboral. Os egresados puntúan con 3 sobre 5 no curso 2013-2014 e con 3,75 no curso 2015-2016, en ambos anos académicos por debaixo da media da USC.

Este feito merece ser destacado e pode ser obxecto de accións de mellora, de maneira que se intensifiquen os contactos cun maior número de empresas e institucións do tecido produtivo primario da provincia e en xeral do noroeste peninsular.

O grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida foi de 3,40, 3,50 e 4,21 (puntuacións sobre 5) nos cursos 2014-2015, 2015-2016 e 2016-2017, respectivamente.

A situación dos egresados do Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural enmárcase dentro da que corresponde ás titulacións de Enxeñaría e profesións afíns da Universidade de Santiago de Compostela.

Dos egresados no curso 2013-2014 a situación a un ano de rematar os estudos é a seguinte: o 75 % están afiliados á



Seguridade Social como traballadores por conta allea (non hai ningún autónomo), o 33,3 % teñen contratos indefinidos e o 66,7 % temporais, a totalidade dos empregados están a tempo completo, o 44,4 traballan como universitarios, o 33,3 % no grupo de cotización medio (non manual) e o 22,2 % no grupo de cotización baixo manual. A dous anos de rematar os estudos a situación non varía moito: o 83,3 % están afiliados á Seguridade Social como traballadores por conta allea (non hai ningún autónomo), o 40 % teñen contratos indefinidos e o 60 % temporais, o 90 % traballan a tempo completo e o 10 % con contratos temporais de máis de media xornada, o 50 % teñen contrato como universitarios, o 10 % no grupo de cotización medio (non manual) e o 40 % no grupo de cotización baixo manual. Na USC só é superado o nivel de empregabilidade nas titulacións das ramas sanitarias e Informática, pero debemos subliñar unha certa tendencia á precarización do emprego e a necesidade de fomentar a iniciativa persoal, de cara a fomentar o emprego como autónomos para camiñar ao par de outras titulacións agrarias e forestais (cun 29,6 % de autónomos), outras titulacións técnicas, como Arquitectura (cun 22 %), ou outras vinculadas ao sector primario como Veterinaria (cun 29,7 %).

O grao de inserción laboral a curto prazo pódese considerar alto, pero pódese mellorar fomentando o autoemprego e a iniciativa empresarial dende a formación no propio Grao. Non cabe dúbida de que esta debe ser unha das accións de mellora de cara ao futuro.

Analizando o grupo de cotización no que se atopan incluídos, so arredor do 50 % están a cotizar segundo o seu nivel formativo (Universitarios), o que parece indicar unha taxa importante de subemprego.

Mellora do curso 2015-2016 ao 2016-2017 a valoración dos seguintes indicadores: información pública dispoñible, servizos, formación teórica, titulación en xeral, satisfacción do alumnado coa docencia recibida e satisfacción do profesorado coa docencia impartida. Para outros indicadores tamén mellora a valoración nos últimos anos: formación teórica, profesorado, infraestruturas, recursos telemáticos, biblioteca, formación recibida, acollida e presentación, cafetería, Unidade de Xestión Académica, web da USC e web propia do Centro. En cambio empeoran: satisfacción media do PDI coas actividades formativas desenvolvidas, a satisfacción media do PAS coas actividades formativas desenvolvidas, a satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade e coa formación práctica, aspecto no que se deben investigar deficiencias para tratar de corrixilas.

A taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida foi do 19,13 % (15,44 % no curso anterior). O grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida foi de 4,21 sobre 5 (3,50 no curso anterior). O grao de satisfacción do profesorado coa docencia impartida foi de 3,81 sobre 5 (3,69 no curso anterior).

A taxa de abandono no primeiro curso no ano académico 2016-2017 (23,08 %) foi inferior á do curso anterior (35,71 %). En cambio a taxa de abandono RD 1393/2007 foi superior.

A taxa de transición de estudantes de grao a máster foi do 37,5 % (44,44 % fronte ao 25 %).

A taxa de graduación no curso 2016-2017 (3,70 %) baixou considerablemente en comparación coa do curso anterior (45 %). A taxa de idoneidade na graduación no curso 2016-2017 foi de 3,70 (5 no curso anterior). No curso 2016-2017 as taxas de rendemento (59,74 %), éxito (77,15 %) e avaliación (77,43 %) incrementáronse con respecto ao curso anterior. En cambio baixaron as taxas de éxito dos egresados (84,01 % no curso 2016-2017 e 86,43 % no 2015-2016) e de eficiencia ou rendemento dos egresados (75,31 % no curso 2016-2017 e 80,13 % no 2015-2016), aínda que se manteñen en niveis aceptables. A duración media dos estudos no curso 2016-2017 foi de 5,89 anos (5,17 no curso anterior).

Na enquisa de satisfacción dos egresados responderon menos do 25 % dos titulados e os datos do último ano corresponden ao curso 2015-2016. Obsérvase unha tendencia á mellora nos seguintes items: formación teórica, potenciación de aspectos de formación transversal (aprendizaxe autónoma, pensamento crítico, comunicación oral e escrita, traballo en equipo, capacidade de análise, solución de problemas, creatividade...), prácticas externas, contribución da mobilidade á formación, organización académica, biblioteca, oficina de información universitaria, páxina web da USC, información no Centro, resolución de reclamacións ante a Dirección e publicidade en xeral. En cambio empeoran os seguintes: formación práctica, grao no que a formación recibida cumpriu as expectativas creadas, satisfacción global co profesorado, acollida e presentación, infraestruturas, recursos tecnolóxicos, cafetería

e unidade de xestión académica. Puntuando sobre 5, a satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible foi de 1,80, 3,69 e 3,72 nos cursos 2013-2014, 2014-2015 e 2016-2016, respectivamente; a satisfacción dos egresados cos servizos de 3,00, 4,33 e 3,73, respectivamente; e a satisfacción xeral dos egresados coa titulación de 2,57, 3,61 e 3,58, respectivamente. Debemos ter en conta que as porcentaxes de respostas foron do 8,33 %, 17,65 % e 23,81 %, respectivamente, o que diminúe considerablemente a fiabilidade dos resultados, polo que soamente podemos falar de tendencias.

### 1.7.1.3. Dobre grao

No curso 2016-2017 matricularóñense 10 estudantes (11 no curso anterior) e se cubriron as prazas ofertadas. Houbo 32 solicitudes de cota xeral e 2 de titulados universitarios, admitíronse 11 solicitudes de cota xeral, 9 estudantes son de procedencia galega e 1 de outra comunidade autónoma. O 20 % son mulleres e o 80 % homes. O 80 % proceden de Bacharelato e o 20 % de Formación Profesional. A nota media dos que proceden de Bacharelato é de 7,42 e a dos que proceden de Formación Profesional de 5,90. O 90 % solicitaron a titulación como primeira opción e o 10 % como segunda.

O número total de estudantes matriculados no curso 2016-2017 foi de 18.

O 70 % dos estudantes accederon á titulación no curso 2016-2017 con puntuación superior ou igual a seis (72,73 % no curso anterior).

No curso 2016-2017 o 11,11 % dos matriculados son estudantes nacionais de fóra de Galicia (9,09 % no curso anterior). Non hai estudantes estranxeiros.

Ningún estudante realizou mobilidade nos cursos 2015-2016 e 2016-2017, e tampouco se recibiu ningún estudante no marco dos programas de mobilidade.

No curso 2016-2017 as taxas de rendemento (68,02 %), éxito (80,41 %) e avaliación (84,59 %) foron superiores ás do curso anterior: 46,87 %, 69,92 % e 67,03 %, respectivamente.

O grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida no curso 2016-2017 (3,68 sobre 5) mellorou en relación coa do curso anterior (3,22 sobre 5). O grao de satisfacción do profesorado coa docencia impartida no curso 2016-2017 foi de 3,46 sobre 5.

A taxa de resposta do alumnado na enquisa de satisfacción coa docencia recibida foi do 33,33 % no curso 2016-2017 e do 36,36 % no ano académico 2015-2016.

## 2.- Análise dos indicadores da Directriz 2 para o Grao en Enxeñaría Civil

- 1) cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire;

O título de Grao en Enxeñaría Civil impártese na Escola Politécnica Superior desde o curso 2011/2012 seguindo a memoria de título verificada en 11/2010 e publicada no BOE (16/04/2011).

No curso 2015/2016 procedeuse á renovación da acreditación para a impartición do título, acadada segundo consta na resolución do 20/07/2016 na que se indicaban diferentes áreas susceptibles de mellora. Establecéronse nese momento unha serie de propostas de mellora que deron lugar á modificación da memoria de título que se realizou durante o curso 2016/2017.

En paralelo a este procedemento, e para cumprir os requisitos establecidos polo decreto 222/2011 elaborouse un Plan

de Viabilidade baseado fundamentalmente en tres aspectos: compartir 90 ECTS con outros dous graos que se imparten no Campus Terra, establecer itinerarios de dobres graos con esas titulacións e a internacionalización do Campus Terra. Do Plan de Viabilidade tamén derivan accións de mellora que se desenvolven no curso 2016/2017.

No curso 2016/2017 a docencia das materias desenvolveuse axeitadamente en todos os cursos segundo a memoria de título (2010), aínda que se tivo en conta a actualización das programacións docentes para adecuarse ao establecido nas accións de mellora derivadas tanto da renovación da acreditación coma do plan de viabilidade.

Durante todo o curso académico traballouse na elaboración da nova memoria de título (2017) que recolle todos os cambios relativos a actividades docentes, actividades de avaliación e competencias transversais, así como modifica a distribución temporal das materias, axusta a carga docente e os contidos para poder compartir 90 ECTS tal e como se establece no Plan de Viabilidade.

Nesa memoria de título (2017) se incorporan tamén as modificacións e as recomendacións do Informe para a renovación da acreditación do Grao en Enxeñaría Civil emitido pola ACSUG (favorable en data 20/07/2016), no que se refire á inclusión das competencias transversais traballadas e avaliadas nas materias segundo as actividades formativas e de avaliación que se establecen na ficha de cada materia.

A implantación da modificación do plan de estudos é secuencial, do mesmo modo que se recolle na Memoria de Título para a implantación dun novo grao, de xeito que no curso 2017/2018 implantase o primeiro curso modificado e se extinguen as materias do anterior plan de estudos, pero garantizando os dereitos do alumnado. Cando a materia non ten cambios na planificación temporal, na carga docente ou nos contidos o estudante pode cursar a materia equivalente no novo plan de estudos, e no caso de que presente algunha modificación mantense durante un ano a docencia da materia a extinguir e dous anos adicionais o dereito a exame.

Para o curso 2017/2018, planificáronse as materias do plan de estudos modificado en primeiro curso, e as 4 materias de primeiro do plan en extinción que tiveron modificacións substanciais

Durante o curso 2016/2017 traballouse tamén na elaboración do Dobre Grao en Enxeñaría Civil e Enxeñaría dos Procesos Químicos Industriais, chegando a unha organización completa que en 5,5 cursos académicos permitía a obtención dos dous títulos que habilitan para as profesións reguladas de Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas e Enxeñeiro Técnico Industrial, pero a “Xunta de Galicia” decidiu non ofertar este itinerario a pesar de que non supoñía un incremento das necesidades de recursos materiais e docentes.

Tamén se iniciaron os traballos durante o curso 2016/2017 para establecer programas de dobre titulación con universidades estranxeiras (Universidade Tecnolóxica Federal de Paraná e a Pontificia Universidad Católica de Valparaíso) que permitan mellorar a oferta docente propia da USC e melloren a visibilidade e o atractivo do plan de estudos, xa que permitirían aos alumnos obter o título e a habilitación profesional en países de fóra do EEES.

## 2) Cumprimento das guías docentes:

Durante os últimos cursos académicos estableceuse un procedemento de revisión das programacións docentes das materias por parte da Comisión de Título, e tamén de seguimento do seu cumprimento. Os coordinadores de cada materia as envían ao coordinación de curso que revisa que sexan coherentes coa memoria de título, que cumpran os requisitos establecidos en contidos, actividades docentes e actividades de avaliación, e que as ponderacións de cada unha desas actividades na avaliación final cumpran o acordo previo que é o establecido na memoria de título (2017). Esa revisión analízase nunha reunión da Comisión de Título e as conclusións transmítense de novo aos profesores da titulación que son os encargados da publicación das programacións docentes na plataforma institucional.

Esas programacións docentes que se atopan públicas na web antes do período ordinario de matrícula dos estudantes, están verificadas e aprobadas tanto polos Consellos dos Departamentos responsables da docencia coma da Xunta de Escola da EPS de Enxeñaría.

O seguimento do cumprimento das guías docentes, ademais da dispoñibilidade dos coordinadores de curso e do coodinador de título para que os estudantes realicen as queixas ou suxestións que consideren oportunas, conta con



dous procedementos de control.

-Por un lado, ao finalizar a docencia de cada semestre, cada coordinador de curso convoca aos coordinadores das materias a unha reunión na que se analizan as incidencias que se puideran producir na docencia xa impartida, se intentan detectar duplicidades e incumprimentos, e se comentan as actividades e metodoloxías docentes empregadas. A planificación destas reunións queda tamén recollida nas actas da Comisión de Título.

-Por outro lado, ao finalizar a docencia de cada curso académico realizase unha charla informativa impartida pola Comisión de Título á que se convoca a todos os estudantes da titulación, ademais de tratar temas relacionados coa matrícula do curso seguinte, proporcionar información específica sobre prácticas externas, programas de mobilidade e normativa específica de Traballos Fin de Grao, ábrese unha rolda de intervencións para que os estudantes indiquen as incidencias que se puideran producir na docencia.

Coma resultado dese seguimento, considerase que non foi necesario realizar ningunha actuación durante o último curso académico.

### 3) Procedementos de coordinación:

Ademais dos procedementos de coordinación comentados no apartado anterior, dedicados á verificar o cumprimento das guías docentes, que permiten detectar incidencias na docencia e incumprimentos ou solape de contidos nas distintas materias da titulación, tamén se realizan contactos frecuentes entre os coordinadores das materias e o coordinador de curso correspondente para a elaboración dos horarios do curso seguinte.

A elaboración dos horarios realízase atendendo á necesidade de que se produzan os menores solapes posibles entre cursos consecutivos, á disponibilidad do profesorado e das aulas e laboratorios específicos e tamén á planificación das actividades docentes durante cada semestre, de maneira que se poida repartir de maneira homoxénea a carga docente entre todas as semanas do semestre.

A planificación deses contactos e o resultado final dos horarios recóllese nas actas das reunións da Comisión de Título.

Tamén se elabora co mesmo procedemento o calendario de exames para todas as materias do título, para distribuír as probas de avaliación no período establecido pola USC. Sempre que sexa posible, transcorren máis de 48h entre probas de materias do mesmo curso académico, ou da mesa mención, distribuíndoas tamén atendendo ao número de alumnos matriculados en cada materia. O calendario de exames tamén se aproba nunha reunión da Comisión de Título, polo que os representantes dos estudantes poden participar no seguimento desde procedemento.

### 4) Resultado de materias:

Para o análise dos resultados das materias existen diferentes procedementos de control a diversos niveis.

Os valores globais dos resultados obtidos polos estudantes en cada materia e as taxas de rendemento, éxito e avaliación recompílanse e procesanse pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, que emite informe anual para o seu análise pola Comisión de Título no proceso de seguimento.

A nivel de centro, existe un procedemento de recollida de información centralizado na xestora académica, que recibe copia das listaxes provisionais e as actas definitivas de cada unha das oportunidades de avaliación de cada materia que se imparte no centro. Ademais, a Comisión de Calidade do Centro analiza e revisa os informes que presentan nela os coordinadores de cada título coa información recollida en cada Comisión de Título.

Por último, a nivel de Comisión de Título analízanse os indicadores globais no momento da realización do seguimento anual, pero tamén mediante as reunións de coordinación que se realizan por cada semestre e cada curso, á que están convocados todos os coordinadores de materias e o coordinador de curso. Os informes desas reunións, recollidos nas actas das reunións da Comisión de Título recollen os datos proporcionados en cada oportunidade de avaliación para cada materia, así como a percepción que ten cada profesor sobre a docencia impartida e o grao de coñecemento adquirido polos estudantes. Nas últimas reunións de coordinación amosouse unha preocupación pola baixada que experimentan os indicadores dos resultados que alcanzan os estudantes, obtendo peores resultados en xeral que as cohortes precedentes. Probablemente, esta situación ten unha correlación directa cos valores que os indicadores IN06G-PC-05 e IN07G-PC-05, que sinalan unha baixada na nota

media de ingreso nos últimos anos e tamén a baixada do número de estudantes que acceden con notas superiores a seis.

As seguintes táboas recollen os valores das taxas de rendemento, de éxito e de avaliación para cada curso do Grao nos anos desde que se implantou a docencia. En todos os casos, os valores están por debaixo dos obxectivos inicialmente fixados na memoria verificada, pero se atopan nos valores habituais para os estudos desta rama de Enxeñaría e Arquitectura.

<b>Taxa de rendemento</b>	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17
1º curso	52,91	44,94	49,79	45,38	43,11	29,70
2º curso	80,14	67,36	65,61	48,72	62,13	51,61
3º curso	0,00	72,89	57,86	52,33	51,82	54,80
4º curso	0,00	81,28	59,40	69,08	76,16	77,26
Sen asignación a curso	0,00	91,50	75,97	70,08	76,50	65,22
<b>Total (%)</b>	<b>64,20</b>	<b>64,14</b>	<b>59,08</b>	<b>54,73</b>	<b>59,45</b>	<b>55,25</b>

<b>Taxa de éxito</b>	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17
1º curso	70,66	61,89	68,63	64,88	65,51	49,74
2º curso	90,70	82,26	79,03	65,29	79,17	75,39
3º curso	0,00	85,23	70,48	64,95	65,24	68,24
4º curso	0,00	98,64	99,41	98,50	99,68	98,83
Sen asignación a curso	0,00	99,21	89,25	94,64	100,00	100,00
<b>Total (%)</b>	<b>79,79</b>	<b>79,75</b>	<b>78,58</b>	<b>73,63</b>	<b>78,78</b>	<b>75,77</b>

<b>Taxa de avaliación</b>	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17
1º curso	74,88	72,61	72,55	69,94	65,80	59,71
2º curso	88,36	81,89	83,01	74,62	78,47	68,46
3º curso	0,00	85,52	82,09	80,56	79,43	80,30
4º curso	0,00	82,40	59,75	70,14	76,41	78,17
Sen asignación a curso	0,00	92,23	85,13	74,05	76,50	65,22
<b>Total (%)</b>	<b>80,47</b>	<b>80,43</b>	<b>75,18</b>	<b>74,33</b>	<b>75,46</b>	<b>72,92</b>

Cómpre sinalar que os resultados dos alumnos son mellores no cursos 3º e 4º do Grao, xa que os alumnos se atopan con materias máis específicas da disciplina e teñen pasado xa as dificultades que formulan as materias de formación básica ou do módulo común. A presenza de materias optativas que os estudantes elixen segundo a mención que queren cursar tamén fai que eses resultados melloren nos cursos máis avanzados.

En primeiro curso os indicadores teñen os valores máis baixos, probablemente pola diferenza no grao de esixencia dos estudos universitarios con respecto ao bacharelato e tamén a que unha porcentaxe significativa de alumnos proceden dos ciclos superiores de formación profesional nos que estiveron dous anos sen apenas contacto con materias técnicas e científicas de carácter xeralista.

Na análise detallada de resultados por materias, tense detectado que os resultados máis baixos se atopan nos segundos semestres. Esta situación está motivada pola distribución de contidos entre materias, pola presenza de materias anuais que liberan a carga de traballo na primeira oportunidade de avaliación do primeiro semestre e a concentran na primeira oportunidade das materias do segundo semestre e tamén a un maior cansancio por parte dos alumnos no final do curso académico. Os exames da primeira oportunidade do primeiro semestre veñen despois dun período non lectivo no Nadal, mentres que no segundo semestre comezan practicamente a semana seguinte á finalización da docencia das materias.

Xa na modificación da memoria do título de 2017 se recolleron iniciativas para intentar evitar parte desas situación. Axustouse a carga docente entre materias, tamén a distribución entre semestres e cursos, e se aumentou o número de créditos ECTS para materias que presentaban contidos máis extensos. Tamén se eliminaron as materias anuais

para igualar a carga docente entre semestres e que en todos os períodos de avaliación houberse o mesmo número de probas.

Neste senso, e analizando tamén os resultados das enquisas de satisfacción coa docencia recibida por parte dos estudantes, propónse como acción de mellora para o curso 2017/2018 a revisión da programación práctica das materias, tanto no referido á distribución da carga de traballo ao longo do semestre como no metodolóxico para favorecer a aprendizaxe por parte dos alumnos.

#### 5) Análise perfil de ingreso:

Para realizar a análise do perfil de ingreso no Grao en Enxeñaría Civil durante o curso 2016/2017 analízanse, entre outros, os indicadores da seguinte táboa e informes específicos que permiten identificar a procedencia dos estudantes, tanto académica (bacharelato ou formación profesional) como xeográfica.

Codigo	Nome	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17
INo1G-PC-05	Prazas ofertadas	50,00	50,00	45,00	45,00
INo2G-PC-05	Matrícula	219,00	245,00	218,00	176,00
INo3G-PC-05	Matrícula de novo ingreso	62,00	59,00	33,00	14,00
INo4G-PC-05	Matrícula de inicio de estudos	31,00	31,00	20,00	14,00
INo6G-PC-05	Nota media de acceso por preinscrición	6,92	6,83	6,92	7,04
INo7G-PC-05	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	67,74	80,00	72,22	61,54
INo8G-PC-05	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	0,46	0,41	1,83	2,84
INo9G-PC-05	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	2,28	3,27	3,21	2,84

O número de matriculados é inferior ao desexado, destacando ademais que no curso 2016/2017 toda a matrícula foi de inicio de estudos, polo que non se incorporaron estudantes procedentes doutras titulacións universitaria. De todos modos, é preciso sinalar que no curso 2015/2016 hai que sumar 5 alumnos do dobre grao con Enxeñaría Xeomática e Topografía e que no 2016/2017 este número baixou a 3. O dobre grao tivo unha ocupación do 30%.

Baixo porcentaxe de alumnos estranxeiros entre os matriculados, aínda que é un valor crecente nos últimos cursos, e tamén moi reducido o número de estudantes de fóra de Galicia.

Trátase dun sector que nestes momentos está pasando por unha situación complicada de empregabilidade debido á crise económica que reduciu significativamente a inversión en obras públicas, aínda que os últimos datos de emprego comezan a amosar certa recuperación, non sucede o mesmo coas expectativas dos estudantes.

Tamén é importante indicar que a existencia de Graos de Enxeñaría deste ámbito ou similares nas provincias limítrofes fai que a captación de estudantes sexa máis complexa.

A mellora dos datos de alumnos matriculados en primeiro curso pasa pola promoción da titulación entre a sociedade, xa que xoga un papel moi importante para o desenvolvemento e o progreso, en ámbitos chave como o abastecemento de auga, saneamento e depuración, as infraestruturas, a produción de enerxía, etc.

Nesa liña, desde a Comisión de Título de Enxeñaría Civil traballouse nos últimos anos mediante a organización de

conferencias e actos de difusión na Escola, na colaboración co Campus Científico de Verán Xuveniencia que se celebra no Campus Terra e co Programa A Ponte entre a Universidade e o ensino medio, que organiza desde charlas temáticas nos centros de educación secundaria ata xornadas de portas abertas nos propios centros do campus. É preciso continuar a traballar nesa liña e explorar a posibilidade de novas estratexias de captación de estudantes para os vindeiros cursos.

Tamén é importante facer unha labor de difusión doutras características dos estudos que poidan animar a máis persoas a matricularse no Grao, como a posibilidade de matrícula a tempo parcial, a de dispensa de asistencia a clase por motivos laborais ou outras causas xustificadas ou da organización dos horarios que permiten compatibilizar os estudos con outras actividades, así como as validacións por outros estudos universitarios ou por experiencia laboral.

É relevante facer mención a que a porcentaxe de mulleres matriculadas nos estudos é moi baixa (23%), probablemente debido a que se trata dun sector que se percibe maioritariamente como masculino. Formúlase a posibilidade de iniciar unha campaña específica para este aspecto.

#### 6) Análise perfil de egreso:

Para a análise do perfil de egresado do Grao en Enxeñaría Civil dispónse de diversas fontes de información, xa que ademais do Informe 13 de resultados de información laboral proporcionado polo SIIU do Ministerio de Educación, a Comisión de Título pasa unha enquisa de valoración xeral e do procedemento de elaboración do TFG no momento da defensa deste e a área de calidade e mellora dos procedementos realiza enquisas aos egresados transcorridos seis meses desde a finalización de estudos.

Ademais desa información, desde a coordinación de título establece contacto por correo electrónico cos egresados das últimas promocións para que, de xeito voluntario, informen da súa situación laboral, das posibles necesidades de formación que detecten para afrontar o mercado laboral, valoren a formación recibida e suxiran posibilidades de mellora.

O primeiro indicador a destacar é que o número de alumnos egresados matriculados nos Máster do centro moi baixo, debido a que non existe una oferta directa de continuación de estudos, optando todos os alumnos que deciden continuar na EPS de Enxeñaría polo Máster en Dirección de Proxectos. Sen embargo, si se ten detectado unha porcentaxe significativa de alumnos continúan estudos en másters desta ou doutras universidades.

Moitos dos alumnos que se decantan pola opción de seguir estudando dentro do mesmo ámbito elixen o Máster de Enxeñaría de Camiños, Cañais e Portos, en todos os casos en universidades fóra do Sistema Universitario de Galicia. Tamén optan por outros títulos de máster non habilitantes deste sector ou tamén polo Máster de profesorado de educación secundaria.

Tamén hai unha porcentaxe significativa que se atopan preparando as oposicións da profesión de Enxeñaría Técnica de Obras Públicas que teñen convocatorias abertas na administración autonómica e estatal.

Da última promoción 2016/2017, a maioría dos alumnos que contestaron ao contacto persoal por correo electrónico conseguiron empregos relacionados coa enxeñaría: nunha consultoría, nunha oficina técnica, en academias que preparan estudantes no ámbito das ciencias e tamén emprendedores que formaron a súa propia empresa de enxeñaría. E todos continúan estudando, tanto másters universitarios como cursos de formación en aplicacións web, software específico ou de BIM pola UNED. O único egresado que non está traballando indica que prepara oposicións.

Nas respostas recibidas para este informe dos egresados de promocións anteriores, o nivel de emprego é moi similar e predominan os egresados que indican que é fundamental continuar formándose en títulos ou cursos específicos de determinados sectores da enxeñaría.

Os datos do informe SIIU (figura seguinte) que están disponibles refírense á cohorte de egresados do curso 2013/2014, que se corresponden na súa totalidade con estudantes que se adaptaron da anterior titulación de enxeñaría técnica de Obras Públicas e que remataron na primeira promoción de Grao, aínda que sen cursar os catro

cursos destes estudos.

### I13. Resultados de inserción laboral

Nome título Graduado o Graduada en Ingeniería Civil por la Universidad de Santiago de Compostela

Cohorte de egresados: 2013-2014

Egresados curso 2013/2014	1 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2015)									2 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2016)													
	Tasa de afiliación	Porcentaje de autónomos	Contrato			Jornada laboral			Grupo cotización			Tasa de afiliación	Porcentaje de autónomos	Contrato			Jornada laboral			Grupo cotización			
			Porcentaje de indefinidos	Porcentaje de temporales	Porcentaje a tiempo completo	TP: más de media jornada	TP: menos de media jornada	Universitario	Medio, no manuales	Bajo y manual	Porcentaje de indefinidos			Porcentaje de temporales	Porcentaje a tiempo completo	TP: más de media jornada	TP: menos de media jornada	Universitario	Medio, no manuales	Bajo y manual			
12	25,0%	0,0%	66,7%	33,3%	100,0%				66,7%		33,3%	41,7%	0,0%	50,0%	50,0%	100,0%				60,0%			40,0%

Fuente: Variables e indicadores de Seguridad Social. Análisis transversal. SIIU (Ministerio de Educación)

As taxas de afiliación deses egresados son baixas, aínda que na maior parte con contratos de grupo de cotización Universitario. De todos modos, debe terse en conta que a duración dos estudos de Máster habilitante que dan atribucións profesionais no mesmo sector e de dous anos, polo que o prazo estudado neste informe non é suficiente para acadar unha inserción laboral plena.

No que respecta ás enquisas realizadas aos egresados pola ACMP, sinálanse a continuación algúns aspectos destacables. En primeiro lugar, a taxa de resposta dos estudantes nos últimos cursos e moi baixa, o que fai que os resultados poidan ser non significativos. Para o curso 14/15 era do 30,77% baixando no curso 15/16 ao 20,51%. É preciso incidir en sinalarlle aos egresados a importancia da súa opinión para o ciclo de revisión e mellora da calidade do grao.

No que respecta ao grao de satisfacción coa formación recibida, a formación teórica percebese como boa, puntuación de 3,38 na escala de 1-5, lixeiramente por debaixo da media da USC. Sen embargo a puntuación outorgada á formación práctica e máis baixa, de 2,22 na mesma escala, e por debaixo da media da USC que experimentou un ascenso moi forte no último curso.

Indica o teu grao de satisfacción coa formación recibida na titulación:

	Curso 13/14		Curso 14/15		Curso 15/16	
	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC
Formación Teórica	3,50	3,53	3,25	3,56	3,38	3,56
Formación Práctica	2,50	2,46	2,38	2,67	2,25	3,64

*Escala de valoración desde 1(Nada) ata 5(Moito)*

Ademais, a valoración da formación práctica presenta unha liña descendente nos últimos cursos, o que fai preciso analizar cales son as causas desta situación e as medidas que se poden artellar para melloralala.

Nas reunións de coordinación entre o profesorado da titulación non se teñen detectado problemas na formación práctica, carencias de software necesario para a docencia ou incidencias relacionadas coa docencia práctica, máis alá de pequenas eivas na formación inicial dos alumnos na capacidade de recompilación e análise de datos e a resolución de problemas.

Para o curso 2017/2018 propónse unha revisión completa da formación práctica impartida no Grao, co obxectivo de asegurar que non existen problemas na docencia e tamén unha proposta de mellora para que os estudantes coñezan mellor cales son as funcións que teñen que desenvolver no mercado laboral unha vez egresados, por se se trata dunha mala interpretación de cales son as habilidades que debe ter un Enxeñeiro Técnico para exercer as súas

funcións habituais.

Na seguinte táboa preséntanse os resultados pormenorizados das enquisas realizadas a egresados no que respecta ás competencias que adquiriron e traballaron no Grao.

Valora o grao en que a titulación contribuíu a que adquiriras ou potenciaras os seguintes aspectos da túa formación:

	Curso 13/14		Curso 14/15		Curso 15/16	
	Media título	Media USC	Media título	Media USC	Media título	Media USC
Capacidade para a aprendizaxe autónoma	4,00	3,64	3,13	3,68	4,13	3,79
Pensamento crítico	3,00	3,33	3,25	3,41	3,63	3,42
Capacidade de comunicación oral/escrita	2,50	3,20	3,00	3,31	3,25	3,35
Capacidade de traballo en equipo	3,00	3,27	3,38	3,44	3,63	3,50
Capacidade de análise	3,50	3,30	2,88	3,37	3,50	3,37
Capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións dentro do meu ámbito de estudo	3,50	3,27	2,88	3,36	3,13	3,36
Capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos e resolver problemas dun xeito creativo ou orixinal dentro do meu ámbito de estudo	3,50	2,90	2,63	2,97	2,63	3,01

*Escala de valoración desde 1(Nada) ata 5(Moito)*

Os apartados nos que se detecta unha melloría neste curso, tal e como se sinalou en informes de seguemento de cursos pasados son os relacionados co pensamento crítico (3,00), a comunicación oral/escrita (2,50) e coa capacidade de traballo en equipo (3,00) que eran os que tiñan menos puntuación que a media global.

Sen embargo, a principal baixa é a de aplicar coñecementos á resolución de problemas. Unha posible explicación refírese a cómo está formulada a pregunta, xa que as respostas poden vir motivadas porque non hai moito espazo para a creatividade ou a orixinalidade neste ámbito de estudo.

De todos modos, para o curso 2017/2018 fórmulase a necesidade de fomentar actividades e metodoloxías docentes que traballen esas competencias transversais.

Mántense moi alta a valoración dos programas de mobilidade. Pero detéctanse variacións importantes na valoración das prácticas externas, do profesorado da titulación e outros aspectos como a información pública.

7) Análise de que os titulados adquiren os resultados propostos na memoria:

A docencia do Grao en Enxeñaría Civil cumpre en todo o relativo aos resultados da aprendizaxe o establecido na memoria verificada da titulación e, polo tanto, tamén da Orden CIN que regula os estudos habilitantes para a profesión de Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas.

Aínda que nas primeiras enquisas que se realizan aos egresados éstos teñen unha baixa percepción da súa formación práctica, e boa da teórica, en contactos posteriores esta percepción mellora, decatándose de que os fundamentos teóricos que teñen asentados lles facilitan o seu desenvolvemento persoal e profesional no mercado laboral, mentres que no caso inverso non sería posible.

No curso 2016/2017 remataron os seus estudos 32 persoas. Distribúense en 10 da mención de Transportes e Servizos Urbanos, 10 da mención de Construcións Cívicas e 5 da mención de Hidroloxía, ademais de 7 enxeñeiros técnicos de Obras Públicas que realizaron o curso de adaptación ao grao a traveso da mención de Transportes e Servizos Urbanos. Considerase que o reparto de estudantes entre mencións é bastante equitativo, aínda que sería recomendable que se incrementase o número de estudantes que cursan a mención de Hidroloxía. En todos os casos, os Traballos Fin de Grao elaborados e defendidos diante dun tribunal resultaron cunha calidade suficiente para garantir que adquiriron os resultados propostos na memoria e que están plenamente capacitados para desenvolver tarefas de carácter profesional neste sector.



### 3.- Análise dos indicadores da Directriz 2 para o Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.

O título de Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría cumpre os requisitos da orde CIN/323/2009, para formar enxeñeiros técnicos agrícolas nas catro especialidades posibles. O curso 2016-2017 foi o terceiro dende a súa implantación, en substitución dos graos en Enxeñaría Agrícola e do Medio Rural e en Enxeñaría das Industrias Agroalimentarias, actualmente en extinción. Estes procesos de implantación e extinción, ca migración de alumnos asociada, estanse levando a cabo sen incidencias resaltables.

Por outra banda no curso 15-16 comezou a ofertarse o dobre grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria (EAA) e en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural (EFMN), que no 16-17 chegou a segundo. A implantación deste itinerario formativo conxunto obrigou a facer algúns cambios organizativos en coordinación co grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural pero estase a facer con éxito.

No curso 16-17 se verificou a modificación da memoria do título encamiñada a compartir a organización docente de 90 ECTS nos dous primeiros cursos co grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural (GEFMN), derivado do plan de viabilidade deste último. Esta modificación entra en vigor no curso 2017-2018, aínda que non será ata o seguinte cando haxa cambios que afecten á organización docente.

En todas as modificacións do título se fai unha campaña de información para o profesorado e o alumnado, con reunións e comunicacións en grupo, pero tamén con atención personalizada. Cada cambio implica unha previsión da compatibilización e transición dun plano a outro e unha vez implantado se fai un seguimento dos alumnos afectados por estes cambios para ir solucionando os pequenos atrancos que xorden.

- Resultado da análise realizada de todas as accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

- o cumprimento de guías docentes;

Nos últimos cursos vense realizando anualmente a revisión de guías docentes para comprobar que se axustan ó previsto nas fichas das materias da memoria verificada da titulación e se evitan solapes e lagoas. Logo de varias revisións anuais se atende preferentemente ás que son modificadas, centrando a atención nos apartados de contidos, competencias e sistema de avaliación (reunión da CT do 22/06/17)

- o procedementos de coordinación,

A Comisión de Título se reúne periodicamente para tratar diversos asuntos da titulación e propiciar a coordinación vertical e horizontal. A propia revisión das guías docentes é un instrumento de coordinación. Os coordinadores do título, dos cursos e de TFG fan reunións con alumnos e profesores tanto para lles dar información como para recollela, e dan conta á Comisión de Título.

Ademais para temas concretos nos que se detectan necesidades especiais se artellan os mecanismos de coordinación que se consideran máis eficaces. No curso 16-17 se puxo en marcha unha acción de mellora (GEAA\_AM-1) que tiña por obxecto á mellora da coordinación en dous aspectos concretos: as prácticas de campo e o TFG, así como as reunións informativas cos estudantes.

O traballo da Comisión de Calidade o contacto coa dirección da escola e a súa participación nas comisións de título permite tamén ter accións coordinadas con outros graos da EPSE.

- o resultados de materias e títulos;

A taxa de avaliación segue a ser alta por riba do 75 %, moi alta para 2º a 4º cursos, pero baixou considerablemente no primeiro curso, do case 80% do curso 2014/15, ó 72% do 15/16 ata ó 60% deste ano. En primeiro Matemáticas I baixa

do 50% e hai outras 3 materias que baixan do 55% (Física, Bioloxía e Matemáticas II). Nos outros cursos ningunha baixa do 70%, o cal supón unha mellora sobre todo en 3º, onde o ano pasado había tres materias con menos do 60%. A diferenza entre 1º e 4º aumentou a máis de 30 puntos. O alto grao de presentación aos exames fai supoñer que tamén foi alta a asistencia e a realización do resto de actividades avaliábeis, o que xustifica a boa taxa de éxito, que sube progresivamente de 1º a 4º, como viña pasando en cursos anteriores.

Nos TFG, a taxa de éxito é moi alta, pero a de avaliación é baixa en xeral, aínda que hai diferenzas entre especialidades. Moitos alumnos que se matriculan do TFG non son quen de presentalo nese curso, pero cando chegan a presentalo o superan. Parece bastante xeneralizado que no 4º curso se xunten as materias dese curso e o TFG con outras materias pendentes de cursos anteriores, o que fai pouco viable completar os estudos en 4 anos. Aínda non hai datos de duración media dos estudos, todo parece indicar que podería estar sensiblemente por riba do previsto e xa se están tentando tomar medidas para reduci-la.

A taxa de rendemento xeral ronda o 60 %, que é similar á de outros graos do centro, aínda que inferior á da USC e á do SUG, o que se explica pola ser graos e de ensinanzas técnicas, que soen ter maior dificultade que outro tipo de títulos. En primeiro sigue a ser baixa, e baixou respecto ó ano pasado; empeorou en materias que xa a tiñan baixa, destacando un 15,9% en Matemáticas I e un 29% en Matemáticas II; e varias materias máis con menos do 35%. En segundo curso destaca por baixo Edafoloxía, con un 14% de TR. Nos cursos superiores aumenta o rendemento e as diferenzas respecto da taxa de éxito vanse reducindo, aínda que en 3º curso volve habelas porque a pesares de que o rendemento é alto na maioría, e maior que nos anos precedentes, son varias as materias con apenas 50% de aprobados, destacando Termotecnia e Instalacións Térmicas cun 36,4%.

No que respecta ás cualificacións, a media segue a ser baixa, en todos os cursos, con maioría de estudantes que superan a materia co aprobado; pero houbo mais matrículas de honra en todos os cursos (10 en 1º, 6 en 2º, 7 en 3º e 9 en 4º), cun porcentaxe alto de materias que deron a que lles corresponde. Como en anos anteriores, as cualificacións das optativas son mellores que nas obrigatorias. Hai varias materias, sobre todo no primeiro curso, con porcentaxes de suspensos superiores ó 20%. Os proxectos fin de grao tiveron cualificacións extremas, dominando o aprobado e o sobresaínte. Nas prácticas externas as cualificacións foron moi altas, maioría de sobresaínte o cal está moi ben, pero habería que ver si os tiores na empresa e a USC están a avaliar seriamente os distintos apartados.

No curso ponte a taxa de avaliación é do 80 %, máis alta que no grao, pero a de éxito é só do 62% polo que o rendemento sitúase ó redor do 50 %, inferior á media do grao. As características dos alumnos, de maior idade que no grao e que frecuentemente compaxinan os estudos con traballo pode explicar os resultados algo peores.

o análise do perfil real de ingreso/egreso,

Estudantes de novo ingreso

Segundo os datos proporcionados pola CiUG, o número de estudantes de novo ingreso na titulación de Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria no curso 2016-2017 foi de 35 alumnos, sobre un total 45 de prazas ofertadas cubrindo, polo tanto, o 78% da oferta. A meirande parte dos novos alumnos son homes (71%). O alumnado de novo ingreso procedía nun 74% de Bacharelato e un 26% accedeu dende a Formación Profesional. A maior parte da matrícula fíxose no mes de xuño (80%). Houbo un incremento na matrícula con respecto o curso anterior que fora de 29 alumnos de novo ingreso.

O alumnado ingresado, procedente de Bacharelato, accedeu cunha nota media de 6.776 , e o que viña da Formación Profesional o fixo cunha cualificación media de 6.804. En conxunto, o 74% dos alumnos accederon cunha nota de 6 o superior. A nota de corte foi de 5.3. O 80% dos matriculados elixiron esta carreira como primeira opción. Polo tanto, os estudantes presentan mediana aptitude académica e boa preferencia pola titulación.

Polo que se refire a procedencia xeográfica dos alumnos, hai que dicir que a inmensa maioría son galegos (85.7%), destacando unha elevada porcentaxe da provincia da Coruña (45.7%) e unha baixada dos alumnos da provincia de Lugo que viñan sendo a maioría. Accederon, unicamente, dous alumnos procedentes doutras comunidades e 3 alumnos dende países fora de UE. O Grao, no seu conxunto, conta no curso 2016-2017 con 175 alumnos que nun 92.57% proceden de Galicia.

No curso ponte entraron 5 alumnos novos, facendo un total de 13 matriculados, dos que 12 son galegos.

No dobre grao EAA-EFMN entraron 10 alumnos, cubrindo tódalas prazas ofertadas. Deles 8 procedían de bacharelato e 2 de FP; só un é de fora de Galicia e dos galegos a maioría son da provincia da Lugo, seguida por Coruña. A nota media de ingreso dos procedentes de bacharelato é algo maior que no grao, aínda que non a do que procede de FP nin tampouco a nota de corte, que é incluso inferior, practicamente de 5.

Inserción laboral dos estudantes egresados



A pesares de que e a primeira promoción deste grao comezou os seus estudos no curso 2014-2015 e non lle toca rematalos ata o 2017-2018, xa houbo alumnos que remataron os estudos, tanto algúns que se incorporaron a este grao dende un dos que veu a substituír, coma do curso ponte. No curso 2016-2017 remataron co seu TFG 22 alumnos. Deles 16 remataron o grao: 9 da especialidade de Explotacións Agropecuarias, 3 de Hortofruticultura e Xardinería, 2 de Mecanización e Construcións Rurais e 2 de Industrias Agroalimentarias. Os outros 6 remataron o curso ponte: 3 da especialidade de Industrias Agroalimentarias e 1 de cada unha das outras tres. De todos os xeitos non todos os que remataron os estudos se titularon porque a algúns lles faltaba certificar o nivel B1 de lingua estranxeira, a pesares das campañas de información nas que se recomenda obtelo o antes posible. A situación máis frecuente no curso ponte.

Só dous titulados se matricularon no master en Enxeñaría Agronómica da escola, aínda que se ten constancia de que algúns outros cursaron outros másters. A transición do grao ó máster na escola non está sendo tan boa coma se quixera. Por iso se ten previsto facer una presentación do máster ós alumnos de 4º curso para informalos do itinerario académico e da súa utilidade profesional.

Dado o recente da titulación non hai datos de inserción laboral dos egresados deste grao nin sequera nos dous ós que substitúe. Por este motivo a información que se presenta está baseada nos datos dispoñibles para a titulación de Enxeñaría Técnica Agrícola.

O informe de inserción laboral da ACSUG (2015) a partir dunha enquisa a 44 titulados do curso 2010-2011 indicaba que algo máis da metade atopara emprego nos 3 primeiros meses trala titulación, pero os restantes tardaron máis dun ano, cun tempo medio de 9 meses, máis longo no caso dos homes que das mulleres. No ano 2015 estaban traballando só o 55,6 %, sendo os da especialidade de Mecanización e Construcións Rurais os que menos. Sobre o 90 % dos que traballan o fan en algo relacionado coa titulación.

Pola súa banda o estudio “Variables e Indicadores de Seguridad Social. Análisis transversal. SIIU (Ministerio de Educación)” para la titulación de Enxeñeiro Técnico Agrícola, indica que para os egresados do curso 2013-2014, un ano despois de egresar (datos de 23 de marzo de 2015) a taxa de afiliación a Seguridade Social oscilou entre o 12,5 % da especialidade de Industrias Agroalimentarias e o 71.4 % da de Explotacións Agropecuarias; e ós dous anos oscilaba entre o 37.5% da especialidade de Industrias Agroalimentarias e o 77.8 % da de Explotacións Agropecuarias. Os contratos se reparten bastante regularmente entre temporais e indefinidos, dominando os de tempo completo. Entorno ó 40 % están cotizando no grupo de universitario, mentres o resto se reparte entre os grupos medio e baixo. Estes datos son mellores que os de promocións anteriores. As taxas de inserción laboral a dou anos eran claramente máis baixas para os egresados no curso 2009-2010, salvo na especialidade de Industrias Agroalimentarias que se manteñen. Hai tamén unha maior tendencia ós contratos indefinidos e de tempo completo. Sen embargo o grupo de cotización non mellora moito.

o análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.

Na memoria da titulación a previsión de resultados da aprendizaxe se fixo en base a uns valores das taxas de eficiencia (>85 %) de graduación (>40 %) e abandono (<25 %) que deberían ser acadados. Sen embargo estes polo de agora estas taxas non poden ser calculadas xa que polo de agora non rematou a primeira promoción. O único dato con que se conta e a taxa de abandono durante o primeiro curso que é do 4 %, que é moderada, pero que non ten que estar moi relacionada ca taxa de abandono total porque responde a alumnos que comezan os estudos pero non atopan o que buscaban e mudan de titulación ou abandonan os estudos universitarios. A taxa de rendemento antes comentada pode facer pensar que a elevada taxa de eficiencia prevista (> 85 %) sexa difícil de acadar. Pola conta a experiencia fai pensar que si se poida acadar una taxa de graduación por riba do 40 % previsto.

Nas enquisas realizadas ós estudantes valoran ben o grao de competencias que adquiren, cunha puntuación media de 3.67 sobre 5, por riba da media da USC, e unha puntuación mínima de 3.

#### 4.- Análise dos indicadores da Directriz 2 para o Grao en Topografía e Xeomática

O grao de Enxeñaría en Xeomática e Topografía, atópase nestes momento en proceso de supresión, segundo o anunciado pola Xunta de Galicia na presentación do Mapa de Titulacións no Sistema Universitario de Galicia (SUG) para o período 2017-2021, o 30 de outubro de 2017. Neste caso, o SGC da USC, ten documentado o sub-proceso PC-

03 Suspensión do Título, segundo o cal é responsabilidade do centro garantir o desenvolvemento dos estudos, e a Comisión do título o seguimento da docencia, co obxectivo de garantir que os/as estudantes que iniciasen os correspondentes estudos van dispoñer dun adecuado desenvolvemento efectivo dos mesmos ata a súa finalización. Para dar cumprimento ao cal, a Comisión do Título de Grao en Enxeñaría en Xeomática e Topografía e a EPS de Enxeñaría levarán a cabo a extinción do título dun xeito progresivo, e dicir, de acordo coa temporalidade prevista no correspondente plano de estudos, extinguírase un curso da titulación por ano académico a partir da comunicación oficial da extinción do título. De tal forma que, curso a curso, realizárase o seguimento do estado de extinción do título, analizando a calidade da docencia, os horarios, os calendarios de avaliación e os resultados da mesma, facendo os axustes necesarios para garantir que os alumnos matriculados poidan concluír os seus estudos nesta universidade.

Durante o proceso de extinción do plano de estudos os estudantes terán dereito aos exames e ás titorías correspondentes nas materias sen docencia pero con dereito a exame, podendo dispoñer de catro convocatorias de exame consecutivas, dúas por cada curso académico consecutivo e contadas a partir da data de extinción oficial da docencia da materia, estimándose así un prazo mínimo de 6 anos para rematar a suspensión do título de grao, garantindo que os estudantes reciban a adecuada docencia e avaliación.

### 5.- Análise dos indicadores da Directriz 2 para o Máster en Enxeñaría de Montes

1) Cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire.

O Máster en Enxeñaría de Montes pola USC xurdiu para dar continuidade aos egresados do Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural pola USC, así como a aqueles alumnos procedentes doutras universidades que reúnan os requisitos de admisión. Este máster habilita para o exercicio da profesión de Enxeñeiro de Montes segundo dispónse na Orde CIN/326/2009, do 9 de febreiro (BOE de 19 febreiro de 2009), a cal indica non seu apartado 4.2 as condicións de acceso ao máster.

No que respecta á memoria do título, a oferta de módulos e materias correspóndese co plan de estudos verificado e non houbo modificacións substanciais á memoria do título neste último curso académico. En todo caso, é importante destacar que durante o curso académico 2016/17 renovouse a acreditación do título (Resolución do 11 de xullo de 2017, do Consello de Universidades) e que, no informe final de avaliación da devandita acreditación indicouse a necesidade de modificar a memoria de título para incluír todos os cambios que se viñeron realizando nos tres últimos anos, referentes fundamentalmente ás melloras introducidas na información das guías docentes. Por tanto, resulta procedente iniciar o proceso de modificación da devandita memoria, seguindo o calendario previsto para a implantada no curso 2019/20.

2) Cumprimento de guías docentes.

Durante os últimos anos realizouse un proceso continuo de revisión das guías docentes e de seguimento do seu cumprimento por parte da Comisión de Título. Para elo, realizáronse reunións cos alumnos por parte dos coordinadores de curso e especialidade para detectar duplicidades e incumprimentos, non sendo necesario realizar ningunha actuación durante o último curso académico.

3) Procedementos de coordinación.

A Comisión de Título encárgase da coordinación vertical e horizontal. Existen coordinadores de curso e coordinadores de especialidade que teñen reunións cuadrimestrais cos alumnos e informan á comisión sobre calquera incidencia relacionada co desenvolvemento da titulación. Ademais, a comisión de título réunese con asiduidade para avaliar o devandito desenvolvemento (realizáronse 5 reunións da comisión de título durante o curso 2015/16 e 12 durante o curso 2016/17).

4) Resultados de materias e títulos.

A análise dos resultados das enquisas de satisfacción do alumnado con cada unha das materias da titulación mostra que a valoración global das materias de primeiro curso é de 4,92 sobre 5, superando o 100% das materias a cualificación global de 4,5 sobre 5. No que respecta ás materias de optatividade de segundo curso, a media global é de 4,33 sobre 5, cun 67% das materias superando a cualificación global de 4. Os resultados son positivos, de todos os xeitos, aínda que a porcentaxe de participación é alta, o baixo número de alumnos condiciona a valoración dos resultados.

5) Análise do perfil

real de ingreso/egreso.

No perfil de ingreso estabilizouse o cambio de tendencia observado nos últimos anos: no curso 2013-14 dos 13 ingresados, un 85% procedía das antigas titulacións de Enxeñaría Técnica Forestal ou Enxeñaría de Montes mentres que tan só ou 15% restante eran Graduados en Enxeñaría Forestal. Non último curso a avaliar (2016-2017) ou 100% dous alumnos de novo ingreso son Graduados en Enxeñaría Forestal. En canto á porcentaxe de matriculados que son egresados dá USC (IN13M-PC-05), redúcese moi lixeiramente respecto do ano anterior (pasa do 64,29% ao 58,33%). A nota media de acceso por preinscrición (IN06M-PC-05) situouse non curso 2015-16 en 7,12, reducíndose non curso 2016/17 a 6,44. Ademais, a porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis (IN07M-PC-05) pasou do 83,33 ao 50 por cento. En ningún dos cursos analizados se matriculou algún estudante estranxeiro (IN08M-PC-05), e a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia (IN09M-PC-05) reduciuse do 28,57% no curso 2015-16 ao 16,67% no curso actual. Os datos anteriores reflicten dúas tendencias preocupantes que merecen un seguimento en anos sucesivos. A primeira é a redución da porcentaxe de alumnos de fóra de Galicia e a segunda o descenso na “calidade” do alumnado de novo ingreso.

En canto aos egresados, o último informe de inserción laboral proporcionado a partires de datos do Ministerio de Educación para a cohorte 2013-2014 (4314244\_EIL-SIIU\_2015-2016.pdf), situábase nun 33% tanto un ano como dous máis tarde. A calidade do posto de traballo correspóndese co nivel de titulación acadado. Non obstante, e segundo os nosos propios datos de egresados, os titulados desa cohorte están actualmente empregados e o 50% seguen a traballar no mesmo posto de traballo que ocupaban antes de rematar o Máster. Este último dato é coherente cos datos do SUG onde o 57,5% dos titulados de máster na rama de Enxeñaría e Arquitectura continuaron no mesmo emprego que tiñan antes de titularse.

6) Análise de se os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.

A comprobación de se os alumnos alcanzan os resultados da aprendizaxe faise en base ás seguintes consideracións: a asistencia a clase, a realización de probas orais e/ou escritas, a realización de exercicios, o aproveitamento das prácticas, os traballos entregados e/ou expostos, e a participación do alumnado nas actividades da aula. Na guía docente de cada materia indicase o peso que se lle outorga a cada unha destas actividades, nun proceso de avaliación continua que depende da natureza de cada materia. Así mesmo, no caso de optarse pola realización dun exame final, tamén se fixa na guía docente a súa importancia relativa na superación da materia.

Como xa se comentou, durante os últimos anos realizouse un proceso continuo de revisión anual de guías docentes que garante que as competencias establecidas pola memoria verificada son traballadas e avaliadas. Ademais, o tamaño dos grupos permite unha ensinanza personalizada e adaptada ao tipo de alumnado en cada curso.

No tipo de estudos que estamos a analizar, as enxeñarías, a comprobación da adquisición de resultados de aprendizaxe realízase tamén, en último caso a través do TFM que debe permitir comprobar a adquisición de parte das competencias profesionais para as que acredita o título, tal e como se establece na Orde CIN/326/2009.

Na enquisa realizada aos alumnos no curso 2016/17 acerca da súa percepción na adquisición de competencias (INF-22) os resultados foron de 3,5 puntos sobre 5, valor que está por encima da media da USC para o mesmo curso (3,23). Os resultados desta mesma cuestión nas enquisas realizadas ao profesorado (INF-23) deron un valor de 3,85 sobre 5, algo por baixo da media da USC (3,98).

## 6.- Análise dos indicadores da Directriz 2 para o Máster Universitario en Enxeñaría Agronómica

- 1) Cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire.

Máster en Enxeñaría Agronómica pola USC xurdiu para dar continuidade aos egresados do Grao en Enxeñaría Agrícola e do Medio Rural, e Grao en Enxeñaría das Industrias Agroalimentarias pola USC (así como os graos doutras universidades españolas que outorguen as competencias establecidas na Orde Ministerial CIN/325/2009; p.e.: Grao en Enxeñaría Agraria pola UVIGO). Enxeñaría Técnica Agrícola (con complementos, que deben cursarse previamente ou simultaneamente ao 1º curso do máster).

Este máster habilita para o exercicio da profesión regulada de Enxeñeiro Agrónomo, ao cumprirse o estipulado na Orde CIN/325/2009.

No que respecta á memoria do título, a oferta de módulos e materias correspóndese co plan de estudos

verificado e non houbo modificacións substanciais á memoria do título neste último curso académico. O máster cumpre o incluído na memoria verificada para a implantación de modificacións.

2) Cumprimento de guías docentes.

Durante os últimos anos realizouse un proceso continuo de revisión das guías docentes e de seguimento do seu cumprimento por parte da Comisión de Título. Para elo, realizáronse reunións cos alumnos por parte dos coordinadores de curso e especialidade para detectar duplicidades e incumprimentos, non sendo necesario realizar ningunha actuación durante o último curso académico. En principio se presupón o cumprimento das guías docentes. Non se recibiu ningunha queixa ao respecto.

3) Procedementos de coordinación.

A Comisión de Título encárgase da coordinación vertical e horizontal. A Comisión do Título dispón de mecanismo de coordinación, cun Coordinador do Título, un Coordinador de Curso e un Coordinador por cada unha das especialidades. A coordinación faixe en reunións periódicas que quedan rexistradas en actas. No curso 2016-2017 realizáronse 12 reunións da comisión de título.

Unha vez detectado por parte do Coordinador do Primeiro Curso un problema relacionado coa dificultade dos alumnos coa presentación de traballos das materias, procedeuse a programar ás entregas empregando una Táboa excel onde aparecen os traballos requiridos nas distintas materias e os momentos requiridos de entrega, facendo unha distribución no tempo máis axeitada os requirimentos dos alumnos.

4) Resultados de materias e títulos.

Das materias:

A análise dos resultados das enquisas de satisfacción do alumnado con cada unha das materias da titulación amosa unha grande dispersión nos resultados, condicionados en gran parte pola irregular taxa de resposta rexistrada, que oscila entre o 14 e o 100 % de respostas.

A satisfacción do alumnado coa docencia recibida (valoración media da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida): 4,07 (valor en continuo aumento dende o inicio da titulación). Acorde coa Satisfacción do profesorado coa docencia impartida (valoración media da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida. Permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a docencia que imparten): 4,26.

Do título:

Taxa de graduación (relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis e a súa cohorte de ingreso): 60%.

Eficiencia dos titulados (relación porcentual entre o número total de créditos do plan de estudos nos que deberon matricularse ao longo dos seus estudos o conxunto de egresados dun determinado ano académico e o número total de créditos nos que realmente se matricularon): 100%.

Taxa de abandono RD 1393/2007 (relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior): 0%.

Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación (valoración media das preguntas relativas á satisfacción coa titulación da enquisa de egresados): 2,21.

A satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible (valoración media da enquisa de satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible): 2,80

Grao de satisfacción dos egresados cos servizos (valoración media das preguntas relativas á satisfacción cos servizos da enquisa de egresados): 3,00.

5) análise do perfil real de ingreso/egreso, número de alumnos ingresados no ano 2016-2017 foi de 4, moi por debaixo dos 40 totales potenciales (taxa de ocupación 10,5%). Os alumnos procederon do Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria (2) e do Grao en Enxeñaría Agrícola e do Medio Rural (2).

6) Análise de se os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.

A nota media dos alumnos de novo ingreso no ano 2016-2017 foi de 6,91, algo por debaixo dos dous anos anteriores, pero todos eles por encima de 6. Ningún alumno foi estranxeiro. Un 7,4 % foi de fóra de Galicia.

Profesorado (INF.14) avalía o nivel co que chega o alumnado (coñecementos e habilidades suficientes para afrontarse aos contidos da materia) cun 3,86.

A porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións foi dun 50% no ano 2016-2017.

A taxa de éxito dos egresados (relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que foi egresado e o número total de créditos aos que se presentou): 98,77%.

Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados, relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que egresou e o número total de créditos nos que se matriculou) 98,77%.

No informe de acreditación a taxa de éxito das materias do plan de estudos (INF 17) foi do 100% en todas as materias para o curso 2016-2017.

No informe de acreditación a taxa de rendemento das materias do plan de estudos (INF 18) foi mais variable con alomenos 3 materias cunha taxa do 0%.

## 7.- Análise dos indicadores da Directriz 2 para o Máster Universitario en Dirección de Proxectos

1) Cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire.

No que respecta á memoria do título, a oferta de módulos e materias correspóndese co plan de estudos verificado e non houbo modificacións substanciais á memoria do título neste último curso académico. Cumprimento de guías docentes.

Durante os últimos anos realizouse un proceso continuo de revisión das guías docentes e de seguimento do seu cumprimento por parte da Comisión de Título, non sendo necesario realizar ningunha actuación durante o último curso académico, respecto á modificación da memoria aprobada no curso 15/16

2) Procedementos de coordinación.

A Comisión de Título encárgase da coordinación. Na comisión de título están incorporados dous alumnos do máster, que dan conta de tódalas incidencias que puideran suceder no mesmo. Ademais, a comisión de título reúnese con asiduidade para avaliar o devandito desenvolvemento (realizáronse 8 reunións da comisión de título durante o curso 2015/16 e 8 durante o curso 2016/17).

3) Resultados de materias e títulos.

Da análise dos principais indicadores en relación coa satisfacción coa docencia tanto de egresados, como alumnos e



profesorado, os valores acadados son altos, manténdose no curso 16/17 en valores semellantes aos acadados no curso 15/16. Cabe destacar o éxito da acción de mellora implementada de cara a garantir a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción dos alumnos coa docencia recibida. Este esforzo permitiunos acadar unha % de participación do 100 %, o que confire ao elevado valor obtido, 4,07 sobre 5, unha especial relevancia no que se refire a este indicador.

#### 4) Análise do perfil real de ingreso/egreso.

Examinando o perfil de ingreso dos alumnos do máster no curso 16/17, obsérvase como se mantén a tendencia de anos anteriores, de xeito que existen un elenco moi amplo de titulacións coas que acceden os alumnos ao máster, se ben existe un sesgo claro hacia o ámbito das enxeñarías e arquitectura (95 %) contando unicamente cun titulado procedente dunha titulación non “enxeñaril” que é o caso dun licenciado en bioloxía. Continúa a incrementarse no curso 16/17 a porcentaxe de titulados superiores que acceden ao máster, en relación co curso 15/16, acadando unha porcentaxe do 53 % en relación cos graduados, diplomados ou enxeñeiros técnicos. Precisamente e de cara a divulgar a xestión de proxectos, disciplina cun carácter marcadamente transversal e non restrinxida ao ámbito enxeñaril, a comisión académica propón como acción de mellora a implementar a difusión da dirección de proxectos no alumnado do ensino medio, como xeito de estimular o interese por esta disciplina e fomentar que adquiran formación neste ámbito, con independencia dos estudos que dexesen realizar.

#### 5) Análise de se os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.

A comprobación de se os alumnos alcanzan os resultados da aprendizaxe faise en base ás seguintes consideracións: a asistencia a clase, a realización de probas orais e/ou escritas, a realización de exercicios, o aproveitamento das prácticas, os traballos entregados e/ou expostos, e a participación do alumnado nas actividades da aula. Na guía docente de cada materia indicase o peso que se lle outorga a cada unha destas actividades, nun proceso de avaliación continua que depende da natureza de cada materia. Así mesmo, no caso de optarse pola realización dun exame final, tamén se fixa na guía docente a súa importancia relativa na superación da materia.

Como xa se comentou, durante os últimos anos realizouse un proceso continuo de revisión anual de guías docentes que garante que as competencias establecidas pola memoria verificada son traballadas e avaliadas. Ademais, o tamaño dos grupos permite unha ensinanza personalizada e adaptada ao tipo de alumnado en cada curso.

No tipo de estudos que estamos a analizar, as enxeñarías, a comprobación da adquisición de resultados de aprendizaxe realízase tamén, en último caso a través do TFM.

Na enquisa realizada aos alumnos no curso 2016/17 acerca da súa percepción na adquisición de competencias (INF-22) os resultados foron de 3,5 puntos sobre 5, valor que está por encima da media da USC para o mesmo curso (3,23). Os resultados desta mesma cuestión nas enquisas realizadas ao profesorado (INF-23) deron un valor de 4,50 sobre 5, moi superior a media da USC (3,98).

## 8.- Análise dos indicadores da Directriz 2 para o Máster Universitario en Xestión Sustentable da Terra e do Territorio

1) Cumprimento do  
incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso, e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire.

A oferta de materias actualmente en vigor correspóndese coa resultante da modificación da memoria aprobada en 2015. En 2016 o título recibiu avaliación positiva para a renovación da súa acreditación, e durante o curso académico 2016-2017 realizáronse accións de mellora encamiñadas a responder ás propostas recibidas no proceso. Neste senso realizáronse accións para visibilizar o perfil de egreso dos titulados tal e como se estableceu no Plan de Melloras derivado do proceso de renovación da acreditación do título. Neste plan de melloras tamén se recomendaba a mellora da xestión dos TFM que agora contan cun novo regulamento adaptado á normativa da USC e do centro. As competencias transversais foron introducidas nas Guías Docentes e existe un procedemento de revisión que se realiza cada ano. O máster ten presenza nas redes sociais, incrementouse o material didáctico noutras linguas e



mellorouse a información cara o alumnado. Aínda así, no necesario proceso de reflexión detectouse que existe espazo para a mellora neste último punto. Outras das accións de mellora que se derivaban da renovación da acreditación foron acometidas dende o centro: certificouse o Sistema Interno de Garantía de Calidade completándose toda a documentación, deseñáronse novos cuestionarios para a medición da satisfacción coa docencia, encargouse un informe técnico sobre as condicións de accesibilidade universal ao centro, publicouse a información requirida sobre medios materiais dispoñibles e publícase cada ano unha Guía do Estudante e finalmente mellorouse a xestión das prácticas externas e existe un protocolo que facilita o cambio de empresa se se demostra incumprimento por parte da entidade receptora do alumnado.

2) Cumprimento de  
guías docentes.

Durante os últimos anos realizouse un proceso de revisión das guías docentes e de seguimento do seu cumprimento por parte da Comisión de Título, que garante que as competencias do título son traballadas e avaliadas, de acordo ás metodoloxías e criterios de avaliación establecidas na memoria verificada.

3) Procedementos de  
coordinación.

A función de coordinación recae no profesor David Miranda Barrós, co correspondente apoio da Comisión Académica. Asemade existe un profesor coordinador para cada unha das materias e tamén un profesor coordinador dos Traballos Fin de Máster (Javier López González). A Comisión Académica do programa reúnese con regularidade para tratar aspectos relacionados co desenvolvemento do programa e conta con dous representantes do alumnado que acoden regularmente ás reunións.

4) Resultados de  
materias e títulos.

As enquisas de satisfacción realizadas ao alumnado da titulación mostran que os egresados teñen un alto nivel de satisfacción cos resultados obtidos (con valores consistentemente superiores a 4 sobre 5 nos últimos anos, en concreto de 4,3 no curso 2016-2017; IN42M-S01-PM-01) e coa docencia recibida (que segue unha tendencia ascendente e acadou 4,28 puntos sobre 5 no curso 2016-2017; IN46M-S01-PM-01).

5) Análise do perfil  
real de ingreso/egreso.

O perfil de ingreso real mantense en consonancia co apreciado nos últimos anos: as titulacións do campo da enxeñería e arquitectura (Enxeñería Técnica en Topografía, Enxeñería de Montes, Enxeñería Agrónoma e Arquitectura son as principais titulacións de acceso deste programa de máster, e suman entre elas aproximadamente o 60 % dos alumnos de novo ingreso do conxunto das edicións do programa desde 2010). É destacable a grande variedade da procedencia do 40 % restante, que mostra un total de 19 titulacións adicionais ao longo da vida do programa e continúa a ser variado nos cursos 2016-2017 e na admisión do curso 2017-2018. Consideramos que ambas son características propias do programa, dado que está orientado principalmente a un alumnado de perfil técnico relacionado coa terra e a súa utilización, pero se enriquece da participación de alumnos e profesores procedentes das ciencias sociais, ciencias experimentais e as humanidades.

A procedencia xeográfica do alumnado continúa a ser maioritariamente de diferentes lugares da comunidade autónoma de Galicia. No último curso destaca, non obstante, a ausencia do número habitual (2-5 por curso académico) de estudantes procedentes de países latinoamericanos. Entendemos que a situación económica destes países e o seu efecto sobre o programas de bolsas para mobilidade, xunto coa decisión da Universidade de elevar as taxas para estudantes procedentes de fóra do espazo europeo de educación superior poden explicar esta ausencia no curso 2016-2017 e no actual.

Respecto do valor de empregabilidade dos egresados, os valores obtidos a partir do seu seguimento en redes sociais mostra que se sitúa arredor do 30-40% no período de 1-2 anos desde o egreso, e arredor do 50% en anos posteriores. Este dato parece coherente coas tendencias habituais en titulacións da rama de enxeñería e arquitectura.

6) Análise de se os  
titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.

A comprobación de se os alumnos alcanzan os resultados da aprendizaxe faise, tal e como se indica na memoria vixente, en base ás seguintes consideracións: proba(s) de avaliación de coñecementos e competencias, aproveitamento das prácticas, realización de exercicios prácticos, realización e presentación de traballo(s), revisión, comentario ou discusión de textos, asistencia e participación en clase e /ou asistencia e participación nas visitas e actividades da aula. Na guía docente de cada materia indicase o peso que se lle outorga a cada unha destas

actividades, nun proceso de avaliación continua que depende da natureza de cada materia. Así mesmo, no caso de optarse pola realización dun exame final, tamén se fixa na guía docente a súa importancia relativa na avaliación da aprendizaxe.

No tipo de estudos que estamos a analizar, a comprobación da adquisición de resultados de aprendizaxe realízase tamén, en último caso a través do Traballo Fin de Máster (TFM) e da súa presentación pública e, se o alumno o desexa, das prácticas externas.

Dos indicadores da USC elaborados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, respecto dos resultados de aprendizaxe previstos na memoria, despréndese que a taxa de eficiencia dos egresados (IN53M-S01-PM-01) para o curso 2016-17 é dun 86,32%, inferior á do curso 2015-16 (98,59%) e, lixeiramente inferior á prevista na memoria de verificación, estimada nun 95%, contemplando a posibilidade de que algúns estudantes non poidan terminar algunhas materias nas que se matricularon.

Respecto da taxa de titulados ou taxa de graduación (IN37M-S01-PM-01), para o curso obxecto de estudo só o 46,15 % dos estudantes finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis en relación á súa cohorte de entrada, fronte á taxa de titulados estimadas na memoria, superior a un 90%. Este dato continúa coa tendencia descendente dos últimos anos.

Por último, a taxa de abandono (IN41M-S01-PM-01-Taxa de abandono RD 1393/2007), para o curso 2016-17 é dun 53,85%, moi superior ao 10% previsto na memoria do título e confirmando tamén a tendencia dos últimos anos. A causa estimada de abandono é principalmente a incompatibilidade entre estudo e traballo nos estudantes que traballan no momento da matrícula. Para tratar de solventar este problema, durante o curso 2016/2017 cursouse unha solicitude de modificación da memoria do programa para implantar un modelo de docencia semipresencial. O propósito deste cambio é facilitar a adaptación do ritmo de estudio aos alumnos que compaxinan o estudo coa actividade profesional.

### 9.- Formulación de accións de mellora do centro para o curso 2017-18

- Renovar a oferta do centro explorando a posibilidade de ofertar un novo Grao en Robótica e un Máster en GIS e Modelización 3D.

### Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

**Estándar:** o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións ten como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
  - admisión do alumnado (probos específicas, perfil, captación).
  - aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
  - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación.
  - Metodoloxía de ensinanza (adaptación a necesidades específicas de aprendizaxe, mecanismos de coordinación dos procesos de ensinanza-aprendizaxe).
  - Avaliación da aprendizaxe.
  - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
  - Prácticas externas.
  - Mobilidade.
  - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).

- Resultados de aprendizaxe.
- Indicadores de satisfacción e rendemento.
- Suxestións e reclamacións.
- Resultado da análise realizado de todas as accións desenvolvidas sobre a garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Nesta sección analizaremos os indicadores requiridos nesta directriz en dous niveis: de centro e de titulación. No primeiro nivel, analizaremos so aqueles indicadores que teñas relevancia globalmente e no segundo os que aporten a maior información local para a titulación.

## 1.- Análise a nivel Centro

### 1.1.- Análise da evolución da matrícula

Na táboa 1 sinálase a evolución dos indicadores relacionados coa revisión da oferta académica e de matrícula global no centro.

Código	Descrición	2015-16	2016-17
IN01C-PC-05	Prazas ofertadas	337,00	333,00
IN02C-PC-05	Matrícula	695,00	637,00
IN03C-PC-05	Matrícula de acceso	216,00	118,00
IN04C-PC-05	Matrícula de novo ingreso por prescrición	160,00	111,00
IN05C-PC-05	Variación da matrícula de novo ingreso por prescrición	-11,11	-30,63
IN06C-PC-05	Nota media de acceso por prescrición	6,75	6,80
IN07C-PC-05	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	72,48	75,47
IN08C-PC-05	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	2,16	2,04
IN09C-PC-05	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	7,34	6,28
IN10C-PC-05	Relación de estudantes prescritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas	39,00	33,50
IN12C-PC-05	Taxa de ocupación	47,48	36,33
IN14C-PC-05	Relación entre o número de matriculados en Másteres dun centro e o número de egresados dese centro	1,04	1,09
IN16C-PC-08	Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade	-	3,67

Táboa 1.- Evolución dos indicadores relacionados coa revisión da oferta académica e de matrícula global no centro.

En canto a evolución dos indicadores de matrícula (IN02C-PC-05, IN03C-PC-05, IN04C-PC-05 e IN05C-PC-05) cabe destacar a evolución negativa dos mesmos de xeito global. A matrícula de novo ingreso no curso 2016-2017 descendeu tanto nos Graos coma nos Másteres. Excepcións son o dobre grao Agrícolas-Forestais e o MDP que se mantiveron e o aumento da matrícula no MEA (pasou de 4 alumnos no curso 15/16 a 16 no actual). Para o conxunto dos títulos o descenso deste indicador sitúase no 54%.

A tendencia da matrícula de inicio de estudos foi á baixa dende o curso 2012-2013 e con tendencia negativa ata actualidade. A perda de alumnado de inicio de estudos débese relacionar tamén co descenso demográfico na comunidade autónoma e na provincia de Lugo, orixe xeográfica principal da maioría do noso alumnado, o abandono do Rural e a competencia de titulacións iguais nas Comunidades Autónomas limítrofes (Mieres e Ponferrada) e na propia (Pontevedra, Ourense e Coruña). Estas cifras indican que seguimos a precisar actuar a prol da promoción dos títulos. Por esta razón, a EPS de Enxeñaría ten elaborado Plans de Viabilidade e debido a isto e relacionado co proceso PC-05 de captación de estudantes, nos últimos anos decidiuse implementar accións de mellora para a promoción das titulacións e captación de alumnos de ensinanza secundaria que polo momento, non conseguen o seu obxectivo. Cómpre insistir nestas accións de mellora para a captación de estudantes para o Centro. O Centro solicita a USC a

redución da oferta académica para adecuala á demanda real. Por iso, como pode apreciarse no indicador de prazas ofertadas (IN01C-PC-05), houbo un descenso de 5 porque a USC só concede reducións dun 5% por ano en cada grao.

Cabe destacar tamén a evolución lixeiramente positiva da nota media de acceso por preinscrición. O resto dos indicadores da táboa 1 amosan tamén unha evolución positiva, a excepción do intervalo dende IN08C-PC-05 ata IN10C-PC-05, como consecuencia no retroceso da matrícula, tanto locais, nacionais coma estranxeiros.

A análise do perfil real de ingreso lévase a cabo a nivel de título e pode consultarse nos correspondentes apartados de cada titulación.

## 1.2.- Resultados da aprendizaxe

Na táboa 2 sinálase a evolución dos indicadores relacionados relacionados cos resultados da aprendizaxe a nivel de centro para grao e máster.

Código	Descrición	2015-16	2016-17
IN34CG-S01-PM-01	Taxa de rendemento	56,68	59,01
IN34CM-S01-PM-01	Taxa de rendemento	86,83	81,18
IN35CG-S01-PM-01	Taxa de éxito	77,48	78,12
IN35CM-S01-PM-01	Taxa de éxito	97,91	99,48
IN36CG-S01-PM-01	Taxa de avaliación	73,15	75,54
IN36CM-S01-PM-01	Taxa de avaliación	89,13	81,61
IN37CG-S01-PM-01	Taxa de graduación	31,43	23,64
IN37CM-S01-PM-01	Taxa de graduación	69,05	72,34
IN38CG-S01-PM-01	Duración media dos estudos	5,32	5,97
IN38CM-S01-PM-01	Duración media dos estudos	1,39	1,69
IN39CG-S01-PM-01	Eficiencia dos titulados	98,8	86,73
IN39CM-S01-PM-01	Eficiencia dos titulados	98,17	95,89
IN40CG-S01-PM-01	Taxa de abandono durante o primeiro curso	26,19	16,44
IN41CG-S01-PM-01	Taxa de abandono RD 1393/2007	24,29	34,55
IN41CM-S01-PM-01	Taxa de abandono RD 1393/2007	23,81	38,3
N51CG-S01-PM-01	Taxa de idoneidade na graduación	2,86	7,27
IN53CG-S01-PM-01	Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)	82,98	75,24
IN53CM-S01-PM-01	Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)	97,02	94,06
IXA-C04	Porcentaxe de actas fóra de prazo	16,43	6,11

Táboa 2.- Evolución dos indicadores relacionados cos resultados da aprendizaxe a nivel de centro para grao e máster.

Como pode apreciarse, os valores dos indicadores da táboa 2 son, en termos absolutos, mellores para os másters que para os graos. A evolución temporal para IN34CG-S01-PM-01, IN35CG-S01-PM-01, IN36CG-S01-PM-01, IN40CG-S01-PM-01 é positiva en todos eles, non obstante, no caso dos máster a tendencia non está tan clara. A taxa de eficiencia dos titulados para grao (IN39CG-S01-PM-01) e para máster (IN39CM-S01-PM-01), en ámbolos dous casos, descende aínda que máis lixeiramente para os másters. Na taxa de duración media dos estudos (IN38CG-S01-PM-01, IN38CM-S01-PM-01) este indicador sube lixeiramente en graos e másters.

Respecto a taxa de abandono RD 1393, tanto para graos como máster presenta unha evolución á alza de máis de 10 puntos porcentuais respecto do ano pasado. Este resultado invértese nos graos, se consideramos só a taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40CG-S01-PM-01). Unha completa análise sobre estes valores, a nivel de título, preséntanse nos apartados de seguimento correspondentes, e pódese comprender cales son os factores que máis inflúen en cada un dos graos analizados.

A taxa de idoneidade da graduación (IN51CG-S01-PM-01), representa a relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou antes e a súa cohorte de ingreso. Debido a isto debe ser analizada por título e non por centro, xa que as circunstancias particulares de cada un dos títulos de grao impartidos na Escola condicionan os valores obtidos.

Finalmente cabe sinalar a mellora da eficiencia nos procesos administrativos de avaliación que da como resultado unha evolución positiva na porcentaxe de actas fora de prazo (IXA-Co4) pasando de 16.43 a 6.11. Se para o próximo ano se mantén a tendencia descendente acadaremos a taxa de 0% actas fora de prazo, un fito para un Centro tan grande e variado como é a EPS de Enxeñaría.

### 1.3.-Indicadores de satisfacción a nivel Centro

Na táboa 3 sinálase a evolución dos indicadores de satisfacción a nivel de Centro, relacionados cos programas de mobilidade e prácticas externas nos dous últimos cursos académicos.

Respecto á satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade (IN16C-PC-08) o resultado acadado (3,67, nunha escala de 1 a 5) é satisfactorio. A mesma evolución pódese apreciar na porcentaxe de estudantes enviados en programas de mobilidade (IN17C-PC-08). Por outra banda, obsérvase una diminución na porcentaxe de estudantes recibidos (IN18C-PC-08) e enviados (IN17C-PC-08) de programas de mobilidade sobre o total de matriculados.

Tanto a nivel de Centro como dende as comisións académicas de cada un dos títulos formuláronse accións de mellora para potenciar tanto a información dos programas de mobilidade como o número de convenios con outras universidades. Debemos insistir neste tipo de accións para aumentar estes indicadores.

Código	Descrición	2015-16	2016-17
IN16C-PC-08	Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade	--	3.67
IN17C-PC-08	Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados	1.73	1.41
IN18C-PC-08	Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	4.17	2.98
IN22C-PC-09	Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións	40.8	27.73

Táboa 3.- Evolución dos indicadores de satisfacción relacionados cos programas de mobilidade e prácticas externas a nivel de centro.

Un aspecto interesante da calidade na aprendizaxe son as prácticas externas. Estas son voluntarias para os Graos e para algúns másteres, e obrigatorias nos MEM e MEA. A porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións sitúase arredor do 30% para o conxunto do centro. Como froito da avaliación externa dos títulos arbitrouse accións de mellora para actualización dos procedementos de asignación de prácticas, información subministrada aos alumnos e aumento da bolsa de prácticas externas. Cómpre seguir con este tipo de accións para mellorar os valores deste indicador.

### 1.3.- Avaliación da docencia

A satisfacción coa docencia recibida o informe facilitado pola USC ofrece valoracións boas para o conxunto dos títulos. Se a media da satisfacción para os Graos está no 3.9 (GEC, GEAA, GEFMN e o Dobre grao) superando en 2 décimas a curso anterior. No caso dos estudos de máster a media está en 4,3 puntos, por encima da do ano anterior (3,88). De todos xeitos é preciso mellorar o grao de participación nas enquisas do centro. Débese incidir de novo neste senso no novo Plan de Melloras.

### 1.4.- Formulación de accións de mellora do centro para o curso 2017-18

- O centro asume e centraliza todas as accións de visibilización e promoción das titulacións (programa a Ponte, visitas a centros de bacharelato e secundaria, etc.)
- O centro asume e centraliza todas as accións de mellora sobre empregabilidade dos egresados e prácticas externas (organización do Foro de Empresas, charlas de emprendemento e búsqueda activa de emprego).
- O centro asume e centraliza todas as accións de fomento da mobilidade (charlas informativas coa colaboración da ORE e do Centro de Linguas modernas, International Day organizado polo Vicerreitorado de Internacionalización) deixando para os máster a posibilidade de organizar charlas informativas específicas para este colectivo especial (Erasmus+ prácticas).

## 2.- Análises a nivel Títulos

### 2.1.- Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural

Durante el pasado curso académico 2016-2017 la Comisión del Grado en Ingeniería Forestal y del Medio Natural de la Universidad de Santiago de Compostela celebró 14 reuniones, durante las cuales tuvo que ocuparse de un amplio abanico de asuntos, algunos de los cuales se refieren directamente a la Directriz número 3.

Uno de los aspectos esenciales para la buena marcha de la titulación es asegurar la captación de alumnado, por lo que la Comisión de Título trató de las diferentes medidas para atraer estudiantes al Grado en cuatro reuniones (entre febrero y mayo de 2017, fechas en las que los estudiantes de Enseñanza Secundaria concluyen sus estudios y deciden sobre su futura formación). En dos ocasiones durante el curso, la Comisión tuvo que resolver sobre la validación de estudios a alumnos procedentes de otras titulaciones. Además de estas medidas coyunturales adoptadas para atraer alumnado, se abordaron mejoras estructurales con el mismo fin. En concreto, se actualizó el sistema de validaciones de créditos a los estudiantes procedentes de Ciclos Superiores de Formación Profesional para favorecer su acceso al Grado.

En lo referente a la aplicación de normativas predefinidas que atañen a la actividad del alumno, además del mencionado cuadro de validaciones para Formación Profesional, se actualizó la reglamentación referente a Trabajos Fin de Grado y la relación de posibles temas sobre los que realizar dichos trabajos. Con ello se ajustaba la actividad de la Comisión de Título al marco normativo de la Escuela Politécnica Superior de Ingeniería y al de la Universidad en materia de Trabajos Fin de Grado. Así mismo, la Comisión tuvo que tramitar otros asuntos de su competencia en este ámbito: orientación a alumnos sobre competencias profesionales en Trabajos Fin de Grado (una reunión), evaluación de propuestas de Trabajos Fin de Grado (cuatro reuniones) y constitución de comisiones examinadoras de Trabajos Fin de Grado (cuatro reuniones previas a las convocatorias de febrero, junio y septiembre).

En relación a las prácticas externas, a lo largo del curso 2016-2017 se trató en cuatro sesiones de la Comisión de Título acerca de la asignación de tutores académicos a los estudiantes que optan por realizar prácticas en empresa. En este aspecto la Comisión no trabaja con periodicidad sino a demanda, en función de las solicitudes presentadas.

Además, en las sesiones de la Comisión de Título fueron tratados asuntos relacionados con la evolución de las clases interactivas del Grado, criterios de evaluación, actividades vinculadas con la inserción laboral de los egresados, actividades de sensibilización en torno a la cultura de calidad en la institución, etc.

En los siguientes apartados de esta Directriz 3 se incluyen los informes elaborados por los diferentes miembros de la Comisión de Título, en los que se analiza de forma pormenorizada la información procedente de los indicadores y evidencias disponibles. Se observa que algunos apartados están redactados en castellano y otros en gallego, debido a que fueron diversos los redactores y cada cual empleó la lengua que tuvo a bien.

2.1. Indicador I4 (Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese) e Evidencia E13 (análisis das enquisas de satisfacción)



### 2.1.1. Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade

Utilizaranse datos das enquisas da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos dos cursos 2013-2014 a 2016-2017, centrando a análise principalmente no último curso e comparando os resultados con cursos anteriores. A porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados foi do 3,15 % en 2016-2017, porcentaxe similar ao do curso anterior (3,21 %) e lixeiramente superior a de 2014-2015 (2,44 %). En 2016-2017, participaron un total 4 alumnos do Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural en programas de mobilidade cara outras universidades, 2 do programa ERASMUS, 1 do SICUE e 1 a través de convenio cunha universidade de Brasil. Nos últimos 4 anos académicos o número de estudantes saíntes oscilou entre 2 e 7. En relación ao destino dos estudantes do curso pasado, 1 foi para a República Checa, 1 para Brasil, 1 para unha universidade española e do outro que saíu ao estranxeiro non se teñen datos. Nos último 5 anos os destinos elixidos polos estudantes deste Grao foron: Lituania, Grecia, Portugal, Brasil e República Checa, sendo este último país o que recibiu o maior número de alumnos.

No curso 2016-2017 os alumnos saíntes valoraron o programa de mobilidade cun 3,21 sobre 5,00, amosándose algo menos satisfeitos cos do curso anterior (3,79 sobre 5,00). Cando a enquisa se lle fixo aos egresados que participaron neste programa, a puntuación que lle deron foi superior, de 4,00 sobre 5,00. Cabe subliñar que no curso 2016-2017 a maioría dos items recollidos na enquisa realizada aos estudantes saíntes recibiu unha puntuación superior a 3,00, pero os aspectos que recibiron unha mellor valoración cunha puntuación maior ou igual a 4,00 foron:

- Elaboración de acordo de estudos na USC antes de iniciar o intercambio
- Formación recibida na universidade de acollida
- Infraestruturas da universidade de acollida
- Calidade da preparación lingüística recibida antes/durante a estancia.

A valoración que fixeron os estudantes sobre a formación recibida e as infraestruturas da universidade de acollida nos curso 2015-2016 e 2016-2017 foi moi positiva, con valores  $\geq 4,00$  en ambos cursos, considerablemente máis altas cas que deron os estudantes do curso 2013-2014 (3,00 e 2,00, para formación e infraestruturas, respectivamente) e ca media da USC (3,80 e 3,89, respectivamente). Outros items mellor valorados no curso 2016-2017 en relación ao curso anterior foron: a elaboración de acordo de estudos na USC antes de iniciar o intercambio (4,00 vs. 3,40) e a calidade da preparación lingüística recibida antes/durante a estancia (4,00 vs. 3,25); estes items tamén superan a valoración feita pola media dos estudantes da USC (3,16 e 3,40, respectivamente).

A puntuación máis baixa (2,5) déronlla os alumnos do Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural no curso 2016-2017 á Oficina de Información Universitaria, da que teñen unha percepción máis desfavorable que a media dos alumnos da USC (3,13).

Xa de modo global, os alumnos que saíron cara outras universidades no curso 2016-2017 amosáronse bastante satisfeitos cos programas de mobilidade e coa experiencia vivida (3,00 sobre 5,00), pero a súa valoración non é tan boa como a que fixeron os alumnos do curso anterior (4,80 sobre 5,00).

O intercambio de estudantes con outras universidades do ámbito nacional e internacional é de gran relevancia neste título xa que o desenvolvemento de ferramentas de xestión e o manexo das masas forestais dependen das condicións edafoclimáticas o que confire un valor engadido a mobilidade dos estudantes. Estas actividades de intercambio, acompañadas da validación de créditos, fomentan a internacionalización do título.

### 2.1.2. Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade

Utilizaranse datos das enquisas da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos dos cursos 2012-2014 a 2016-2017, centrando a análise principalmente no último curso.

A porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre o total de matriculados no curso 2016-2017 segue sendo baixa (1,57 %), pero é máis alto co dos cursos anteriores (0,64 % e 1,22 %, en 2015-2016 e 2014-2015, respectivamente). Algo máis elevado é a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia (5,51 % en 2016-2017), aínda que hai unha lixeira tendencia ao descenso comparando datos dos 5 últimos cursos (9,17 % en 2013-2014 fronte a 5,21 % en 2016-2017). En

xeral, a porcentaxe de estudante recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados foi próximo ao 4 % (3,94 %) en 2016-2017, similar ao dos tres cursos anteriores pero considerablemente máis baixo co de 2012-2013 (19,17 %).

En 2016-2017 chegaron a Escola Politécnica Superior de Enxeñaría 5 alumnos procedentes doutras universidades para facer estudos no Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural. En canto a súa procedencia, 3 viñeron de México, 1 de Italia e 1 da Universidade de Valladolid. Nos últimos 5 cursos o número máis altos de alumnos recibidos para cursar este Grao foi de 23 no curso 2012-2013, procedentes a maioría deles de distintas universidades de Brasil. A partir deste curso, o número de estudantes recibidos baixou considerablemente (6 cada curso) o que pode atribuírse a que aos alumnos de Brasil se lles empezou a esixir o nivel B1 de español. Dos 6 estudantes entrantes nos tres cursos anteriores a 2016-2017, obsérvase que 4 proceden de México polo que veñen a través de convenios que establece a USC con universidades dese país, e os outros 2 estudantes proceden de países na UE, xeralmente de Italia e Alemaña.

As enquisas realizadas aos alumnos que visitaron a Escola Politécnica Superior de Enxeñaría en 2016-2017 revela que as principais fontes de información para escoller a USC foron:

- A web da USC
- A oferta académica
- A información que recibiron da Oficina de Relacións Exteriores da Universidade de orixe.

Cabe destacar que en 2016-2017 foi a primeira vez nos últimos 5 cursos que os alumnos do Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural indican que a páxina web da USC foi unha fonte de información que utilizaron (un 33,3 % dos alumnos) para escoller a nosa Universidade. Tamén aumentou a porcentaxe de alumnos que manifestaron que unha das razóns para escoller a USC foi a súa oferta académica (66,7 % fronte a un rango entre 14,3 e 57,1 % dos 4 cursos anteriores). Pola contra, neste último curso ningún dos alumnos que nos visitou recibiu a recomendación doutro estudante, fronte a un rango entre 28,6 e 50 % que manifestaron tela recibido nos outros catro cursos.

En canto a dificultade para acceder á información na páxina web, os alumnos do curso 2016-2017 consideraron que foi fácil o acceso (4,00 sobre 5,00) tanto á información sobre os seus estudos como sobre os Campus de Lugo e Santiago. Esta valoración foi moito máis positiva que a do curso anterior (2,75) e ca de 2012-2013 e 2013-2014 (3,33 e 3,29, respectivamente).

En relación coa información previa da que dispoñían os alumnos entrantes sobre a cidade de Lugo, un 66,7 % dos que chegaron en 2016-2017 manifestaron que tiveran información sobre o aloxamento e o transporte entre o campus e o resto da cidade, un 33,3 % afirmou que tivera información sobre a vida social, cultural e deportiva da cidade e do campus, pero todos indicaron que non tiveran información sobre prezos cotiáns e sobre o sistema de avaliación de estudos. Estes dous últimos aspectos son, en xeral, os peor valorados nos 5 cursos, mentres que os dous primeiros (aloxamento e transporte) son os que reciben sempre a mellor puntuación.

Durante a estancia no noso centro, no curso 2016-2017 aumentou notablemente a satisfacción dos alumnos entrantes coa axuda recibida por parte do coordinador académico (4,33 vs. 2,75 do curso anterior e ao rango 2,00 a 4,00 dos outros tres cursos) e o grao de integración cos estudantes locais (4,33 vs. 2,50 do curso anterior e ao rango 2,57 a 3,87 dos outros tres cursos). Estes dous ítems superan considerablemente en 2016-2017 no noso Grao os valores medios obtidos na USC (4,33 vs. 3,38 para o coordinador e 4,0 vs. 3,12 para o grao de integración). Sen embargo baixa a puntuación que lle deron á axuda recibida doutros alumnos en relación ao curso anterior (2,67 vs. 3,25). O servizo da Oficina de Relacións Exteriores de Lugo recuperou no curso 2016-2017 a excelente percepción (puntuación de 4,33) que tiñan deste servizo os estudantes de 2014-2015 (4,43) e cursos anteriores, despois de baixar considerablemente a valoración que fixeran os estudantes de 2015-2016 (2,50).

En canto ás instalacións e servizos que a USC pon a súa disposición dos estudantes entrantes, hai que destacar que no curso 2016-2017 todos os ítems relativos a estes aspectos, que inclúen as infraestruturas da universidade, o acceso ás bibliotecas e o nivel de atención do profesorado, foron puntuados moi positivamente ( $\geq 4,00$  sobre 5,00), todos eles con valores máis altos ca media da USC. Cabe subliñar que todos estes ítems incrementaron notablemente a cualificación en relación ao curso anterior, particularmente o acceso a computadoras e servizos de correo electrónico

(4,00 vs. 2,75).

Xa de modo xeral, nos últimos 5 cursos o alumnado entrante amosou un grao de satisfacción relativamente alto cos programas de mobilidade, dándolles unha cualificación de 3,67 (sobre 5,00) en 2016-2017, de 3,86 en 2013-2014 e  $\geq 4$  nos outros tres cursos. O 100 % dos estudantes entrantes en 3 dos 5 cursos avaliados recomendarían a experiencia aos seus compañeiros, mentres que esta porcentaxe baixa ao 75 % no curso 2015-2016 e ao 66,67 % en 2016-2017. En calquera caso, a maioría dos estudantes que viñeron facer o Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural consideran que a experiencia foi positiva.

Para conseguir unha maior mobilidade tanto saínte como entrante é necesario incrementar o número de bolsas, xa que nos últimos anos reduciuse. Tamén é necesario que os alumnos dispoñan dunha información accesible e completa na páxina web da USC, aspecto que foi mellorado no último curso e que os estudantes entrantes valoraron positivamente nas enquisas, tal e como xa se comentou. Ademais, estase a realizar unha importante labor de captación de estudantes estranxeiros nas titulacións vinculadas ao mundo forestal nos diferentes títulos incluíndo os programas de doutoramento para profesores estranxeiros, que entendemos nos permitirá captar alumnos para o grao a medio e longo prazo.

É imprescindible seguir traballando na difusión da titulación no ámbito rexional, nacional e internacional (a través de convenios). A mobilidade propia oscilou entre 4 e 7 nos tres últimos cursos e os alumnos entrantes baixaron a 5 no último curso. Aínda que o indicador proporcionado pola Vicerreitoría de Calidade relativo á porcentaxe de alumnos estranxeiros que cursan a titulación é moi baixo (1,22 % en 2014-2015, 0,64 % en 2015-2016 e 1,57 %), cabe sinalar que varios alumnos cursaron materias illadas e prácticas dos diferentes cursos de grao no marco dos programas internacionais.

Algunhas accións de mellora propostas polos alumnos brasileiros do curso 2012-2013, como foron o apoio do alumno-titor e a modificación de horarios para que sexan menos cambiantes, xa se están levando a cabo no presente curso académico.

### 2.1.3. Prácticas externas

No curso 2016-2017 un 10,53 % dos alumnos fixeron prácticas externas vinculadas a empresas, porcentaxe notablemente máis baixo co do ano anterior (42,86 %). So se dispón do dato relativo ao grao de satisfacción de 2012-2013 e 2013-2014, que foi moi alto (3,76 e 4,29, respectivamente). Para os cursos 2014-2015, 2015-2016 e 2016-2017 a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC non facilitou datos do grao de satisfacción dos estudantes que fixeron prácticas. Non obstante, a Escola Politécnica Superior de Enxeñaría realizou enquisas aos alumnos de 4º curso do Grao Enxeñaría Forestal e do Medio Natural en 2016-2017 sobre as prácticas en empresa, ás que lle deron unha cualificación moi alta en canto á utilidade (5,00 sobre 5,00), duración (4,00) e cumprimento das expectativas (4,00). Polo tanto, en xeral pódese afirmar que estas prácticas son satisfactorias para os estudantes e para as empresas, e con frecuencia son o inicio dunha relación laboral.

O único dato sobre o grao de satisfacción dos titores académicos é o correspondente ao curso 2014-2015, que indica que se amosaron moi satisfeitos coas prácticas externas dándolles a estes programas unha cualificación de 4,20 sobre 5,00. Os aspectos mellor valorados foron: a comunicación e coordinación coas empresas (4,20, superior á media da USC que foi de 3,00) e as tarefas desenvolvidas como titor académico (4,16 sobre 5,00), de modo que o seu grao de satisfacción xeral co desenvolvemento do programa de prácticas externas (información, xestión, coordinación, adecuación,...) foi valorado moi positivamente (4,12, superior á media da USC). O aspecto ao que lle deron unha menor puntuación foi, tal e como sucede no resto da USC, á duración das prácticas externas que cualifican con 3,00 sobre 5,00.

Non dispoñemos destes datos para o curso 2015-2016 e 2016-2017 e tampouco de datos de satisfacción dos titores externos, polo que sería necesario para o seguinte curso contar con toda esta información para coñecer a opinión que as empresas teñen dos nosos alumnos.

### 2.1.4. Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible, cos servizos e coa titulación

Non se dispón de datos para o curso 2016-2017 da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, polo que a discusión dos resultados centrase nos 3 cursos anteriores. Para 2016-2017, utilizarase a información das enquisa que fixo a Escola Politécnica Superior de Enxeñaría aos egresados do Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural.

Na enquisa feita aos egresados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, en relación coa súa satisfacción coa formación recibida no Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural, a formación teórica cualificárona no curso 2015-2016 cun 3,80 sobre 5,00 e cun 4,00 sobre 5,00 en 2014-2015, superior á de 2013-2014 (3,00) e á media da Universidade. Non están tan satisfeitos coa formación práctica, como ocorre no resto da USC, á que cualificaron cun 2,60 en 2015-2016, valor algo superior ao curso anterior (2,33) e inferior á de 2013-2014 (3,00). En calquera caso, os egresados do curso 2015-2016 déronlle unha cualificación superior a 3,00 á formación que lles aportou a titulación en aspectos como o pensamento crítico (3,40) e a mellora das seguintes capacidades: aprendizaxe autónoma (3,80), comunicación oral e escrita (3,20), traballo en equipo (4,20), análise (4,00), transmisión de información (3,60) e aplicación dos coñecementos adquiridos á resolución de problemas (3,40). Cabe subliñar que a valoración dos items anteriormente indicados mellorou notablemente no curso 2015-2016 en relación aos dous anteriores. Os egresados de 2015-2016 tamén consideraron que as prácticas externas son un bo complemento da súa formación (3,75) e amosáronse moi satisfeitos cos programas de mobilidade (4,00). Os egresados dos tres cursos manifestaron que a formación recibida cumpriu as expectativas que tiñan antes de empezar, con valores máis altos nos cursos 2014-2015 (4,33 sobre 5,00) e 2015-2016 (3,40) en relación ao 2013-2014 (3,00 sobre 5,00) e á media da USC (rango 3,03 a 3,11 para os tres cursos analizados).

Os alumnos tamén valoraron moi positivamente a labor do profesorado da titulación, particularmente en 2014-2015 e 2015-2016, con puntuacións de 4,0 e 3,4, respectivamente, cualificacións moi superiores á media da USC (3,15, e 3,05, respectivamente) e tamén a puntuación de 2013-2014 (3,00). As actividades de acollida realizadas polo centro e a titulación tamén lles pareceron moi acertadas, valorándoas no curso 2014-2015 cun 4,50 e en 2015-2016 cun 3,00, puntuacións superiores á media da USC (2,90 e 2,84, respectivamente) e a que deron os egresados en 2013-2014 (3,00). Os horarios e o calendario de exames cualificárono cun 3,00 sobre 5,00 en 2013-2014 e 2014-2015, mellorando a valoración en 2015-2016 (3,40); os valores son lixeiramente máis elevados ca media global da USC, particularmente en 2015-2016 (3,40 vs. 2,84). As melloras realizadas tanto no horario coma no calendario de exames parece que contribuíron a aumentar o grao de satisfacción do alumnado.

Os egresados mostraron tamén un elevado grao de satisfacción coas infraestruturas e servizos, cunha puntuación superior a 3,00 en todos os items relacionados con estes aspectos nos tres cursos analizados. Cabe subliñar que comparando 2013-2014 con 2014-2015 e 2015-2016, conséntase nestes últimos un aumento do grao de satisfacción dos egresados coas infraestruturas e os materiais dispoñibles no centro (puntuacións de 3,00, 4,00 e 3,25, para 2013-2014, 2014-2015 e 2015-2016, respectivamente) e con servizos como a biblioteca (puntuacións de 3,00, 4,00 e 4,40, para os tres cursos consecutivos) e os recursos tecnolóxicos (Campus Virtual, Secretaría Virtual, redes wifi, etc.) (puntuacións de 3,0, 4,33 e 3,80, para os tres cursos consecutivos). A cafetería da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría foi moito mellor valorada no curso 2014-2015 (4,67) ca nos outros dous (3,00 en ambos cursos). De modo global, a nota que recibiron estes servizos pasou dun 3,00 sobre 5,00 no curso 2013-2014 a un 4,33 e 3,73 en 2014-2015 e 2015-2016, respectivamente, e todos eles foron mellor valorados polos nosos egresados que pola media dos egresados da USC.

Respecto da información, xestión académica e reclamacións pódese afirmar que os egresados do 2015-2016 amosáronse notablemente máis satisfeitos cos de 2013-2014. Así, mentres que neste último a Oficina de Información Universitaria, a Unidade de Xestión Académica, a web da USC, a información da Escola Politécnica Superior, e outros medios como publicidade en xeral, non superaron en ningún caso a cualificación de 2,00, en 2015-2016 todos eles obtiveron unha puntuación  $\geq 3,20$ , e no caso da Oficina de Información Universitaria e a web da USC, acadaron valores de 4,00. De modo global, a satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible pasou dun 1,80 no curso 2013-2014 a un 3,72 no 2015-2016, polo que algunha das accións de mellora implementadas parece que produciu un efecto positivo. Os egresados do Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural nos últimos dous cursos analizados déronlle a estes servizos cualificacións moito máis altas cas da media da USC.

O grao de satisfacción xeral dos egresados co Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural foi 3,61 e 3,58 sobre 5,00, para 2014-2015 e 2015-2016, respectivamente, valores considerablemente máis elevados cós do curso anterior

(2,57), mellorando a valoración especialmente no caso da formación teórica, a capacidade para a aprendizaxe autónoma, o pensamento crítico adquirido, a capacidade de comunicación oral e escrita, a capacidade de traballo en equipo, a capacidade de análise, a capacidade para transmitir información e aplicar os coñecementos adquiridos, a satisfacción co profesorado do Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural e coa información universitaria e Xestión académica, así como o cumprimento das expectativas que tiñan antes de comezar este Grao.

Os datos de que dispoñemos dos egresados do Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural no curso 2016-2017 son os procedentes das enquisas realizadas pola Escola Politécnica Superior de Enxeñaría. Estes alumnos amosáronse moi satisfeitos co cumprimento dos horarios e da programación das materias polo profesorado (puntuación 4,00 sobre 5,00), bastante satisfeitos coa organización dos horarios das clases e co contido das prácticas (3,00), pero non lles pareceu tan adecuada a coordinación de entrega de traballos e o solape entre contidos de materias (2,00). Manifestan que debería incrementarse a carga práctica das materias e a flexibilidade horaria, que serían os principais aspectos a mellorar na titulación. Cando se lles preguntou polo Traballo Fin de Grao, os egresados de curso 2016-2017 amosáronse moi satisfeitos coa labor realizada polo seu titor e o traballo realizado por eles mesmos (4,00 sobre 5,00) e bastante satisfeitos cos materiais dispoñibles para a realización do TFG (3,00), pero non tanto coa información recibida sobre o TFG (2,00).

Tamén é importante subliñar que segundo as enquisas da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, os egresados do curso 2016-2017 recomendarían esta titulación a outros alumnos, pois a titulación respondeu as súas expectativas (3,00), o que parece indicar que a maioría están satisfeitos de ter realizado o Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural.

#### 2.1.5. Satisfacción media do PDI e do PAS coas actividades formativas desenvolvidas

Analizamos os datos de 5 cursos, dende 2012-2013 ata 2016-2017. Segundo a información proporcionada pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, a porcentaxe de Persoal Docente e Investigador do Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural que realizou algún curso de formación descendeu considerablemente dende o ano académico 2012-2013, que se situou no 44,83 %, ata o 2015-2016 que foi do 27,16 %, pero a participación recuperouse en 2016-2017 situándose no 41,67 %. Isto pode deberse a que se viñan repetindo algúns dos cursos ofertados que o profesorado xa tiña feitos, e no pasado curso ofertáronse cursos novos.

O PDI amósase moi satisfeito cos cursos recibidos. Valora moi positivamente aspectos organizativos destes cursos tales como a información previa, a duración do curso, horarios, número de alumnos e instalacións; estes items xeralmente superan o valor de 4,00 sobre 5,00 nos 5 cursos analizados. Tamén teñen unha percepción moi positiva da aprendizaxe, pois á consecución dos obxectivos propostos polos cursos, aos contidos teóricos e prácticos e á utilidade do curso para a súa formación déronlle unha cualificación entre 4,12 e 4,35 ao longo dos 5 cursos, de maneira que estes cursos cumpren as expectativas dos asistentes (puntuación entre 4,12 e 4,38) e consideran que se adaptan a súas necesidades de formación (puntuación entre 4,20 e 4,39).

En resumo, o PDI está moi satisfeito cos diferentes cursos recibidos, outorgándolles unha puntuación global superior a 4,00 (sobre 5,0) dende o curso 2012-2013, con valores que oscilaron entre o 4,30 do curso 2015-2016 e o 4,47 do 2013-2014. De feito o 98,8 % dos asistentes a estes cursos no ano académico 2015-2016 recomendarían a outros compañeiros que fagan os cursos nos que eles estiveron matriculados, porcentaxe que non baixou en ningún caso do 90 %.

En canto ao Persoal de Administración e Servizos, a porcentaxe de participación en cursos de formación aumentou de forma significativa dende 2012-2013 (6,70 %) a 2013-2014 (66,7 %), con variacións inferiores ao 10 % nos cursos posteriores. O PAS tamén amosouse satisfeito cos cursos de formación recibidos, aínda que ao longo dos 5 anos académicos tanto a puntuación global (entre 3,73 e 4,09) como a referente á organización, contidos, cumprimento das expectativas e adaptación ás súas necesidades son lixeiramente máis baixas cas que deu o PDI. En xeral, a puntuación de todos os items supera o valor de 3,50 e recomendarían os cursos de formación entre o 73,6 % e o 85,6 % dos asistentes durante os 5 anos.

#### 2.1.6. Satisfacción media do PAS co traballo desenvolvido



Non dispoñemos de datos do curso 2016-2017 da maioría dos ítems, polo que se comentarán os relativos aos cursos anteriores. No curso 2015-2016 o PAS da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría outorgoulle unha cualificación entre 3,00 e 3,20 ós aspectos relacionados co seu posto de traballo (funcións claramente definidas, reparto da carga de traballo, integración no equipo, facilidade para expresar a súas opinións), lixeiramente inferior á media da USC pero considerablemente máis alta ca que lle deron o curso anterior (entre 2,13 e 2,50) agás no ítem relativo á facilidade para expresar a súa opinión (3,75 no curso 2014-2015 e 3,20 no curso 2015-2016).

Aos aspectos que teñen que ver coa comunicación entre o persoal da unidade e os usuarios e cos espazos e recursos da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría destinados ao desenvolvemento e á coordinación das súas funcións déronlle unha cualificación entre 3,20 e 3,60 en 2015-2016, valor que é bastante similar á media da USC, e superior á do curso 2014-2015 (que oscilaba entre 2,50 e 3,38).

Tamén amosáronse bastante satisfeitos coa formación recibida para o desempeño do seu traballo, a que puntuaron cun 3,40 en 2015-2016, superior á media da USC (3,11) e ao curso anterior (3,13). Algo máis baixa foi a valoración que fixeron sobre á labor do responsable da unidade (2,80 sobre 5,0), que non obstante foi máis alta ca do curso previo no caso do seguimento que fai do seu traballo (2,80 vs. 2,38).

O PAS da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría en 2015-2016 valorou cun 2,80 sobre 5,00 a mellora da calidade como obxectivo prioritario da unidade e identificou na actividade diaria aspectos susceptibles de mellora (puntuación de 3,75), pero déronlle a este último ítem unha puntuación máis baixa ca do ano anterior, que fora de 4,00 sobre 5,00.

De modo global, o PAS amosouse bastante satisfeito co traballo desenvolvido cunha puntuación de 3,44 sobre 5,00 en 2016-2017, moi similar á dos dous curso anteriores (3,38 e 3,40, para 2014-2015 e 2015-2016, respectivamente). Os datos indican que o PAS da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría está moito máis satisfeito nos tres últimos cursos ca en anos previos co seu posto de traballo, con todo o relacionado coa comunicación, cos recursos necesarios para o desenvolvemento das súas funcións e coa formación recibida.

#### 2.1.7. Análisis de la evidencia E13: Análise da satisfacción coa docencia

##### 2.1.7.1. Fuentes de información

Este análisis se basa en las encuestas de evaluación de la docencia (documentos INF. 13 e INF. 14; indicadores 46, 47 y 48).

##### 2.1.7.2. Indicador 46

Para estudiar el indicador Satisfacción do alumnado coa docencia recibida (código IN46G-S01-PM-01) se han analizado los resultados de las encuestas realizadas anualmente entre los alumnos durante los últimos cinco cursos académicos (2011-2012 a 2016-2017), información que se considera suficiente al corresponder a un plazo amplio y con la titulación de Grado asentada con un recorrido de varias promociones.

El indicador se define como valoración media de la encuesta de satisfacción del alumnado con la docencia recibida y permite conocer la opinión de ese grupo de interés sobre la docencia que recibe. El indicador se calcula como media ponderada con dos decimales de las valoraciones de todas las preguntas que componen la encuesta.

La valoración media obtenida por la titulación en la encuesta del curso 2016-2017 fue 4,21 (en una escala en el que la peor puntuación es 1 y la mejor es 5). Esta valoración supone una espectacular mejora de casi el 35 % sobre el anterior curso académico y representa el mejor registro de la serie temporal en la que algunas anualidades resultaban menos significativas al ser elaboradas sobre una población de alumnado muy inferior a la actual, especialmente en los últimos cursos (Tercero y Cuarto). A pesar de todo, en el cómputo de los seis años, la evolución de la puntuación media es estable en el tiempo, con una clara tendencia al alza y estabilizándose alrededor del valor 4,0 en su conjunto.

En el caso del doble grado, la información es menos significativa al disponer únicamente de dos años académicos y los resultados, aunque son positivos y ascendentes (3,22 y 3,68), requieren de una mayor amplitud temporal.



Respecto a los diferentes aspectos puntuados en la encuesta, los mejor valorados corresponden “Explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente”, “Cumple o profesorado co programa e o plan de traballo previsto” y “Resolve as dúbidas que se lle formulan (clase, tutorías, aula virtual, correo electrónico,...)”. En las encuestas propias del centro, en el primer caso se obtiene una valoración de 4,47 y en los otros dos de 4,39.

Estos items ya habían obtenido muy buenos resultados en los cursos académicos anteriores, hecho que debe ser positivamente valorado si se asume de partida que el alumno ha consultado el programa y el plan de trabajo de las materias que cursa. Si se particulariza por cursos, la situación no varía, obteniendo estos items valoraciones sensiblemente más bajas entre los alumnos de segundo curso.

Más útil es analizar las debilidades y, en este caso, el ítem peor valorado en la encuesta otros años era el que analiza si el alumno considera “...que hai coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia”. En este curso académico, la valoración fue de 4,27, muy por encima del escasamente 3,2 de otros años. Sin embargo, el punto crítico se sitúa en la bibliografía (“O material de apoio (bibliografía, textos, exercicios, manuais de prácticas,...) resúltame útil para a preparación da materia”). Este ítem es el más bajo, aunque casi supera la valoración de 3,9. Empero, merece ser destacado que en la valoración realizada, los resultados mejoran al avanzar los cursos, siendo los mejores en los cinco últimos años.

Estos resultados indican que los alumnos son menos críticos con la coordinación entre docentes, pero que, al madurar sus conocimientos profesionales y sectoriales, perciben mejor la dificultad de coordinar por parte de varios docentes materias tan complejas y dispares, requiriendo más documentación de apoyo y más actualizada.

Por otro lado, la heterogeneidad de las puntuaciones es muy elevada entre las diferentes materias de la titulación, manteniéndose el mismo patrón según el cual en los primeros cursos la valoración es más baja y mejora en los últimos dos cursos.

No caso das materias do dobre grao, as valoracións positivas rexístranse nos mesmos items, aínda que con valores máis altos, acadando puntuacións por enriba de 4,5 sobre 5,0 nalgúns casos. Sen embargo, o aspecto máis criticado, neste caso é “Motiva a participación crítica e activa dos estudantes no desenvolvemento da clase”, que non acadou un 3,0 de valoración.

Está claro que o bo facer nalgúns campos se traslada ó dobre grao, máis estes alumnos, cunha carga lectiva superior requiren dun esforzo de motivación ante a dificultade que non están percibindo.

### 2.1.7.3. Indicador 47

Para estudiar el indicador Satisfacción do profesorado coa docencia impartida (código IN47G-S01-PM-01) se han analizado los resultados de las encuestas realizadas anualmente entre los profesores durante los mismos cursos académicos que se comentaron antes y que abarca desde 2013-2014 al 2016-2017.

El indicador se define como la valoración media de la encuesta de satisfacción del profesorado con la docencia impartida y permite conocer la opinión de ese grupo de interés sobre la docencia que imparte. El indicador se calcula como la media ponderada con dos decimales de las valoraciones de todas las preguntas que componen la encuesta.

La valoración media obtenida por la titulación en la encuesta del último curso (2016-2017) fue 3,81 (en una escala en el que la peor puntuación es 1 y la mejor es 5). En cuanto a la evolución de la puntuación media, esta experimenta un ascenso continuado en los últimos años, con una mejora próxima algo superior al 3 % en este período.

Por lo que respecta al doble grado, tal y como ocurría antes con muy pocos datos, el resultado es muy positivo (3,46) pero pendiente de evolución en el tiempo.

Respecto a los diferentes aspectos puntuados en la encuesta, las valoraciones que se dan los profesores son, en todos

los apartados, altamente positivas. De hecho, dichas valoraciones superan el 3,50 a excepción de estos tres ítems:

- O nivel co que chega o alumnado (coñecementos e habilidades) é suficiente para afrontarse aos contidos da materia
- As/os estudantes participan crítica e activamente no desenvolvemento das clases

destacando que el ítem “A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título foi adecuada” outros años se quedaba por debaixo y en este alcanzó el 4,57, en consonancia por lo expresado por los alumnos, lo que denota un gran avance en este aspecto.

Respecto a los dos primeros, con valoración de 3,14 y 3,37 respectivamente, mantienen una evolución oscilante en el tiempo, aunque en los últimos cursos académicos ambos han presentado mejora respecto a los anteriores. Sin duda ambos afectan a demandas clásicas del profesorado que implican no sólo a la titulación sino también al sistema educativo en su conjunto, tanto universitario como pre-universitario.

Respecto a la parte positiva, sigue siendo el octavo ítem: “A coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia foi efectiva” el que obtiene la más alta valoración a juicio de los profesores (4,57), con mejoras constantes año tras año. Este resultado resulta coherente con lo manifestado por los alumnos los cuales asignan ahora una muy buena valoración a este aspecto de la coordinación entre docentes de una misma materia, como se ha reflejado anteriormente para el indicador 46. Sin duda es un aspecto en el que se ha trabajado mucho estos años, dado que la coordinación que concibe el profesorado no era percibida o no era la necesitada por el alumnado.

Algo que merece ser destacado es la cada vez mayor implicación del colectivo en colaborar para lograr identificar los puntos débiles del título y facilitar su mejora. En el curso 2012-2013 participó en la encuesta el 25,45 % de los profesores que imparten docencia en el Grado. En este último curso lo hicieron el 47,62 %, un incremento de casi el 100 % en tan sólo cuatro cursos académicos, aunque algo menor que en el curso anterior que superó el 50 %. Esta participación es, en porcentaje, más del triple de la participación del alumnado (ver indicador 48). Ya que la realización de las encuestas, tanto las de alumnado como las de profesorado, se efectúa por vía telemática, cabe deducir una mayor implicación del profesorado frente al alumnado en el proceso de evaluación.

En el caso del doble grado, las valoraciones van en la misma línea, aunque no son tan positivas, con valores mínimos en los peores ítems que ya se comentaron (2,6 y 2,8 respectivamente) y con pocas valoraciones que superen el 3,5, únicamente en aquellos casos referidos de nuevo a la coordinación entre profesores y al material e instalaciones disponibles para impartir docencia. En esta ocasión la participación es algo menor (40 %).

#### 2.1.7.4. Indicador 48

Para estudiar el indicador Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (código IN48G-PM-02) se han analizado los resultados de las encuestas realizadas anualmente entre los alumnos durante los cursos usados en el indicador 46 (los seis últimos cursos: 2011-2012 a 2016-2017).

El indicador se define como el porcentaje de respuesta en la encuesta de satisfacción por parte del alumnado y permite analizar el peso relativo de la valoración obtenida en el indicador 46. El indicador 48 se calcula como el porcentaje de respuesta con dos decimales en la encuesta y es proporcionado por la aplicación informática.

Respecto a la participación del alumnado en las encuestas, en el curso 2016-2017 solo la contestaron el 19,13 % de los alumnos matriculados. Pero además de ser deficiente ese dato, la comparación de los seis cursos indica que se mantiene estable en los últimos cinco, aunque con una sensible tendencia a la recuperación en la participación en este último curso, recuperando niveles próximos al 20 %.

Sin embargo, este indicador presenta datos significativamente distintos en el doble grado. En este caso, de nuevo con dos anualidades únicamente, la participación oscila entre el 30 y el 40 %, cuantías que deben de ser mantenidas en los próximos cursos académicos sin caer en la dejadez de la titulación de grado.

#### 2.1.7.5. Propuestas de mejora

Las propuestas de mejora deben ir orientadas, claramente, a mantener la buena coordinación de la docencia que los profesores de materias compartidas han alcanzado en el último curso académico y en mejorar la participación del alumnado en las encuestas, hecho que daría más peso a la información aportada por la masa estudiantil. No cabe duda que se deben mantener e impulsar todas las acciones llevadas a cabo en otros ámbitos para mantener los buenos resultados y, dentro de lo posible, mejorarlos, especialmente en lo relativo a documentación de apoyo que ahora destaca como aspecto menos positivo.

Para aumentar la participación del alumnado en las encuestas, contribuyendo así a una mayor representatividad de los resultados de las mismas, se debería retornar al sistema de encuestas en el aula con intervención de encuestadores, en lugar de las actuales encuestas por vía telemática, que tan poco interés despiertan entre el alumnado a pesar de los frecuentes mensajes que desde las instituciones universitarias se hacen llegar a los alumnos para animarles a participar en el proceso. La cobertura telemática no siempre es posible, aunque el profesorado se implique y dedique unos minutos de docencia a la cobertura de las encuestas, dado que no todos los alumnos acuden a clase con material informático.

Respecto al doble grado, debe aumentarse la concienciación tanto en el profesorado como en el alumnado, de que se trata de una titulación con gran carga docente, por lo que las dificultades son mayores y también deben ser los esfuerzos para lograr que el alumnado no desfallezca en la consecución de sus objetivos.

## 2.2.- Grao en Enxeñaría Civil

Durante o curso 2016/2017 para o Grao en Enxeñaría Civil, a Comisión de Título traballou en diferentes aspectos relacionados coa finalidade fundamental de favorecer a aprendizaxe do alumnado e fomentar a súa participación no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado responda tamén a un modelo centrado no estudante e nas súas actividades ao longo do período de docencia.

A continuación analízanse en 13 puntos as tarefas levadas a cabo e os resultados acadados.

### 1) admisión do alumnado (probos específicas, perfil, captación).

No que respecta á admisión de alumnado en primeiro curso, este procedemento está normativizado na USC e ten carácter xeral. As modalidades de acceso que se dan no Grao son para estudantes procedentes do bacharelato, da formación profesional ou doutras titulacións universitarias, e en ningún deses casos se establecen probas específicas desde a USC ou o centro.

O perfil de estudantes que iniciaron estudos no Grao de Enxeñaría Civil no curso 2016/2017 é un estudante varón (77%), procedente de bacharelato (85%), que ten o grao como primeira preferencia (100%) e se matricula no primeiro período de matrícula (64%). Deben engadirse ademais os estudantes do Dobre Grao coa titulación de Enxeñaría Xeomática e Topografía que para ese curso académico foron 3.

Ao igual que en cursos anteriores o número de estudantes de novo ingreso que se matricularon no grao é insuficiente, polo que se activaron propostas de mellora destinadas á captación de estudantes, relacionadas con darlle ao título unha maior visibilidade e atractivo.

Entre estas actividades compre sinalar as visitas e charlas impartidas en centros de formación profesional de Galicia nos que se imparten ciclos superiores do mesmo ámbito profesional. A situación neses títulos é similar á que se presenta na universidade, cun número moi baixo de matriculados nos últimos cursos, a fusión de ciclos en varios centros ou a deixar de ofertar estes estudos. Para os próximos cursos é previsible unha baixada de estudantes procedentes desta vía, xa que practicamente non hai estudantes en toda Galicia nos centros de FP.

Tamén foron numerosas as charlas temáticas e as visitas a centros de ensinanza secundaria organizadas a traveso do Programa A Ponte, as xornadas de portas abertas na EPS de Enxeñaría e outras actividades destinadas a darlle difusión aos títulos: Campus de Verán Xuvenciencia, 3D Printing Day, presenza nas feiras de titulacións organizadas en diferentes concellos, etc. Pero a situación actual do mercado laboral no sector e a percepción por parte da cidadanía sobre esta profesión ten máis peso que as actividades realizadas, polo que compre seguir insistindo en conciencia na

importancia que teñen as infraestruturas, a xestión eficiente da auga e os recursos naturais, a produción de enerxía, a xestión, conservación e explotación das estradas ou a organización territorial para o progreso da sociedade.

2) aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).

A Comisión de Título do grao traballou no curso 2016/2017 na elaboración da nova normativa de Traballos Fin de Grao, para a adaptación da normativa precedente á nova normativa xeral da USC. A novidade máis relevante nesa normativa refírese fundamentalmente ao procedemento de elección de liñas temáticas e temas que deben ofertar os profesores da titulación con carácter previo á matrícula e a elección que fan os estudantes. Este proceso se realizou xa a finais do curso 2016/2017 para poder comezar a aplicalo no curso actual. Queda pendente a redacción dun procedemento de asignación de títos que regule como se reparten de xeito igualitario as propostas de TFG que elaboran os alumnos entre os profesores que ofertan temas similares.

Tamén se considera significativa a decisión que se adoptou na Comisión de Título do Grao en Enxeñaría Civil de eliminar a entrega en papel do Tráballo Fin de Grao, xa que a maior parte dos alumnos realizaban un proxecto de enxeñaría, dunha extensión considerable e en formato A3, que tiña uns custes de impresión e encuadernación moi relevantes. Xa na convocatoria de setembro de 2017 se entregaron unicamente exemplares en soporte dixital, sen que houbo problemas na avaliación dos traballos.

Outro aspecto fundamental no que a Comisión de Título debe aplicar normativas da USC é no que respecta á validacións ou recoñecemento de materias tanto por estudos noutras universidades, por cursos realizados ou por experiencia profesional. Durante o curso 2016/2017 traballouse na actualización ou na elaboración de novas táboas de equivalencias para que os estudantes que se queiran matricular no grao procedentes doutras titulacións ou de estudos de formación profesional dispoñan canto antes da información sobre qué materias se lles recoñecen e cales terán que cursar no primeiro curso, para que desde o primeiro día poidan asistir ás actividades docentes de todas as materias.

Houbo algunha queixa e reclamación durante o curso 2016/2017 sobre o non recoñecemento de créditos de materias optativas por materias cursadas noutros estudos universitarios se non existen como tal no plano de estudos de Enxeñaría Civil da USC. O feito é que a normativa da USC non permite recoñecer créditos de optativas libres nos novos títulos de Grao, senon que o recoñecemento ten que ser sempre por algunha materia existente no plano de estudos. Así, por exemplo, un estudante procedente doutra universidade ou doutro título da USC de área afín, non pode validar unha materia como Sistemas de Información Xeográfica, existente en outros graos que habilitan para a profesión, xa que non existe esa materia na memoria verificada da titulación (2010). Algunha desas reclamacións mellóranse coa oferta académica que presenta a memoria de título (2017), pero non completamente, porque a normativa non permite todavía ese recoñecemento, como si fai, por exemplo, cos estudos cursados ao abeiro de programas de mobilidade nacional e internacional.

Hai outras dúas normativas sobre as que se recibiron numerosas consultas na Comisión de Título. A primeira é sobre a normativa de permanencia da USC (DOG 17/07/2012) que establece en catro o número máximo de convocatorias para superar unha materia e unha quinta oportunidade que debe ser autorizada por resolución reitoral. No curso 2016/2017 houbo varios alumnos que se atoparon nesa situación, xa que se cumprían os cinco anos da entrada en vigor da normativa e formulaban consultas sobre se debían abandonar os estudos, modificar a matrícula, etc. Detectouse que todos os estudantes coñecían con anterioridade a normativa, xa que se cita en todas as charlas de acollida e nas informativas de final de curso, pero que aínda así pensaban que non se aplicaría de modo real. A maior parte dos alumnos nesa situación tiñan como cualificación previa nas primeiras convocatorias a de *Non Presentado*, que significa que se matriculan de máis materias das que poden atender nun curso académico, ben sexa por motivos laborais ou persoais. Cómpre traballar para difundir unha maior responsabilidade á hora de formallizar a matrícula e no seguemento das materias.

A segunda normativa sobre a que se fixeron consultas foi a de asistencia ás clases, xa que en moitas das materias da titulación se esixe unha asistencia do 100% ás sesións presenciais. A normativa actual da USC sinala que os estudantes teñen o dereito e o deber de asistir ás clases e regula certos aspectos que se consideran como causas xustificadas para

faltar ás sesións presenciais, pero non está completamente regulado o procedemento de dispensa da asistencia ás clases. Para vindeiros cursos, é necesario establecer de xeito máis claro cales son as actividades docentes imprescindibles para a formación dos estudantes e que se consideran como de asistencia inexcusable, a cales se pode faltar de maneira xustificada e se hai algunha sesión que non é de obrigada asistencia nuns estudos presenciais.

3) Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación.

No título de Grao de Enxeñaría Civil non están previstos os complementos formativos. Sen embargo, nas reunións de coordinación semestrais e nas enquisas de satisfacción coa docencia impartida os profesores amosan preocupación sobre o nivel co que chegan os alumnos ás súas materias, detectando eivas sobre contidos que deberían ter moi fixados de niveis educativos ou de cursos anteriores. Pódese explorar a posibilidade da organización de cursos, actividades ou conferencias que poidan supoñer unha mellora na implicación dos estudantes no proceso de aprendizaxe e de reforzo de coñecementos.

4) Metodoloxía de ensinanza (adaptación a necesidades específicas de aprendizaxe, mecanismos de coordinación dos procesos de ensinanza-aprendizaxe).

As metodoloxías de ensinanza son variadas, cubríndose entre as materias do título todas as que se recollen na memoria verificada do título. En cada materia o profesorado elixe as metodoloxías que considera máis apropiadas en función dos contidos que ten que tratar e tamén para poder traballar e avaliar as competencias transversais.

Estas metodoloxías que se desenvolven en clases expositivas, sesións interactivas de seminario ou laboratorio e titorías de grupos reducidos comprenden a docencia habitual expositiva de clases maxistrais, técnicas de aprendizaxe cooperativo, de aprendizaxe baseado en proxectos ou en problemas, traballos individuais ou en grupo, exposicións orais en clase, busca de información actualizada, manexo das TICs ou visitas a obras, institucións ou empresas.

Nas reunións semestrais de coordinación hai un punto na orde do día para comentar as metodoloxías docentes, resulta interesante reforzar este aspecto e continuar na liña de aproveitar esas metodoloxías para mellorar os resultados da aprendizaxe nas materias.

Desde a Comisión de Título anímase ao PDI a realizar cursos do Programa de Formación e Innovación Docente que organiza un servizo da USC, realizando tamén a petición de novas temáticas de cursos que poidan ser de aplicación no ámbito da enxeñaría, tanto de metodoloxías de aprendizaxe como de avaliación de competencias.

5) Avaliación da aprendizaxe.

Entre todas as materias de título cóbrense todas as tipoloxías de actividades de avaliación que están recollidas na memoria verificada do título (2010). Durante o curso 2016/2017 chegouse a un acordo sobre os pesos máximos e mínimos que poderían ter cada unha desas actividades que se recolle na nova memoria de título (2017) e que se trasladou a todas as programacións docentes das materias para o curso 2017/2018. Desta maneira, na actualidade todas as materias cumpren os intervalos recollidos na memoria, reducindo o peso dos exames na nota final ata un máximo do 70%.

Como se comentou no apartado anterior, o Programa de Formación e Innovación Docente da USC organiza cursos sobre técnicas de avaliación da aprendizaxe aos que asiste o PDI do título, admitindo tamén suxestións sobre novas temáticas ou técnicas sobre a avaliación de competencias.

6) Orientación académica (plan de acción titorial) e profesional.

Para informar aos estudantes das características do Grao en Enxeñaría Civil realízanse diferentes charlas de orientación académica por parte da Comisión de Título, ademais da dispoñibilidade dos coordinadores de curso e o de título no seu horario de titorías. As charlas de orientación son a das actividades de acollida que se realiza co alumnado de primeiro na primeira semana do semestre, a charla sobre elaboración do TFG fundamentalmente para alumnos de terceiro e cuarto curso durante o mes de setembro e a charla informativa que se realiza con todo o estudantado ao



finalizar o curso académico para explicar normativas académicas, itinerarios formativos, comentar saídas profesionais e avaliar o desenvolvemento do programa.

Estas actividades da Comisión de Título complementáanse con outras específicas sobre prácticas externas, aprendizaxe de idiomas ou programas de mobilidade, entre outras, que se realizan desde a Dirección da EPS de Enxeñaría ou dos correspondentes Servizos da USC. Todas esas actividades difúndense mediante a aula virtual de coordinación.

Ademais, a USC dispón dun programa de alumnos titores do que se informa aos estudantes a traveso da aula virtual de coordinación. Este programa, que se convalida por 6 ECTS consiste nun período de formación durante o primeiro curso académico e no segundo eses estudantes realizan tarefas de orientación para outros alumnos e colaboran co Programa A Ponte.

A pesares deses esforzos, algúns alumnos suxiren que é conveniente reforzar a formación para o emprego, polo que se contacta co Servicio de Orientación Laboral que se encarga da preparación específica dos estudantes de maneira individual. Propóñese intensificar esa liña de traballo para garantir que todos os estudantes reciben esa formación transversal.

#### 7) Prácticas externas.

A información relativa ás prácticas externas da titulación transmíteselle ao alumnado por varias vías: as charlas informativa do título, a presentación específica que fai a subdirección de prácticas da EPS de Enxeñaría e a información proporcionada pola área de Orientación Laboral. Ademais das vías habituais de comunicación (aulas virtuais, monitores do centro e páxina web) tamén se difunde a traveso das redes sociais.

No curso 2016/2017 aumentou a participación de alumnos nas prácticas externas, que teñen carácter optativo no plan de estudos, incluso houbo 2 alumnos que participaron na convocatoria extraordinaria de prácticas extracurriculares que oferta o Consello Social. Sen embargo, a percepción dos alumnos sobre o interese de realizar prácticas en empresa, expresada a traveso das enquisas a egresados baixou respecto de cursos anteriores, sen que se teña coñecemento de ningún problema.

A pesares de que no curso 2016/2017 se modificou o regulamento de Prácticas Externas da EPS de Enxeñaría, para definir de maneira máis precisos os procedementos de elección, as funcións dos titores externos e académicos e incluso o procedemento de renuncia, é conveniente continuar facendo difusión sobre o carácter formativo que deben ter as actividades que realicen os estudantes nas empresas, e os dereitos que teñen á renuncia en caso de non estar a gusto, sen ter que agardar ás enquisas para dar unha opinión negativa.

#### 8) Mobilidade.

A mobilidade saínte no título permanece en valores porcentuais bastante baixos tanto no estudantado coma no PDI, a pesares de que nas enquisas de satisfacción sempre amosa valores moi elevados sobre a importancia que ten esa experiencia na formación académica.

Para informar aos alumnos dos programas de mobilidade e sobre o importante que é coñecer outros sistemas educativos, organízanse presentacións específicas por parte do Servizo de Relacións Exteriores da USC, facendo tamén referencia a esta posibilidade nas charlas informativas.

Compre manter estas iniciativas e procurar outras para garantir que todos os estudantes coñezan estes programas, aínda que entre os motivos fundamentais para a baixa mobilidade son os económicos. Entre as iniciativas novas a realizar fórmase a posibilidade de facer unha xornada de presentacións dos estudantes incoming que se reciban na EPS de Enxeñaría.

Si que foi especialmente relevante no curso 2016/2017 a mobilidade incoming, tanto no estudantado coma no profesorado. Ademais de estudantes de México, Arxentina, Brasil, Italia e outras procedencias habituais, tamén se recibiron estudantes de oriente medio por primeira vez, que presentaron certos problemas de adaptación pro



problemas co nivel de idiomas co que chegaban.

É de destacar a actividade organizada con motivo da “Erasmus+KA107 week” que se organizou desde o Servizo de Relacións Exteriores, xa que os alumnos do Grao en Enxeñaría Civil podían asistir a catro cursos curtos impartidos en inglés por docentes estranxeiros sobre temáticas relacionadas coas materias do Grao, aínda que finalmente e por problemas de axenda soamente se puideron celebrar tres. A valoración global dos asistentes a eses cursos foi moi positiva.

#### 9) Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).

No curso 2016/2017 redactouse a nova normativa de Tráballo Fin de Grao da titulación para adaptarse á normativa xeral da USC. Esta normativa regula os procedementos de presentación de propostas, elaboración, entrega e defensa dos TFG, e ten como principal novidade que previamente á que o estudante decida a temática do seu TFG o PDI con docencia da titulación debe ofertar unha listaxe de temas adaptados ás liñas temáticas que decidiu a Comisión de Título e que coinciden coas competencias de tecnoloxía específica da titulación.

Os mecanismos de control do proceso de aprendizaxe por parte dos alumnos van desde as charlas xeral (final do terceiro curso) e específica (principios de cuarto curso) nas que se explica de maneira detallada a normativa e o procedemento de elaboración do TFG, á asignación de dous titores por TFG para garantir a atención e o seguimento durante o proceso e a defensa ante un tribunal de profesores da titulación. Todos os alumnos deben facer a defensa do TFG. Os actos de defensa son públicos e se lles recomenda aos alumnos que están realizando o TFG que asistan e os tomen como unha sesión docente máis, nas que deben analizar os erros cometidos polos seus compañeiros.

Para garantir a atención a todos os alumnos, a Comisión de Título conta cun coordinador específico para TFG que actúa tamén como Presidente do Tribunal de avaliación e que ademais é o profesor da materia Proxectos de Enxeñaría Civil do cuarto curso.

Queda pendente elaborar un procedemento de asignación de titores, para que a Comisión de Título poida facer o reparto desta tarefa dun modo máis equitativo entre todos os profesores da titulación.

#### 10) Resultados de aprendizaxe.

Para garantir que os resultados da aprendizaxe coinciden co establecido pola memoria verificada da titulación realízanse dous procedementos de control. Por un lado, ao finalizar cada semestre as reunións de coordinación dos profesores analiza os resultados obtidos en cada materia e emiten informe para analizalos na Comisión de Título, na que os representantes dos estudantes tamén poden comentar as incidencias que se puideran producir. Por outro lado, nos últimos anos estableceuse un proceso continuo de revisión anual das programacións docentes que garante que se traballan, se adquiren e se avalían as competencias establecidas pola memoria verificada.

Por último, a comprobación dos resultados da aprendizaxe pode realizarse tamén no momento da elaboración do Tráballo Fin de Grao, que ten un seguimento por parte dos titores, e da súa defensa que se avalía por un tribunal de tres/catro profesores diferentes dos titores. Non se teñen detectado deficiencias na formación dos traballos fin de grao presentados baixo supervisión.

#### 11) Indicadores de satisfacción e rendemento.

Os indicadores de satisfacción e rendemento tanto coa docencia recibida (enquisas realizadas aos estudantes) como impartida (realizadas a profesores) amosan valores positivos en xeral, pero en todos os casos con taxas de resposta baixas e con tendencia a diminuír, a pesares de que nos últimos anos se insistiu por moitas vías para amosar a importancia de que eses indicadores tiveran relevancia.

En relación co desenvolvemento da ensinanza, preséntase na seguinte táboa os indicadores máis relevantes. Tanto os alumnos como os profesores mostran un nivel aceptable de satisfacción coa docencia impartida, observándose en ambos casos unha tendencia á alza.

**Indicadores relacionados coa satisfacción coa docencia recibida e impartida**

Indicador	Curso Académico					
	11/12	12/13	13/14	14/15	15/16	16/17
IN46G-S01-PM-01 Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	3,37	3,18	3,43	3,52	3,71	3,76
IN47G-S01-PM-01 Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	--	--	3,81	3,70	3,84	3,86
IN48G-S01-PM-02 Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida	33,90	36,06	29,96	23,42	31,47	21,77

**INF.13.Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida**

Aspecto	Valoración				
	12/13	13/14	14/15	15/16	16/17
Explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente	3.44	3.69	3.80	3,92	3,85
Cumpre co programa e o plan de traballo previsto	3.39	3.72	3.73	3,93	4,06
O material de apoio (bibliografía, textos, exercicios, manuais de prácticas,...) resúltame útil para a preparación da materia	3.12	3.29	3.36	3,65	3,62
Os recursos didácticos empregados reforzan a comprensión da materia (soportes multimedia, aula virtual, TICs, encerado, actividades prácticas e complementarias, guía docente, mapas conceptuais, esquemas, cadros, fotocopias, materiais de laboratorio,...)	3.06	3.24	3.39	3,62	3,63
Motiva a participación crítica e activa dos/as estudantes no desenvolvemento da clase	3.06	3.30	3.32	3,66	3,57
Favorece que desenvolva a miña capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións nesta materia	2.95	3.12	3.23	3,49	3,50
Propón actividades para favorecer a miña aprendizaxe autónoma (a procura de información complementaria, a realización de traballos,...)	3.09	3.35	3.46	3,59	3,60
Organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia	3.04	3.33	3.40	3,58	3,66
Resolve as dúbidas que se lle formulan (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...)	3.40	3.67	3.74	3,88	3,95
Consegue facerme ver a relevancia desta materia e o seu interese para a miña formación	3.18	3.38	3.55	3,63	3,75
Considero que hai coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia (responde soamente se tes máis de un/unha profesor/a nesta materia)	3.02	3.40	3.54	3,69	3,93
Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudantes	3.42	3.68	3.66	3,86	3,93

A axuda recibida nas titorías foime de utilidade (responde unicamente se as empregaches)	3,09	3,41	3,53	3,86	3,93
Globalmente estou satisfeito/a co/coa profesor/a da materia	3,21	3,46	3,56	3,77	3,99
<b>PROMEDIO</b>	<b>3,18</b>	<b>3,43</b>	<b>3,52</b>	<b>3,71</b>	<b>3,76</b>

En relación cos datos das táboas anteriores pódense facer as seguintes consideracións:

-A valoración media das cuestión formuladas aos estudantes en relación coas actividades docentes do profesorado segue con tendencia á alza desde o curso 2012/2013, pasando dun valor de 3,18 a 3,76 no curso 16/17.

-Case todos os aspectos que se inclúen na enquisa de satisfacción melloraron a súa valoración con respecto aos cursos académicos anteriores. Baixaron lixeiramente o primeiro, o terceiro e o quinto ítem. O primeiro “Explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente”, baixou de 3,92 a 3,85, e o terceiro “O material de apoio (bibliografía, textos, exercicios, manuais de prácticas,...) resúltame útil para a preparación da materia”, diminuíu de 3,65 a 3,62. O quinto, “Motiva a participación crítica e activa dos/as estudantes no desenvolvemento da clase”, baixou de 3,66 a 3,57. Nas vindeiras reunións co profesorado do Grao tratarase sobre estes aspectos, insistindo en que deben ser mellorados.

-Respecto á porcentaxe de alumnos que cubren a enquisa, aínda que no curso 15/16 acadou un valor máximo de 31,47 %, no curso 16/17 volveu caer ata un 21,77%. A pesar de que a través da Comisión de Título avisouse en tódalas clases, tamén a través da Aula de Coordinación con avisos e correos, e a través do propio Centro, hai que continuar a traballar para fomentar a participación dos estudantes no proceso.

INF.14. Informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida					
Aspecto	Valoración				
	12/13	13/14	14/15	15/16	16/17
O nivel co que chega o alumnado (coñecementos e habilidades) é suficiente para afrontarse aos contidos da materia	3,88	2,92	3,46	3,43	3,29
As/os estudantes participan crítica e activamente no desenvolvemento das clases	3,75	3,38	3,09	3,32	3,29
Coñezo o nivel de comprensión dos/as alumnos/as	4,13	4,13	3,80	4,05	3,84
As/os estudantes amosan unha actitude de interese cara á materia que imparto	4,00	3,63	3,34	3,61	3,66
Estou satisfeito/a coa relación creada co alumnado nas clases e titorías	4,25	4,25	3,83	3,95	4,03
Globalmente estou satisfeito/a co traballo realizado polo alumnado nas miñas clases	4,13	3,63	3,46	3,55	3,55
A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título foi adecuada	3,88	3,83	3,49	3,95	3,87
A coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia foi efectiva (responde soamente se hai máis de un/una profesor/a nesta materia)	4,33	4,76	4,33	4,41	4,65
O material e servizos de apoio á docencia existentes na Universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo,...) son axeitados para o desenvolvemento da materia	4,25	3,83	4,09	4,02	4,08
No centro, conto cos recursos necesarios (soportes multimedia, TICs, aulas e/ou laboratorios,...) para a docencia	4,50	3,91	4,12	4,14	4,39
<b>PROMEDIO</b>	<b>4,11</b>	<b>3,83</b>	<b>3,70</b>	<b>3,84</b>	<b>3,86</b>

Con relación á táboa anterior, pódense sacar as seguintes conclusións:

-No curso académico 16/17 aumentou o interese do alumnado de cara a distintas materias, e a satisfacción co traballo realizado nas clases mantéñse como no curso anterior. Diminuiu a percepción do profesorado do nivel co que chega o alumnado, así como a participación do alumnado nas clases.. Estes últimos puntos foron temas recurrentes nas reunións co profesorado da titulación e nas distintas reunións da Comisión de Título.

-Existe un maior descoñecemento do nivel de comprensión do alumnado por parte dos profesores, pero o nivel de satisfacción coa relación creada co alumnado nas clases e tutorías é máis alto.

-Polo que respecta á coordinación entre as distintas materias e profesores obsérvase un lixeiro descenso na valoración no curso 2016/17, si ben ningún profesor mostrou disconformidade ou queixa algunha relacionada con esto. En vindeiras reunións de coordinación preguntárase por este aspecto.

-No que respecta a recursos necesarios e material e servizos de apoio á docencia, a valoración é mellor que no curso anterior.

#### 12) Suxestións e reclamacións.

Os procedementos para a presentación de suxestións e reclamacións son moi variados, desde a atención persoalizada en tutorías por parte dos profesores, ou dos membros da Comisión de Título, á presentación de queixas ou reclamacións a traveso dos representantes de estudantes na CT, ata a presentación por escrito por rexistro da reclamación, que será atendida por diferentes órganos en función da súa temática. Pode ser atendida directamente na Comisión de Título, pola dirección do centro ou do departamento correspondente, pola Comisión de docencia do centro que é delegada da Xunta de Escola ou directamente pola Oficina de Reclamacións da USC.

Para aspectos menores, existe unha folla de incidencias a disposición na conserxería do centro para realizar unha comunicación inmediata das situacións que se poidan producir durante a docencia.

Toda esa información está disponible na Guía do Estudante e se didunde ademais nas diversas presentacións que fai a Comisión de título, tanto nas charlas informativas como nas actividades de acollida. Tamén é pública na páxina web do centro e a traveso da Aula Virtual de Coordinación.

#### 13) Resultado da análise realizado de todas as accións desenvolvidas sobre a garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.

Durante o curso 2016-2017, todas as accións desenvolvidas orientadas á garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado funcionaron correctamente. Estas accións estiveron centradas nunha mellor coordinación entre materias (mediante as reunións de coordinación), e na revisión das programacións docentes (realizadas pola comisión de Título).

A revisión das programacións docentes céntrase fundamentalmente en verificar que en cada materia se cumpre especificamente todo o indicado na memoria verificada da titulación vixente, especialmente nos resultados da aprendizaxe e nos sistemas de avaliación das competencias.

### 2.3.- Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria

Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:

o admisión do alumnado (probos específicas, perfil, captación).

No curso 2016-2017 entraron en primeiro curso 35 alumnos novos e 5 no curso ponte. Só no dobre título EAA-EFMN se

cubriron todas as prazas ofertadas. Dada a insuficiente demanda e matrícula que se está a rexistrar a captación de alumnado para a titulación é unha preocupación constante.

O programa "A Ponte do ensino medio coa USC" é unha ferramenta importante de promoción e os profesores da titulación participan activamente nas súas actividades. Dentro deste programa no curso 2016-2017 dende o campus de Lugo se ofertaron a centros de ensino medio 47 charlas xenéricas sobre a USC, das que 28 foron atendidas dende o centro. Tamén se ofertan charlas sobre temas específicos: a primeira oferta estaba constituída por 29 charlas, das que 21 foron ofertadas dende a EPSE e delas 18 eran ofertas de profesorado da titulación e/ou de aspectos relacionados con la titulación; nunha segunda tanda se ofertaron 45 charlas, das que 26 foron ofertadas dende a EPSE e delas 15 eran ofertas de profesorado da titulación e/ou de aspectos relacionados con la titulación. Polo tanto neste aspecto da promoción se fai un esforzo importante tanto dende a escola e a titulación

Outra acción do programa "A Ponte" son os "Encontros no campus de Lugo", con visitas e alumnos de secundaria e bacharelato ó campus en conxunto e ós centros/titulacións que escollen en particular. Houbo dúas visitas (02/mar e 07/abr) nas que se dou a coñecer o título a un total de 23 alumnos

Tamén algúns profesores da titulación veñen participando habitualmente no Campus de Verán Xuvenciencia, que é outra forma de dar a coñecer as titulacións do campus de Lugo.

Ademais no curso 2016-2017 se fixo un especial esforzo de promoción nos centros de FP. En primeiro lugar se fixo unha revisión á alza das materias do grao que recoñecen polos ciclos superiores de FP, para facer máis atractivo o paso. Ademais, coma novidade no curso 2016-2017, por iniciativa da Vicerreitoría do Campus Terra o coordinador do grao visitou todos os centros de FP de Galicia que imparten ciclos superiores relacionados coa titulación (das ramas Agraria e Industrias Alimentarias) para facerlles unha presentación do grao ós alumnos e ó mesmo tempo establecer contacto con algúns centros cos que había pouco coñecemento mutuo.

En calquera caso as enquisas realizadas indican reiteradamente que a principal fonte de información da titulación para os futuros alumnos son profesionais e antigos alumnos, seguida da información ofrecida a través da rede. Polo tanto compre mellor

o aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).

A aplicación destas normativas se fixo con normalidade e sen atrancos.

Se fixo a revisión e ampliación do catálogo de convalidacións a alumnos procedentes de ciclos superiores de FP. Aínda así houbo que resolver algúns casos de ciclos non previstos no catálogo. Tamén houbo que atender solicitudes de recoñecemento de alumnos procedentes doutras escolas ou doutros títulos universitarios; así coma a demandas de complementos formativos para alumnos que solicitaran homologación de títulos estranxeiros.

Sen embargo no curso ponte non se recibiu ningunha solicitude de recoñecemento de experiencia profesional, o que se xustifica polo baixo número de alumnos entrantes.

Xa de cara ó remate dos estudos se elaborou unha nova normativa de Traballos Fin de Grao da titulación, para adaptala á nova normativa da USC. Entrará en vigor no curso 17-18 e substitúe á actual normativa do centro que se complementaba con requirimentos específicos por título.

o Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación.

Non hai complementos formativos nin de nivelación, pero si Curso Ponte de adaptación ó grao dos titulados de Enxeñaría Técnica Agrícola. Logo duns anos de oferta enchéndose as prazas dispoñibles e con lista de espera agora a demanda baixa progresivamente. Os datos de matrícula e a súa tendencia á baixa fan que se estea a pensar en deixar de ofertalo.

o Metodoloxía de ensinanza (adaptación a necesidades específicas de aprendizaxe, mecanismos de coordinación dos procesos de ensinanza-aprendizaxe).

Na guía docente de cada materia se especifica a metodoloxía de ensinanza a seguir e todas elas cumpren o especificado na memoria verificada da titulación. Os profesores adaptan a metodoloxía ás particularidades da materia e ás competencias transversais, básicas, xerais, específicas asignadas á mesma. Estas metodoloxías docentes están en continua revisión e actualización e cada ano son revisadas pola comisión de título co conxunto da guía docente de cada materia.

A coordinación docente se establece a diferentes niveis: dentro dunha materia cando é impartida por máis dun profesor, e entre materias do mesmo curso e semestre e nos diferentes cursos. Por outra parte a coordinación ten que atender ós contidos, para asegurar que se acadan as competencias previstas sen caer en solapamentos; pero tamén é importante o aspecto cronolóxico, para que haxa un progreso na adquisición das competencias. Ademais neste aspecto cronolóxico tamén ten importancia a distribución regular da carga de traballo dos alumnos, para que poidan ir atendendo os requirimentos das materias que cursan ó mesmo tempo.

A coordinación é un aspecto clave na satisfacción e no rendemento dos estudantes e na competencia dos titulados. Por iso é unha preocupación constante e a comisión de título vela pola coordinación a todos estes niveis e de xeito continuado. No aspecto de contidos e de progresividade na adquisición das competencias a ferramenta principal que se ven usando é a revisión anual de guías docentes, pero despois de varios anos xa se foron corrixindo os temas principais e hai que atender a outros aspectos máis concretos. Tamén é interesante ir poñendo en marcha outras iniciativas, aínda que non é fácil e moitas veces dependen moito da iniciativa dos profesores, polo que a comisión de título debe actuar de dinamizadora. Unha acción de mellora do curso 16-17 tiña este obxecto e compre seguir insistindo.

Pola súa banda a coordinación do traballo que deben facer os alumnos se leva a cabo tanto na propia elaboración de horarios das actividades presenciais coma no estudio da carga de traballo dos alumnos, onde se reflexa todo tipo de traballos a entregar e de probas parciais de avaliación. Ambos aspectos son actualizados todos os anos e vese necesario afondar no estudio da carga de traballo, recollendo máis aspectos da ocupación do tempo dos estudantes.

o Avaliación da aprendizaxe.

A avaliación da aprendizaxe ten por obxecto cuantificar a adquisición das competencias previstas en cada materia individual e na titulación en conxunto, asegurando que os egresados contan coas competencias fixadas na memoria da titulación, que son as marcadas pola Orden CIN/323/2009. Como indica na memoria verificada da titulación e se concreta na guía docente de cada materia a avaliación se fai de xeito continuado, usando diferentes instrumentos (exame, entrega e/ou exposición de traballos, entrega de prácticas, asistencia e participación en actividades que se desenvolven na aula, ...) que son considerados ponderadamente na cualificación. Cada competencia pode ser avaliada con un ou varios destes instrumentos e isto se especifica no sistema de avaliación. Os sistemas de avaliación das materias e a súa relación coas competencias está a ser continuamente revisada polos profesores e supervisada pola comisión de título.

O TFG constitúe a proba final que permite a avaliación conxunta das competencias adquiridas ó longo de toda a titulación. A comisión de título, especialmente polo traballo da coordinadora de TFG, fai un seguimento e apoio de todo o proceso, velando pola adquisición e avaliación das competencias previstas.

o Orientación académica (plan de acción titorial) e profesional.

No seu progreso na universidade o alumno ten de xeito continuo orientación en diferentes aspectos da súa formación académica e apoio e asesoramento naqueles aspectos que son do seu interese. Unha vez que os alumnos acceden ó grao se leva a cabo con eles un programa de acollida que empeza o primeiro día co acto de benvida pero se continúa logo con diversas reunións informativas. Os alumnos titores están á disposición dos novos alumnos para guiarlles na súa integración na universidade. Posteriormente, ó longo dos anos de estudos tanto o centro como a comisión de título ten sucesivos actos informativos sobre diferentes temas de interese nas distintas etapas (especialidades da titulación, , prácticas en empresa, TFG, intercambios...). Neste labor se conta coa colaboración de diferentes servizos da USC, como a biblioteca, o Centro de Linguas Modernas ou a Vicerreitoría de Relacións Internacionais. De xeito máis continuo se lles envían avisos de temas que poden ser do seu interese. Por outra parte os coordinadores e o equipo directivo sempre están dispoñibles para atender calquera consulta a nivel individual, presencialmente ou a través do correo electrónico.

Esta acción informativa resulta ben valorada polos alumnos, xa que nas enquisas este punto acada un 3.33 sobre 5, cunha nota mínima de 3.

Aparte da orientación profesional que se da por outras vías no curso 2016-2017 se organizou na escola e coa colaboración da Área de Orientación Laboral da USC un Foro de Emprego orientado a alumnos de 3º e 4º cursos con unha parte de formación para a busca activa de emprego e outra de orientación profesional específica coa participación de egresados da titulación. Aínda que os alumnos frecuentemente demandan este tipo de eventos non é fácil acadar unha grande asistencia.



o Prácticas externas.  
Aínda que non son obrigatorias, se considera que a realización de prácticas externas é unha experiencia positiva para os alumnos, que lles acerca ó mundo profesional, mellora a súa motivación e lles aporta competencias. A pesar do traballo no centro por ter unha oferta ampla de convenios con empresas e institucións onde facer as prácticas, en anos anteriores o % de alumnos que solicitaban facelas era pequeno; de feito o % de egresados que fixeran prácticas en empresa non superou ningún ano o 15 %. Sen embargo a satisfacción dos alumnos que fan as prácticas é alta; aínda que non hai datos concretos do curso 16-17, viña estando sempre por riba de 4.

No curso 16-17, dentro dunha acción de mellora programada (GEAA\_AM-5.2), se fixo unha campaña para potenciar a participación, e como resultado xa neste curso subiu considerablemente, pois se fixeron 19 solicitudes, mentres que no anterior foran só 4. Compre por tanto non deixar de fomentar a súa realización. Se está facendo campaña informativa todos os anos e actualmente se está a traballar en conseguir un grupo de prácticas que estean minimamente remuneradas para fomentar o interese na participación e tamén para que os alumnos poidan escoller en base ás súas preferencias sen estar condicionados polos custos de desprazamento que puideran ter.

o Movilidade.  
En xeral está habendo unha baixa mobilidade na titulación, tanto entrante como sobre todo saínte. No curso 16-17 só fixeron algún tipo de intercambio 2 alumnos do grao (1.15 % do total de matriculados), e nos dous cursos anteriores non saíu ningún. Os datos dos graos precedentes (Enxeñaría Agrícola e do Medio Rural e Enxeñaría das Industrias Agroalimentarias) mostran unha tendencia similar, onde só nun curso se chegou ó 3% de alumnos saíntes. Os dous alumnos saíntes no curso 16-17 foron a Polonia e Rep. Checa mediante convenios Erasmus. Estes destinos se repiten en cursos pasados, pero tamén houbo saídas a Francia e Malta. Nestes anos non houbo ningunha mobilidade dentro de España mediante o programa Sicue.

Os datos de mobilidade entrante son algo maiores, aínda que non elevados. No curso 2016-2017 estiveron de intercambio neste grao 5 alumnos (2.87 % do total de matrícula), 4 no curso pasado (2.94 %) e 12 (10 %) no 14-15. A maioría proceden de América latina, Arxentina Brasil e México sobre todo, mediante convenios bilaterais, mentres que de Europa con convenio Erasmus dende 2010-2011 só viñeron 4 de Portugal e 2 de Italia. Xa hai tempo que non hai ningunha entrada por convenio Sicue. O grao de satisfacción destes estudantes entrantes é razoablemente bo, movéndose entre o 3.67 do curso 16-17 e o 4.14 do curso 14-15.

O nivel de mobilidade do profesorado tamén é baixo. O número de profesores da titulación que fan intercambios docentes é de 1 por ano nos dous últimos anos, e nunca subiu de dous.

No baixo grao de mobilidade saínte, aparte da escaseza nas becas de mobilidade se detectou que un limitante á hora de facer intercambios internacionais é a falla do nivel de idiomas requirido. Por iso, coa axuda do Centro de Linguas Modernas, se ven insistindo nos últimos anos no interese de acadar o certificado B1 nun idioma estranxeiro canto antes, e mesmo ter en conta os intereses de mobilidade á hora de escoller o idioma.

Con estes datos compre facer esforzos para fomentar a mobilidade entre os alumnos, aínda que tamén entre os profesores. Polo tanto un obxectivo é potenciar a información que chega ós estudantes, tanto aumentando as accións informativas e coordinando as que xa hai, como dándolles máis difusión e/ou facilitando a asistencia dos alumnos. Aumentar convenios, especialmente en universidades onde o idioma é máis fácil de obter.

o Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).

No curso 2016-2017 se aprobou unha nova normativa de TFG da titulación, para adaptala á normativa que a USC aprobara previamente. Nese cambio a antiga normativa de centro que rexía para todos os títulos e que se complementaba con unha específica para a titulación foi substituída unicamente pola nova normativa da titulación, simplificando a consulta. Como consecuencia desta adaptación normativa se elaborou e publicou unha oferta de TFG nas súas diferentes modalidades e se elaborou unha normativa de asignación de títolos, previamente consensuada na Comisión de Calidade do Centro. Isto supón un avance na información que se ofrece, e na fiabilidade e transparencia dos procedementos seguidos. Na guía docente do TFG se recollen aspectos relativos á presentación e avaliación do TFG que son revisados anualmente para ir completando e actualizar a información que se ofrece.

o Resultados de aprendizaxe.

Mais aló dos resultados da avaliación das materias e das taxas de avaliación, éxito e rendemento, os resultados de

aprendizaxe veñen dados polo nivel de competencia dos titulados, que é moito máis difícil de avaliar, xa que só se manifesta logo da titulación e por tanto fora da escola, e non é fácil ter información dos alumnos a partires dese momento.

Non hai datos sobre a satisfacción dos empregadores cos egresados desta titulación, ou mesmo dos dous grados precedentes, que quizás fose a mellor maneira de medir os resultados do traballo docente que se fai na titulación. Nin sequera se dispón de datos de satisfacción dos tiores profesionais das prácticas en empresa, se ben as cualificacións que dan son elevadas, na media de sobresaliente. Os datos de inserción laboral comentados anteriormente son regulares, se ben xa son antigas enxeñarías técnicas e non recollen todo o esforzo feito nos últimos anos coa implantación dos graos. Nin sequera se conta con datos de satisfacción de egresados.

A valoración dos estudantes das competencias recibidas é razoablemente boa, cunha media de 3.67 e un mínimo de 3, cando a media da USC é de 3.2. Pola súa banda percepción que ten o profesorado das competencias adquiridas polos seus alumnos é máis variable, xa que acada unha media de 3.65, razoablemente boa e semellante á do conxunto da USC, pero a mínima puntuación é de 2.

o Indicadores de satisfacción e rendemento.

A satisfacción dos alumnos coa docencia recibida foi de 3.81 sobre 5, na media dos anos anteriores. As puntuacións dos diferentes aspectos son bastante regulares, xa que van do 3.5 ó 4.23. Os puntos mellor valorados son a información dada sobre a materia, o cumprimento do plan de traballo previsto e a resolución de dúbidas. O punto peor valorado é o desenvolvemento da capacidade de transmitir información, ideas, solucións; seguido da claridade nas explicacións e transmisión da relevancia da materia.

A satisfacción do profesorado coa docencia impartida é semellante, de 3,83 sobre 5, con tendencia ascendente nos últimos anos. Os puntos peor valorados son o nivel con que chegan os alumnos á súa materia e a participación activa nas clases. Os puntos mellor valorados son a coordinación dos profesores dentro da materia e o material e servizos de apoio dispoñibles.

En cando á titulación en conxunto os alumnos valoran ben a orientación recibida na titulación e a información pública dispoñible; non tanto a orientación laboral e profesional. Na planificación e desenvolvemento das ensinanzas a peor puntuación e por baixo da media da USC está a sucesión temporal das materias no plan de estudos, aínda que a experiencia di que a sucesión real que fan os alumnos non é a prevista no plan de estudos. Neste apartado os alumnos tamén critican bastante o desenvolvemento das ensinanzas, aspecto que tamén queda por baixo da media da USC, e non tanto A coordinación entre as materias do plan de estudos. Finalmente os recursos son ben valorados, destacando por riba os recursos bibliográficos e por baixo os laboratorios, aulas de informática,.. e os seus equipamentos.

O profesorado valora bastante ben a titulación, destacando como puntos susceptibles de mellora a coordinación de materias dentro da titulación e os laboratorios e aulas de informática e a súa dotación.

No curso 16-17 tamén se fixeron enquisas propias sobre a docencia práctica, como parte dunha acción de mellora proposta (GEAA\_AM-2). Para simplificar a realización e a interpretación de resultados se limitou a 3 preguntas sobre a adecuación do momento de realización, do material utilizado e da contribución das mesmas á cualificación, ademais dun espazo para facer comentarios libres. Aínda que houbo diferenzas por materias e cursos, en xeral as cualificacións foron bastante boas, mellores do inicialmente esperado en base a outras evidencias. En 4º curso e en 3º de Industrias se acadaron puntuacións por riba de 4 sobre 5, mellores que no resto. Veuse unha correlación marcada entre os resultados as dúas primeiras preguntas, o que fai pensar que, máis aló do enunciado de cada una, poden reflectir o grao de satisfacción xeral pola realización da práctica. A terceira pregunta, sobre correlación entre o traballo das prácticas e a súa contribución á nota final foi a que acadou peor valoración. Os resultados da enquisa foron publicados e agora haberá que telos en conta na planificación de horarios e no sistema de cualificación das materias.

• Suxestións e reclamacións.

Segundo a Oficina de Análise de reclamacións no curso 16-17 se fixeron 2 recursos, un no grao de Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria, sobre apoio titorial extraordinario e que foi desestimado; e outro no dobre grao EAA-EFMN, sobre recoñecemento de estudos, que foi parcialmente estimado.

En canto ás queixas se presentaron 3 relativas a horarios, que foron desestimadas.

#### 2.4.- Máster Universitario en Enxeñaría de Montes

##### 1) Admisión do alumnado

Ao tratarse dun título habilitante para unha profesión regulada os requisitos de acceso están fixados na Orde CIN/326/2009. Os complementos formativos establécense unicamente para os titulados da antiga Enxeñaría Técnica Forestal.

A matrícula (IN02M-PC-05), tras manterse en 13 alumnos nos cursos 2013-14 e 2014-15, incrementouse a 14 alumnos no curso 2015-16 e baixou a 12 no curso 2016/17. A matrícula de novo ingreso (IN03M-PC-05) incrementouse de 3 (curso 2014-15) a 8 alumnos (curso 2015-16) e baixou novamente a 2 alumnos no curso 2016/17. En canto ao número de alumnos de inicio de estudos (IN04M-PC-05) pasou de 3 (2014-15) a 6 (2015-16) e baixou novamente a 2 (2016-17). Isto fai pensar que non se pode baixar a garda e que hai que seguir traballando en accións de visibilización e promoción da titulación que permitan incrementar, ou polo menos manter, o número de alumnos de novo ingreso nuns niveis razoables.

##### 2) Aplicación de normativas predefinidas que obren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).

Non se produciron incidencias significativas na aplicación das normativas de permanencia ou avaliación da Universidade de Santiago de Compostela. Todas elas aplícanse sen incidencias para o desenvolvemento deste programa de estudos.

Tamén, como resultado dos procesos de Renovación da Acreditación dos títulos existentes na Escola, realizouse una adaptación do Regulamento propio do centro ao novo Regulamento de TFG/TFM da USC.

##### 3) Complemento formativos, cursos de adaptación ou de nivelación, se é o caso.

Para este Máster non existe curso de adaptación pero si créditos complementarios que deben facer aqueles titulados/as en Enxeñaría Técnica Forestal para acceder a este título. No curso 2013-2014 o 50% dos matriculados cursaron créditos complementarios xa que procedían das Enxeñarías Técnicas, mentres que no curso 2016-2017 ningún alumno realizou estes complementos.

Os [complementos formativos para o alumnado procedente da Enxeñaría Técnica Forestal](#) figuran na páxina web do título. O alumnado procedente doutras universidades que considera ter adquirida xa algunhas das competencias correspondentes aos créditos de complementos formativos, pode pedir un recoñecemento de créditos unha vez matriculado.

##### 4) Metodoloxía de ensinanza (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)

As actividades docentes, as metodoloxías e os sistemas de avaliación e cualificación empregados en todas as materias do título adecúanse á proposta da memoria verificada da titulación, e considéranse adecuados para a adquisición das competencias básicas, xerais e específicas definidas na memoria de título, así como para as transversais que se decidiu traballar en cada materia. Estas competencias establecéronse para cumprir a orde ministerial CIN/009 que establece os requisitos que debe cumprir o plan de estudos para habilitar para o exercicio da profesión de Enxeñeiro/a de Montes.

Nos últimos cursos académicos procedeuse a revisar as programacións docentes das materias que se publican na web do título, para comprobar que figuran de xeito explícito as competencias e os procedementos para a avaliación da adquisición das mesmas, estando nestes momentos completamente actualizada a información.

##### 5) Mecanismos de coordinación docente

Como xa se comentou anteriormente, a coordinación docente realízase nunha primeira fase a través dos coordinadores de cada materia (no caso de que hai máis dun profesor impartindo docencia); nunha segunda fase a través das reunións dos coordinadores de curso e especialidade cos coordinadores de cada materia e por último, todos os desaxustes que se detectaron nas fases anteriores trátanse na Comisión Académica de título que é a que as avalía e decide as medidas a tomar para corrixilas.

##### 6) Avaliación da Aprendizaxe

Como xa se comentou na directriz 2, a comprobación de que os alumnos alcanzan os resultados da aprendizaxe

faise en base ás seguintes consideracións: a asistencia a clase, a realización de probas orais e/ou escritas, a realización de exercicios, o aproveitamento das prácticas, os traballos entregados e/ou expostos, e a participación do alumnado nas actividades da aula. Na guía docente de cada materia se indica o peso que se lle outorga a cada unha destas actividades, nun proceso de avaliación continua que depende da natureza de cada materia. Así mesmo, no caso de optarse pola realización dun exame final, tamén se fixa na guía docente a súa importancia relativa na superación da materia.

7) Orientación Académica (plan de acción tutorial) e profesional

Durante o curso 2016/17 realizáronse varias actividades dirixidas aos alumnos do máster para favorecer a súa inserción profesional e mellorar a información que reciben sobre o desenvolvemento da súa carreira universitaria e as alternativas curriculares que se lles ofrecen. Entre elas destacan a xornada sobre a titulación de Enxeñeiro de Montes e a xornada co grupo de interese de empregadores de egresados. Ademais, está a desenvolverse un protocolo de actuacións a realizar cada ano, cun calendario de accións que se espera implantar durante o próximo curso 2018/19.

8) Prácticas externas

As prácticas en empresa son obrigatorias. A satisfacción dos titores académicos (IN21M- PC-09) é moi alta (4,40 no curso 2014/15 que é ou último con cifras) e os datos dos que dispomos sobre a satisfacción do alumnado (IN19M- PC-09) sitúanse tamén preto dous cinco puntos máximos (4,71). Ademais, as valoracións que recibe o estudantado por parte dos titores externos son elevadas (110). Por outra parte, e derivada do proceso para a Renovación dá Acreditación do resto de títulos dá EPS, levouse a cabo con éxito unha Acción de Mellora non Plan de Melloras do Centro asociada á mellora do seguimento das prácticas externas non curso 2016/17.

A comisión de título, xunto coa Subdirección de Prácticas Externas, son as encargadas de velar para que a formación recibida polo alumnado nas prácticas externas sexa coherente coas competencias recoñecidas na memoria de título. Cando unha empresa non cumpre con esta condición rescíndese o convenio de colaboración aínda que neste título non foi necesario até hoxe.

9) Mobilidade

Dos 29 convenios Erasmus asinados, 24 son para a área agroforestal, dentro da cal 3 son específicos para a Enxeñaría de Montes. No curso 2016/17 asinouse un novo acordo coa Universidade Van Hall Larestein só no ámbito forestal. A pesares da existencia de acordos a participación en programas de mobilidade foi nula nos tres últimos cursos. Só no curso de implantación 2013-2014 a taxa de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade acadou o 38,5 % da matrícula.

Non esperamos que exista unha mobilidade relevante neste título debido a que o programa esténdese unicamente ao longo de tres semestres, nos dous primeiros semestres adquiren as competencias que lles permiten obter a habilitación para exercer a profesión de Enxeñaría de Montes en España (sendo complicado atopar programas de estudo similares noutros países), mentres que no terceiro realizan a especialización do seu interese. Estamos a fomentar que as prácticas en empresa obrigatorias se realicen ao abeiro do programa Erasmus Prácticas, para o que existe un programa activo de captación de estudantes dende o curso 2016-2017.

No proceso de modificación da memoria do título, que esperamos este implantado durante o curso 2019/20, preténdese modificar as condicións de optatividade das especialidades para que os alumnos poidan tamén optar a realizar mobilidade asociada ás devanditas materias aínda que non figure a obtención de ningunha especialidade concreta no título.

10) Traballos fin de máster (asignación, supervisión, avaliación)

A comisión de título decide a asignación dos titores de TFM con perfiles docentes e investigadores relacionados coa temática elixida polo alumnado. Os [criterios de valoración](#) foron aprobado pola Comisión de título e figuran na páxina web do centro xunto coa [normativa que establece o procedemento a seguir](#).

11) Resultados de Aprendizaxe

Como xa se comentou na directriz 2, durante os últimos anos realizouse un proceso continuo de revisión anual de guías docentes que garante que as competencias establecidas pola memoria verificada son traballadas e

avaliadas. Ademais, no tipo de estudos que estamos a analizar, as enxeñarías, a comprobación da adquisición de resultados de aprendizaxe realízase tamén, en último caso a través do TFM que debe permitir comprobar a adquisición de parte das competencias profesionais para as que acredita o título, tal e como se establece na Orde CIN/326/2009.

Por último, na enquisa realizada aos alumnos no curso 2016/17 acerca da súa percepción na adquisición de competencias (INF-22) os resultados foron de 3,5 puntos sobre 5, valor que está por riba da media da USC para o mesmo curso (3,23). Os resultados desta mesma cuestión nas enquisas realizadas ao profesorado (INF-23) deron un valor de 3,85 sobre 5, moi semellante á media da USC (3,98).

## 12) Indicadores de satisfacción e rendemento

A oferta de prazas de novo ingreso no curso 2016/17 (36) é moi superior á demanda existente. Ante esta situación, aproveitando que se vai a iniciar o procedemento de modificación da memoria de título, váise reducir o número de prazas ofertadas a 25 para o curso 2019-20. Esta situación de falta de demanda para o título é común en tódalas Escolas de España nas que se imparte esta titulación. Por iso, na Conferencia de Directores e Decanos de centros que imparten estudos de Enxeñeiro/a Agrónomo, Enxeñeiro/a de Montes, Enxeñeiro/a Técnico Agrícola Enxeñeiro/a Técnico Forestal en España, estase reflexionando sobre o futuro da profesión de Enxeñeiro de Montes, como o demostran as actas das súas reunións (<http://conferencia.ingenierosdemontes.org/>). Neste proceso conxunto en todo o Estado non é de descartar un futuro redeseño do título.

Os últimos datos de taxa de graduación e taxa de abandono corresponden o curso 2015/16. A taxa de graduación (IN37M-S01-PM-01) foi do 100% fronte á media da USC que foi do 83,86%. A taxa de abandono (IN41M-S01-PM-01), que foi do 0% fronte a un 6,98% no conxunto da USC, é indicativa do interese do alumnado polo máster. Estes resultados posiblemente teñan moito que ver coa presenza de grupos reducidos e, polo tanto, pola atención tan personalizada que recibe o alumnado.

Respecto das taxas de rendemento (IN34M-S01-PM-01) obtívose un valor de 84,69% (media da USC de 90%), algo inferior ao 89,20% do curso anterior (Media da USC do 95,00%); a taxa de éxito (IN35M-S01-PM-01) alcanzou un valor de 96,89%, (Media da USC de 99,26%) lixeiramente inferior ao 99,14% do curso anterior (Media da USC de 99,18%); por último, a taxa de avaliación (IN36M-S01-PM-01) alcanzou un valor de 87,41% (Media da USC de 90,67%), de novo lixeiramente inferior ao 89,97% do curso pasado (Media da USC de 95,79%). En todo caso, os resultados son moi elevados e similares ós da media da USC, polo que deberemos traballar para que se manteñan polo menos no seu nivel actual.

As enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (indicador IN46M-S01-PM-01) produciron un resultado global de 4,68 sobre 5. Desde o punto de vista histórico, a valoración global (4,68) foi moi superior á dos cursos anteriores (3,61 no curso 2013/14; 3,89 no curso 2014/15 e 3,67 no curso 2015/16). A variación é importante aínda que como só hai catro anos rexistrados non se pode facer unha valoración da tendencia temporal.

A análise dos items da enquisa (INF-13) amosa que as valoracións de todos eles están por encima de 4,1 sobre 5, aumentando notablemente sobre los valores do curso anterior. A participación do alumnado na enquisa mantívose nos valores do curso anterior cunha cifra do 45,45% actual fronte ao 46,15 do curso anterior (IN48M-PM-02).

A avaliación da satisfacción do profesorado (IN47M-S01-PM-01) amosa resultados semellantes ós do alumnado. O valor medio foi de 4,27 en 2016/17 mentres que a do curso 2015/16 foi 4,03. A participación do profesorado incrementouse lixeiramente xa que o 60% cubriu a enquisa fronte ao 57,14 % do curso anterior. En xeral, a valoración de todos os items da enquisa (INF-14) foi igual ou superior a 4,0 agás nun aspecto: a valoración do nivel co que chega o alumnado (ítem 1) que recibiu a valoración de 3,80.

Convén destacar que a valoración dá coordinación entre as distintas materias e cursos dá titulación (4,38), continuou mellorando con respecto aos valores dos cursos anteriores (3,36; 3,49 e 4,04, respectivamente).

Ao respecto da satisfacción do resto de grupos de interese, cabe destacar a mellora da satisfacción do persoal da apoio co traballo desenvolvido.

No que respecta aos egresados, os datos do curso 2016/17 mostran unha boa valoración da titulación (IN42-S01-PM-01), cun valor de 3,75 puntos sobre 5 tanto para a docencia teórica como para a práctica, por riba da media da



USC nos últimos anos (aínda que non se dispón de datos deste curso para a Universidade no seu conxunto) e moi claramente por riba do último dato publicado (3,0 e 2,33 para a docencia teórica e a práctica, respectivamente). En xeral valóranse ben todos os apartados, na súa maioría por riba da media da Universidade do curso 2015/16. Debemos sinalar que a taxa de resposta aumentou dende o 42,86% no curso 2014/15 ata o 100% no curso 2016/17 posiblemente grazas ao esforzo das campañas para que o alumnado responda a enquisa oficial da USC.

Convén destacar a mellora na valoración das actividades de acollida, organización académica e atención ao alumnado (IN23M-PC-12 e IN33M-PS-03) grazas ao esforzo de mellora con respecto ao ano de implantación do título que é o que experimentaron os egresados en 2014-2015, e que quedou reflectido no informe de seguimento do curso 2014-2015, e ao esforzo da dirección do centro coa publicación da Guía do Alumnado.

## 2.5.- Máster Universitario en Enxeñaría Agronómica

### 1) Admisión do alumnado (probos específicas, perfil, captación).

O alumnado accede do Grao ou da Enxeñaría Agronómica previa ao novo plan de estudos polo que

- non se contemplan probas específicas
- o perfil se axusta ó descrito na Memoria
- a captación faixe a partir dos titulados das titulacións que poden acceder ao máster
- <http://www.usc.es/gl/centros/eps/titulacions.html?plan=15081&estudio=15082&codEstudio=14569&valor=9>

### 2) Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).

Permanencia: a duración media dos estudos, duración media (en anos) na que os estudantes tardan en superar os créditos correspondentes ao plan de estudos: 2 anos.

[http://www.usc.es/gl/servizos/sxopra/0321\\_masters\\_normativa.html#transferencia](http://www.usc.es/gl/servizos/sxopra/0321_masters_normativa.html#transferencia)

### 3) Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación.

Non se contemplan polo tipo de acceso ao máster profesionalizante descrito na Memoria para os alumnos de Grao en Enxeñaría Agrícola e do Medio Rural, e Grao en Enxeñaría das Industrias Agroalimentarias pola USC (así como os graos doutras universidades españolas que outorguen as competencias establecidas na Orde Ministerial CIN /325/2009; p.e.: Grao en Enxeñaría Agraria pola UVIGO).

### 4) Para os alumnos da Enxeñaría Técnica Agrícola se presentan complementos, que deben cursarse previamente ou simultaneamente ao 1º curso do máster (<http://www.usc.es/gl/centros/eps/titulacions.html?plan=15081&estudio=15082&codEstudio=14569&valor=9>)

### 5) Metodoloxía de ensinanza (adaptación a necesidades específicas de aprendizaxe, mecanismos de coordinación dos procesos de ensinanza-aprendizaxe).

As actividades docentes, as metodoloxías e os sistemas de avaliación e cualificación empregados en todas as materias do título adecúanse á proposta da memoria verificada da titulación, e considéranse adecuados para a adquisición das competencias básicas, xerais e específicas definidas na memoria de título, así como para as transversais que se decidiu traballar en cada materia. Estas competencias establecéronse para cumprir a orde ministerial Orde CIN/325/2009 que establece os requisitos que debe cumprir o plan de estudos para habilitar para o exercicio da profesión de Enxeñeiro Agrónomo.

Nos últimos cursos académicos procedeuse a revisar as programacións docentes das materias que se publican



na web do título, para comprobar que figuran de xeito explícito as competencias e os procedementos para a avaliación da adquisición das mesmas, estando nestes momentos completamente actualizada a información.

6) Avaliación da aprendizaxe.

A comprobación de que os alumnos alcanzan os resultados da aprendizaxe faise en base ás seguintes consideracións: a asistencia a clase, a realización de probas orais e/ou escritas, a realización de exercicios, o aproveitamento das prácticas, os traballos entregados e/ou expostos, e a participación do alumnado nas actividades da aula. Na guía docente de cada materia se indica o peso que se lle outorga a cada unha destas actividades, nun proceso de avaliación continua que depende da natureza de cada materia. Así mesmo, no caso de optarse pola realización dun exame final, tamén se fixa na guía docente a súa importancia relativa na superación da materia. Estas guías docentes están acordes ao disposto na memoria verificada.

7) Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.

Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible (valoración media da enquisa de satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible, que permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a información pública do título: 2,80 no ano 2016-2017.

8) Prácticas externas.

A porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións (relación porcentual entre os egresados dun título nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizaron prácticas en empresas e institucións, sobre o total de estudantes egresados nese título e nese mesmo curso académico): 50% no curso 2016-2017.

Un egresado realizou prácticas externas durante a titulación e o grao en que considerou que completou a súa formación foi de 4 en 2016-2017.

9) Mobilidade.

Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados: 0%

Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados: 0%

10) Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).

A comisión de título decide a asignación dos títolos de TFM con perfiles docentes e investigadores relacionados coa temática elixida polo alumnado. Os criterios de valoración foron aprobado pola Comisión de título e figuran na páxina web do centro xunto coa normativa que establece o procedemento a seguir.

No [http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/eps/xescampus/P4161V01/PROPOSTAS\\_TFM\\_agrono\\_16.17.pdf](http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/eps/xescampus/P4161V01/PROPOSTAS_TFM_agrono_16.17.pdf) pódese visualizar a oferta de TFM para o curso 16/17. link

Os criterios de valoración foron aprobado pola Comisión de título e figuran na páxina web do centro xunto coa normativa que establece o procedemento a seguir. (<http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/eps/xescampus/P4161V01/RUBRICAaprobada.v1.pdf>)

[http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/eps/caixa\\_alumnado/traballo\\_fin\\_de\\_grao\\_e\\_maister/1707](http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/eps/caixa_alumnado/traballo_fin_de_grao_e_maister/1707)

Normativa\_TFG\_TFM/Regulamento-TFM-Master-Universitario-en-Enxenaria-Agronomica.pdf

11) Resultados de aprendizaxe.

Como se sinala nos indicadores de satisfacción e rendemento, os alumnos valoran positivamente a docencia recibida (4,07), o que se corresponde coas elevadas taxas de rendemento académico (86%), aínda que a taxa de graduación sitúase nun 60%. A valoración das competencias adquiridas no 2016-2017 foi de 3,32 (INF 22).

12) Indicadores de satisfacción e rendemento.

A taxa de graduación (IN37M-S01-PM-01) foi 33,33 % no curso 15/16. A taxa de abandono (IN41M-S01-PM-01), que foi do 0% fronte a un 6,98% no conxunto da USC, é indicativa do interese do alumnado polo máster. Ademais esta taxa reduciuse fronte ao 33,33 % do curso 15/16. Estes resultados posiblemente teñan moito que ver coa presenza de grupos reducidos e, polo tanto, pola atención tan personalizada que recibe o alumnado.

Respecto das taxas de rendemento (IN34M-S01-PM-01) obtívose un valor de 86,06% (media da USC de 90%), algo inferior ao 87,28% do curso anterior (Media da USC do 95,00%), pero manténdose a tendencia ascendente no conxunto de anos analizados. A taxa de éxito (IN35M-S01-PM-01) acadou un valor de 99,65%, (Media da USC de 99,26%) reflectindo o gran interese dos alumnos por superar as materias cursadas. Por último, a taxa de avaliación (IN36M-S01-PM-01) alcanzou un valor de 86,36% (Media da USC de 90,67%), lixeiramente inferior ao 93,64% do curso pasado (Media da USC de 95,79%). En todo caso, a tendencia no período analizado mantense, e deberemos traballar para que non se inverta esta tendencia.

A taxa de graduación (relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis e a súa cohorte de ingreso) foi do 60%.

A eficiencia dos titulados (relación porcentual entre o número total de créditos do plan de estudos nos que deberon matricularse ao longo dos seus estudos o conxunto de egresados dun determinado ano académico e o número total de créditos nos que realmente se matricularon) foi do 100%.

A taxa de abandono RD 1393/2007 (relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior) foi do 0%.

Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación (valoración media das preguntas relativas á satisfacción coa titulación da enquisa de egresados): 2,21.

As enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (indicador IN46M-S01-PM-01) produciron un resultado global de 4,07 sobre 5. Desde o punto de vista histórico, a valoración global foi moi superior á dos cursos anteriores (3,80 no curso 2013/14; 3,65 no curso 2014/15 e 3,65 no curso 2015/16). A análise dos items da enquisa (INF-13) amosa que as valoracións de todos eles están por encima de 3,8 sobre 5, aumentando notablemente sobre los valores do curso anterior. A participación do alumnado na enquisa mantívose nos valores do curso anterior cunha cifra do 48,00% actual fronte ao 47,06 do curso anterior (IN48M-PM-02).

A avaliación da satisfacción do profesorado (IN47M-S01-PM-01) amosa resultados semellantes ós do alumnado. O valor medio foi de 4,26 en 2016/17 mentres que a do curso 2015/16 foi 4,12. A participación do profesorado decreceu lixeiramente xa que o 40,54 % cubriu a enquisa fronte ao 44,62 % do curso anterior. O ítem peor valorado foi o referido á valoración do nivel co que chega o alumnado (ítem 1), que recibiu un 3,76.

En xeral os alumnos valoran moi ben a docencia, cun máximo de 4,45 cando se lles pregunta “Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudantes” e un mínimo de 3,56 cando a pregunta é “Considero que hai coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia (responde soamente se tes máis de un/unha profesor/a nesta materia). Contrariamente, os profesores avalían este aspecto cun 4,80 (INF.14).

No que respecta aos egresados, os datos do curso 2016/17 mostran unha mala valoración da titulación (IN42-S01-PM-01), cun valor de 2,21 puntos sobre 5. Este dato non obstante discrepa coa elevada taxa de eficiencia dos egresados, que se sitúa nun 98,77 % (similar á rexistrada no curso 15/16), así como a elevada taxa de éxito, situada no 98,77 %. A mala valoración da titulación tampouco é acorde coa información extraída dos resultados de inserción laboral dos egresados, que se reflicte no indicador EIL\_SIIU\_2015-2016. Neste indicador reflíctense taxas de afiliación para os enxeñeiros agrónomos do 66,7 %, valor moi elevado tendo en conta o estado actual do mercado laboral.

A satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible (valoración media da enquisa de satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible) foi dun 2,80.

Grao de satisfacción dos egresados cos servizos (valoración media das preguntas relativas á satisfacción cos servizos da enquisa de egresados) foi dun 3,00.

#### 13) Suxestións e reclamacións.

Un alumno, na enquisa 2016-2017, sinala que unha vez presentada algunha reclamación ante a Dirección ou o Decanato do centro, valora a atención recibida cun 1.

#### 14) Resultado da análise realizado de todas as accións desenvolvidas sobre a garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.

A análise realizada no ano 2016-2017 indica que as accións desenvolvidas funcionaron correctamente sobre a garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado. Estas accións estiveron centradas nunha mellor coordinación entre materias (traballos a entregar polos alumnos), e na revisión das guías docentes (especialmente nos sistemas de avaliación das competencias).

### 2.6.- Máster Universitario en Dirección de Proxectos

#### 1) Admisión do alumnado

En relación á evolución da matrícula comentar que se mantén relativamente estable, acadando os 19 alumnos de novo acceso no curso 17/18, fronte os 20 do curso 16/17. O título segue a despertar un gran interese o título, tal e como se desprende do alto número de preinscricións no curso 17/18 (21 nacionais e 34 estranxeiros no 17/18 fronte aos 25 nacionais e 14 estranxeiros do curso 16/17). Destacar o interese do título fora da nosa Comunidade, consolidándose a tendencia á alza dos últimos anos o que, tendo en conta a ampla oferta de estudos similares tanto a nivel nacional como internacional, é un claro referente do grao de satisfacción acadado polos alumnos. No curso 17/18 o 42 % (16 % no curso 16/17) dos alumnos matriculados proceden de fora do Espazo Europeo de Educación Superior (en adiante EEES) e outro 16 % (idéntica porcentaxe no curso 16/17) procede de fora de Galicia. Ademais unicamente o 26 % (32 % no curso 16/17) dos matriculados cursaron os seus estudos previos na USC, demostrando o interese do título para todo o sistema universitario galego. Seguimos crendo que a proxección internacional que está a acadar o máster se debe en gran medida as accións de mellora implementadas en curso pretéritos, encamiñadas a fomentar a participación dos nosos alumnos en eventos de carácter internacional (campionato internacional de dirección de proxectos, GeCco, Congreso internacional de dirección de proxectos, ...). En relación a este aspecto non obstante a comisión académica detectou unha deficiencia relativa ao procedemento de matrícula anticipada para estudantes de fora do EEES. Aínda

que o número de alumnos preinscritos pertencentes ao colectivo referido é habitualmente elevado (9 no curso 15/16, 14 no curso 16/17, 34 no curso 17/18) seguen a quedar prazas vacantes no máster. Procedeuse a analizar pormenorizadamente o proceso de admisión que na rexe na actualidade que consiste en:

*“Para todas as modalidades os estudantes de sistemas educativos de fora do EEES deberán presentar a solicitude de admisión dende o 1 de xaneiro ata o 31 de maio. A matrícula destes estudantes realizarase dentro deste período e antes do 7 de xullo de acordo coa súa resolución de admisión. A admisión concederíase por orde de presentación das solicitudes. Os que non fagan a solicitude neste prazo poderán facela nos ordinarios se hai vacantes que se acumularán á cota xeral.”*

Co actual procedemento a primeiros de xuño estúdanse todas as solicitudes e procédesse a elaborar a lista ordenada por puntuación, acorde aos criterios de selección establecidos. O problema é que o procedemento de Xestión de matrícula e de lista de agarda é lento, o que fai que aqueles alumnos que non entran nas prazas inicialmente reservadas para estudantes de fora do EEES, e consecuentemente quedan na lista de agarda, buscan outras alternativas, ante o temor de quedar sen cursar ningún máster nese curso académico. O actual procedemento de xestión de listas de agarda é moi garantista e consiste no seguinte:

A. Una vez que desde a Unidade de Matrícula se comunica a Study Abroad que o estudante esta “admitido”, ten un prazo establecido (fixado pola Unidade de Matrícula) de 10 días para tomar a súa decisión final de si continuar ou non co proceso.

B. No caso de comunicar a súa intención de aproveitar a oferta de admisión, envíaselle a liquidación e carta de admisión condicional e volve a ter un prazo de 10 días para realizar o pago da taxa de reserva de praza (prazo fixado pola Unidade de Matrícula).

C. unha vez verificado o seu ingreso comunícase á unidade de matrícula, dende onde emiten a “carta definitiva de admisión”

Consecuentemente, a vista do procedemento e das dificultades que conleva a modificación do mesmo, algo que non está ao alcance da comisión académica, proponse como acción de mellora a implementar no curso académico 17/18, de cara a regular o acceso no vindeiro curso académico 18/19, ofertar 10 prazas para alumnos de fora do EEES, para reducir a lista de agarda, xa que se non se cobren pasarán a ofertarse para alumnos do EEES.

2) Aplicación de normativas predefinidas que obren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).

Non se produciron incidencias significativas na aplicación das normativas de permanencia ou avaliación da Universidade de Santiago de Compostela. Todas elas aplícanse sen incidencias para o desenvolvemento deste programa de estudos.

Tamén, como resultado dos procesos de Renovación da Acreditación dos títulos existentes na Escola, realizouse una adaptación do Regulamento propio do centro ao novo Regulamento de TFG/TFM da USC.

3) Complemento formativos, cursos de adaptación ou de nivelación, se é o caso.

Para este Máster non existen cursos de adaptación ou nivelación.

4) Metodoloxía de ensinanza (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)

As actividades docentes, as metodoloxías e os sistemas de avaliación e cualificación empregados en todas as materias do título adecúanse á proposta da memoria verificada da titulación, e considéranse adecuados para a adquisición das competencias básicas, xerais e específicas definidas na memoria de título, así como para as transversais que se decidiu traballar en cada materia.

Nos últimos cursos académicos procedeuse a revisar as programacións docentes das materias que se publican na web do título, para comprobar que figuran de xeito explícito as competencias e os procedementos para a avaliación da adquisición das mesmas, estando nestes momentos completamente actualizada a información.

5) Mecanismos de coordinación docente

A coordinación docente realízase a través da Comisión Académica de título, dado que o máster se desenvolve nun único curso académico.

6) Avaliación da Aprendizaxe

Como xa se comentou na directriz 2, a comprobación de que os alumnos alcanzan os resultados da aprendizaxe faise en base ás seguintes consideracións: a asistencia a clase, a realización de probas orais e/ou escritas, a realización de exercicios, o aproveitamento das prácticas, os traballos entregados e/ou expostos, e a participación do alumnado nas

actividades da aula. Na guía docente de cada materia se indica o peso que se lle outorga a cada unha destas actividades, nun proceso de avaliación continua que depende da natureza de cada materia. Así mesmo, no caso de optarse pola realización dun exame final, tamén se fixa na guía docente a súa importancia relativa na superación da materia.

7) Orientación Académica (plan de acción tutorial) e profesional

A docencia da materia “Particularidades na dirección de proxectos” fundaméntase en charlas de expertos de distintos ámbitos, que aportan a súa visión da Dirección de Proxectos no contexto no que desenvolven a súa actividade. O peso de conferenciantes da empresa e administración é elevado. No curso 15/16 participaron, no eido referido, os seguintes poñentes:

- Gonzalo Vázquez. Consellería de Infraestruturas e Vivenda. Xunta de Galicia
- Pablo González. GlobalGis Solutions
- Sven Adler- LandeLar
- Juan Gómez. Fundación UdC
- Sonia Vázquez. Grupo Arestora
- Enrique Maciñeira. Autoridad Portuaria de A Coruña
- Javier Alva. Alicorp

8) Prácticas externas

As prácticas en empresa son obrigatorias. A satisfacción dos titores académicos (IN21M- PC-09) é moi alta, cun valor medio de 4,13 e un grao de satisfacción xeral de 4,47. Se ben é certo que os items que menor valor acadan son os referidos ao nivel de formación e competencias coas que os alumnos acceden ás empresas, os resultados amosan que esta tendencia é común ás demais titulación da USC.

e os datos dos que dispomos sobre a satisfacción do alumnado (IN19M- PC-09) sitúanse tamén preto dous cinco puntos máximos (4,71). Ademais, as valoracións que recibe o estudiantado por parte dos titores externos son elevadas (110).

9) Traballos fin de máster (asignación, supervisión, avaliación)

A comisión de título decide a asignación dos titores de TFM con perfiles docentes e investigadores relacionados coa temática elixida polo alumnado. Os criterios de valoración foron aprobado pola Comisión de título e figuran na páxina web do centro xunto coa normativa que establece o procedemento a seguir. ([http://www.usc.es/gl/centros/eps/xescampus/P4031Vo1/INFORMACION\\_TRABALLO\\_FIN\\_DE\\_MASTER.html](http://www.usc.es/gl/centros/eps/xescampus/P4031Vo1/INFORMACION_TRABALLO_FIN_DE_MASTER.html))

10) Resultados de Aprendizaxe

Como xa se comentou na directriz 2, durante os últimos anos realizouse un proceso continuo de revisión anual de guías docentes que garante que as competencias establecidas pola memoria verificada son traballadas e avaliadas. Ademais, no tipo de estudos que estamos a analizar, as enxeñarías, a comprobación da adquisición de resultados de aprendizaxe realízase tamén, en último caso a través do TFM que debe permitir comprobar a adquisición de parte das competencias profesionais para as que acredita o título.

Por último, na enquisa realizada aos alumnos no curso 2016/17 acerca da súa percepción na adquisición de competencias (INF-22) os resultados foron de 3,5 puntos sobre 5, valor que está por riba da media da USC para o mesmo curso (3,23). Os resultados desta mesma cuestión nas enquisas realizadas ao profesorado (INF-23) deron un valor de 4,5 sobre 5, moi por riba da media da USC (3,98).

11) Indicadores de satisfacción e rendemento

Da análise dos principais indicadores en relación coa satisfacción coa docencia tanto de egresados, como alumnos e profesorado, os valores acadados son altos, manténdose no curso 16/17 en valores semellantes aos acadados no curso 15/16. Cabe destacar o éxito da acción de mellora implementada de cara a garantir a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción dos alumnos coa docencia recibida. Este esforzo permitiunos acadar unha % de participación do 100 %, o que confire ao elevado valor obtido, 4,07 sobre 5, unha especial relevancia no que se refire a este indicador.

Analizando máis pormenorizadamente os datos de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (véxase táboa 1) estes son en xeral satisfactorios, lixeiramente superiores aos do curso pasado, pero en valores que, en xeral, ronda o



**INF. 13 - Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida**

Curso académico	2012/2013	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017
<b>Pregunta</b>	<b>Media</b>	<b>Media</b>	<b>Media</b>	<b>Media</b>	<b>Media</b>
Explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente	3,97	3,81	4,36	4,08	4,34
Cumpre co programa e o plan de traballo previsto	3,85	3,68	4,38	4,19	4,29
O material de apoio (bibliografía, textos, exercicios, manuais de prácticas,...) resúltame útil para a preparación da materia	3,74	3,68	4,08	3,80	3,91
Os recursos didácticos empregados reforzan a comprensión da materia (soportes multimedia, aula virtual, TICs, encerado, actividades prácticas e complementarias, guía docente, mapas conceptuais, esquemas, cadros, fotocopias, materiais de laboratorio,...)	3,83	3,71	4,04	3,79	3,93
Motiva a participación crítica e activa dos/as estudantes no desenvolvemento da clase	3,71	3,68	4,29	3,87	4,03
Favorece que desenvolva a miña capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións nesta materia	3,74	3,74	4,23	3,79	3,94
Propón actividades para favorecer a miña aprendizaxe autónoma (a procura de información complementaria, a realización de traballos,...)	3,85	3,68	4,34	3,96	3,95
Organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia	3,60	3,71	4,23	3,92	3,92
Resolve as dúbidas que se lle formulan (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...)	3,78	3,81	4,39	4,06	4,22
Consegue facerme ver a relevancia desta materia e o seu interese para a miña formación	3,71	3,74	4,26	3,86	4,05
Considero que hai coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia (responde soamente se tes máis de un/unha profesor/a nesta materia)	4,03	3,48	4,10	4,17	4,03
Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudantes	3,74	3,81	4,38	4,03	4,19
A axuda recibida nas titorías foime de utilidade (responde unicamente se as empregaches)	3,70	3,68	4,36	4,00	4,16
Globalmente estou satisfeito/a co/coa profesor/a da materia	3,76	3,61	4,28	3,97	4,06
<b>Curso académico</b>	<b>2012/2013</b>	<b>2013/2014</b>	<b>2014/2015</b>	<b>2015/2016</b>	<b>2016/2017</b>
<b>Valoración global</b>	3,78	3,70	4,27	3,96	4,07
<b>Porcentaxe de participación</b>	34,78	9,52	72,73	81,82	100,00

4. En calquera caso os resultados acadados (4,07) son superiores á media da universidade (4,02) e á media da rama de coñecemento (4,04). Estes resultados están en liña cos obtidos nas enquisas propias do título. Nótese ademais como non existe ningún ítem cun resultado claramente desfavorable, e no que se presuma a necesidade de imprementar con urxencia medidas en aras de conseguir susanar posibles deficiencias. Pola contra observase un grado de satisfacción similar con todos os ítems avaliados, apuntando na liña dunha mellora global e gradual de tódolos aspectos considerados. Precisamente, en aras de mellorar a calidade da docencia, e considerando que a capacidade máxima das aulas de informática é de 20 equipos, proponse como acción de mellora reducir gradualmente o número de prazas ofertadas ata acadar un valor de 22 prazas (fronte as 24 ofertadas na actualidade). Esta redución terase que facer gradualmente, xa que non se permite reducir máis do 5 % de prazas ofertadas cada curso. Consecuentemente a acción iniciárase na oferta de prazas para o curso 18/19 e rematarase na oferta de prazas para o curso 19/20.

Táboa 2.6.1. Extracto da evolución dos resultados na enquisa de satisfacción coa docencia recibida.

Respecto ao análise xeral do resultados do título os mesmos son moi satisfactorios, como se pon de manifesto nas elevadas taxas de éxito rexistradas, que acadan ata o 100 % na maioría dos casos. Na liña de fomentar a excelencia dos



alumnos no seu rendemento académico no curso 16/17 implementouse como acción de mellora a potenciación e difusión do “Premio Carlos Álvarez ao mellor TFM do máster en DP”. Non obstante, e co obxecto de dotar a este premio dunha maior transparencia é preciso proceder á elaboración formal dunhas bases que regulen a concesión do premio, bases que serán publicadas na web do máster. Esta será unha acción de mellora a acometer no curso 17/18. Así mesmo e ligado coa implementación de estímulos para que os estudantes mellores a calidade dos seus TFM, propón como acción de mellora para o curso 17/18 a publicación dunha selección dos mellores TFM realizados en cada convocatoria académica. Esta medida reforza a acción implantada no curso 2015/16, conducente á presentación do mellor TFM de cada promoción ao “Premio ao mellor TFM no ámbito da Dirección de Proxectos do Congreso Internacional de Dirección e Enxeñaría de Proxectos”.

En relación á inserción laboral dos egresados é necesario considerar que unha porcentaxe importante dos nosos alumnos (no curso 16/17 estimase nun 35 %) continúan a súa vinculación coa empresa unha vez finalizado o período de prácticas, mediante un contrato laboral. Este aspecto é claramente definitorio da utilidade da formación recibida polo alumno. Ademais, e segundo datos proporcionados polo SIIU (Ministerio de Educación) do total de alumnos egresados no curso 2009/10 a taxa de afiliación en ningún momento baixou do 60 %. Este valor mantense unha vez transcorridos dous anos do egreso nos alumnos do curso 13/14, o que reflicte un elevado nivel de ocupación do alumnado, considerando as especificidades do período considerado.

## 2.7.- Máster Universitario en Xestión Sustentable da Terra e do Territorio

1) Admisión do alumnado

Este é un programa con criterios de admisión xerais e un límite de 22 prazas por ano. O número de alumnos de novo ingreso ten seguido unha tendencia ao descenso que culminou no curso 2016-17, con unicamente 7 alumnos matriculados por primeira vez (IN03M-PC-05), pero esta tendencia parece terse invertido no curso actual (2017-2018) con 11 alumnos matriculados. Os problemas de captación de alumnado son comúns a outras titulacións de grao e máster impartidas no mesmo centro pero, a falta de comprobar cal é a tendencia en anos seguintes, é posible pensar que a tendencia ao descenso se pode ter estabilizado ou incluso revertido como consecuencia das accións realizadas desde os diferentes programas e desde a dirección do centro. De calquera xeito a baixa matrícula de novo ingreso rexistrada no curso 2016-17 fai pensar que non se pode baixar a garda e que hai que seguir traballando en accións de visibilización e promoción da titulación que permitan incrementar o número de alumnos de novo ingreso ata acadar niveis máis razoables.

2) Aplicación de normativas predefinidas que obren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).

No curso 2016-17 non se produciron incidencias na aplicación das normativas de permanencia ou avaliación da Universidade de Santiago de Compostela no desenvolvemento das materias do Máster.

Cómpre salientar que neste curso levouse a cabo unha reestruturación da Normativa de TFM do programa, para adaptalo ao Regulamento vixente de TFG/TFM da USC. A nova Normativa foi aprobada en primeiro termo pola Comisión Académica do Máster na súa reunión do 19 de decembro de 2016, para posteriormente ser aprobada pola Xunta de Centro da EPS o 22 de maio de 2017, e finalmente polo Consello de Goberno da USC o 18 de xullo de 2017, tras o informe favorable da súa asesoría xurídica (do 14 de xullo de 2017).

3) Complemento formativos, cursos de adaptación ou de nivelación, se é o caso.

A memoria do programa non contempla complementos formativos nin cursos de adaptación ou nivelación.

4) Metodoloxía de ensinanza (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe).

As actividades docentes, as metodoloxías e os sistemas de avaliación e cualificación empregados en todas as materias do título adecúanse á proposta da memoria verificada da titulación, e considéranse adecuados para a adquisición das competencias básicas, xerais e específicas definidas na memoria de título, así como para as transversais que se decidiu traballar en cada materia.

Nos últimos cursos académicos procedeuse a revisar as programacións docentes das materias que se publican na web do título, para comprobar que figuran de xeito explícito as competencias, metodoloxías e os procedementos para a avaliación da adquisición das mesmas, estando nestes momentos completamente actualizada a información.

- 5) Mecanismos de coordinación docente.  
Como xa se comentou anteriormente, ademais da propia coordinación do programa que reside no Presidente da Comisión Académica, a coordinación docente realízase nunha primeira fase a través dos coordinadores de cada materia (no caso de que haxa máis dun profesor impartindo docencia); nunha segunda fase a través da reunións desenvoltas a través da Comisión Académica, onde se tratan todos os desaxustes que se detectaron nas fases anteriores (tanto os detectados polo alumnado como polo profesorado do Máster).  
Interesa destacar que o programa tamén dispón dun profesor responsable da coordinación dos Traballos Fin de Máster, figura relevante á hora de acadar unha axeitada coordinación xeral do programa.
- 6) Avaliación da Aprendizaxe.  
Os resultados de aprendizaxe por parte dos alumnos son, en xeral, satisfactorios: as notas obtidas nas diferentes materias responden a un patrón esperable e razoable para un programa de máster, particularmente nunha escola de enxeñaría (poucos suspensos, maioría de aprobados ou notables, e algúns sobresalientes ou matrículas de honra). Ningunha das materias detectou problemas xeneralizados de aprendizaxe que requiriran dunha modificación da metodoloxía docente ou de avaliación. A taxa de éxito (IN35M-S01-PM-01), con valores sostidos do 100% nos últimos anos, suxire que non existen problemas de aprendizaxe. Pola contra, a taxa de avaliación (IN36M-S01-PM-01) indicaría máis ben que a carga de traballo asociada ao programa resulta ser maior do que unha parte do alumnado estima ao matricularse, particularmente se se trata de compaxinar a dedicación ao programa cun traballo noutro sector.
- 7) Orientación Académica (plan de acción titorial) e profesional.  
Durante o curso 2016/17 realizáronse varias actividades dirixidas ao alumnado do Máster para favorecer a súa integración no desenvolvemento do curso e con idea de que lles poidan ser de proveito no seu futuro profesional. Tal é o caso do Taller sobre aptitudes comunicativas que se desenvolveu no mes de outubro na Estación Científica que a USC ten no Courel, e que permitiu nos dous días nos que se desenvolveu, a maiores do tratamento deses temas, un coñecemento e unha interrelación entre o alumnado e parte do profesorado do Máster que redundaría na boa marcha do curso.  
Tamén se orientou de xeito particular, ao alumnado que o solicitou, sobre que materias optativas podían ser máis interesantes para un posterior desenvolvemento profesional, tendo en conta a súa titulación previa e as súas expectativas.
- 8) Prácticas externas  
As prácticas externas constitúen unha materia optativa nesta titulación de Máster, e foron incluídas no seu Plan de estudos recentemente.  
No curso 2016-17 fixeron estas prácticas dúas persoas das catro que inicialmente estaban matriculadas. As dúas que non as fixeron foi por ter abandonado a titulación ao pouco de comezar o curso por motivos laborais e de conciliación, non previstos no momento da matrícula.  
Estas dúas persoas fixeron as prácticas en organismos públicos e a súa cualificación final foi en ambos casos de sobresaliente, cun grao de satisfacción moi alto por parte dos seus titores académicos e das institucións que os acolleron, expresado nestes casos a través dunha avaliación moi positiva dos titores profesionais, que os levou a ter esa cualificación.  
Nos indicadores do título, por razóns que se descoñecen, non aparecen reflectidos estes niveis de satisfacción, pero polas cualificacións obtidas, parece evidente que deberían amosar un alto valor.  
A Comisión Académica do Máster, xunto coa Subdirección de Prácticas Externas da EPS, son as encargadas de velar para que a formación recibida polo alumnado nas prácticas externas sexa coherente coas competencias recoñecidas na memoria de título. Cando unha empresa non cumpre con esta condición rescíndese o convenio de colaboración, aínda que neste título non foi necesario ata hoxe.
- 9) Mobilidade  
A pesares da existencia de acordos a participación en programas de mobilidade, no curso 2016/17 esta foi nula, non recibindo nesa titulación estudantes procedentes doutras universidades, nin enviando estudantes desde a USC, confirmando a baixa mobilidade do último curso na titulación, tal e como pode verse nos respectivos indicadores (IN18M-PC-08 e IN17M-PC-08 ), onde só no curso 2015-16 a taxa de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade acadou o 6,25% e só no curso 2012-13 a taxa de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade foi do 20,83% da matrícula.

Non se espera unha mobilidade relevante neste título, debido a que o programa esténdese unicamente ao longo dun curso académico.

10) Traballos fin de máster  
(asignación, supervisión, avaliación)

A Comisión Académica do Máster, acorde coa Nomativa de TFM recentemente modificada e aprobada, actúa como Comisión de Traballos Fin de Máster á hora de aprobar as propostas de TFM que fai o alumnado, a composición dos diferentes tribunais ou as datas de entrega e defensa en cada oportunidade e convocatoria, a proposta dun Coordinador de TFM elixido entre o profesorado do Máster, que se encarga da xestión relacionada con estes traballos. As propostas poden partir directamente do alumnado, que buscará un titor entre o profesorado do Máster cun perfil docente e investigador relacionado coa temática elixida, ou ser ofertadas polo profesorado, actuando neste caso o ofertante como titor.

No curso 2016-17, defendéronse nas tres oportunidades de febreiro, xullo e setembro 5 TFM, sendo probablemente a edición deste Máster cunha menor presenza destes traballos, relacionados en boa medida cunha baixada da matrícula nesta ocasión e a temporalización de boa parte do alumnado á hora de cursar o Máster, que por traballar na maior parte dos casos, élle moi difícil rematar os seus estudos nun so curso.

Aínda así, grazas tamén a un esforzo de titoración e seguimento por parte do profesorado, o éxito dos TFM presentados foi total, con cualificacións entre un 5 e un 8, acadando todo o alumnado presentado os obxectivos que lle permitiron rematar o Máster coa superación do seu TFM.

11) Resultados de Aprendizaxe.

O Artigo 2 do Real Decreto 1027/2011, de 15 de xullo, polo que se establece o “Marco Español de Cualificacións para la Educación Superior” (MECES), define os resultados de aprendizaxe como aquilo que se espera que un/unha estudante coñeza, comprenda ou sexa quen de facer. A ANECA (2013) adopta a seguinte definición :”Los resultados del aprendizaje son declaraciones de lo que se espera que un estudiante conozca, comprenda y/o sea capaz de hacer al final de un período de aprendizaje”.

Durante os últimos cursos académicos realizouse un esforzo de revisión das guías docentes encamiñado a garantir que os resultados de aprendizaxe establecidos na memoria verificada son traballadas en clase e avaliadas por algún dos procedementos de avaliación contemplados en cada materia.

En canto aos resultados de aprendizaxe do programa, estes vanse traballando de xeito integral, previamente á realización do TFM, en actividades que son realizadas por todo o alumnado contando con profesorado de diferentes materias. Por exemplo, co principio do curso académico celébrase unha actividade intensiva de dous días de duración na que estudantes e profesores do programa se desprazan á estación científica que a Universidade de Santiago de Compostela ten en Seoane do Courel, para explorar aspectos relacionados co traballo en grupo, a comunicación de resultados, e algúns aspectos de ordenamento territorial. Tamén, varias das materias do programa inclúen saídas a campo para poñer en práctica competencias adquiridas durante o curso académico relacionadas co ordenamento territorial e a participación social.

12) Indicadores de satisfacción e rendemento.

A taxa de avaliación (créditos aos que se presentaron os alumnos, sobre os créditos matriculados) durante o curso 2016–2017 baixou ao 47% (IN36M-S01-PM-01). Este valor recorda ao do curso 2013-2014 (50%), despois do cal houbo dous cursos con valores superiores ao 80%.

Non parece que existan factores internos ao desenvolvemento das materias que expliquen esta situación, dado que a taxa de éxito (créditos superados sobre créditos aos que se presentaron os alumnos) nas materias do programa foi en tódolos casos do 100 % (IN35M-S01-PM-01). Nestas condicións, as variacións da taxa de avaliación son idénticas ás da taxa de rendemento (IN34M-S01-PM-01).

Dado o reducido do número total de alumnos, variacións moi elevadas no valor medio da taxa de avaliación poden ser debidas á existencia de 2-3 alumnos que deciden non presentarse aos procesos de avaliación nun determinado curso académico. Este é un problema común cando, como é o caso, unha porcentaxe importante do alumnado compaxina as súas tarefas de estudo coa actividade profesional.

As cualificacións acadadas polos alumnos non resultan chamativas e responden ao esperable: atópanse razoablemente distribuídas entre o aprobado e a matrícula de honra, e existe un bo número de cualificacións elevadas

en diferentes materias.

As enquisas de satisfacción realizadas ao alumnado da titulación mostran que os egresados teñen un alto nivel de satisfacción cos resultados obtidos (con valores consistentemente superiores a 4 sobre 5 nos últimos anos, en concreto de 4,3 no curso 2016-17; IN42M-S01-PM-01) e coa docencia recibida (que segue unha tendencia ascendente e acadou 4,28 puntos sobre 5 no curso 2016-17; IN46M-S01-PM-01).

#### Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

**Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
  - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
  - Programa de Apoio á Avaliación da Actividade Docente do Profesorado Universitario (DOCENTIA).
  - Contorna que permita ao persoal levar a cabo o seu traballo de maneira efectiva.
  - Detección de necesidades de persoal académico.
  - Tipoloxía do profesorado que ten que impartir docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
  - Accións para promover a formación do profesorado.
  - Liñas de investigación.
  - Mobilidade.
- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
  - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
  - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
  - Contorna que permita ao persoal de apoio á docencia levar a cabo o seu traballo de maneira efectiva.
  - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia.
  - Avaliación do persoal de apoio á docencia.
  - Resultado da análise realizada de todas as accións desenvolvidas sobre a garantía e mellora da calidade dos recursos humanos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Na táboa 4 sinálase a evolución dos indicadores de calidade relacionados con esta directriz Fides-Audit nos dous últimos cursos académicos para a EPS de Enxeñaría.

Código	Descrición	2015-16	2016-17
IN24C-PS-01	Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total	70.09	73.17
IN25C-PS-01	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	84.04	83.11
IN26C-PS-01	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	66.49	62.14
IN30C-PS-01	Ratio de estudantes por profesor a tempo completo	2.03	1.95
IN31C-PS-01	Media de alumnos por grupo de teoría	13.81	13.51
IN32C-PS-01	Media de alumnos por grupo de docencia interactiva	11.9	11.74
IN49C-PS-01	Satisfacción do PAS co traballo desenvolvido	3,40	3,44

Táboa 4: Evolución dos indicadores de calidade a nivel de centro relacionados coa directriz 4 Fides-Audit.

O PDI do centro ten unha longa experiencia docente e investigadora como corrobora o número de sexenios e quinquenios cos que conta. En concreto, de media para o conxunto dos títulos o 73.17% do PDI conta con sexenios,



sendo maior nos títulos nos que a docencia de áreas tradicionais no centro ligadas aos estudos de enxeñaría forestal e agrícola están máis presentes. Este indicador (IN24C-PS-01) calcúlase cos datos de profesorado da USC que imparte docencia nas titulacións do Centro sen ter en conta o profesorado de áreas externas nin o profesorado que unicamente dirixe traballos académicos.

En termos absolutos o número de doutores con docencia no centro diminuíu. Estas variacións teñen que ver, non tanto con novas contratacións, como co feito de que os docentes de departamentos de áreas comúns a diferentes centros adoitan moverse cada curso de un centro a outro. Esta é a causa de que tamén diminúa a porcentaxe de PDI doutor sobre o total, que neste curso sitúase case no 83% fronte ao 84% do curso anterior. En todo caso estamos a falar dunha porcentaxe moi alta con experiencia investigadora suficiente e estable xa que a porcentaxe de funcionarios sobre o total está cerca do 62%, algo máis baixo ca no curso anterior.

O grupo de teoría consta de 13.51 alumnos de media para o conxunto dos títulos e o de docencia interactiva de 11.74 alumnos de media. Estes tamaños permiten realizar un ensino de calidade centrado no estudante, con atención practicamente personalizada.

Ao respecto da satisfacción do profesorado coa docencia impartida, esta tamén é elevada situándose en 3,7 sobre 5 nos Graos e 4,4 nos másteres. A satisfacción do PAS co seu traballo tamén mellorou a respecto do curso anterior situándose en 3,44.

Polo que respecta a mobilidade do PDI resulta ser moi baixa e móvese nunha orquilla que oscila entre o 1,05% para o grao de GAA e o máximo no máster MUAPJV 11,76%. Esta baixa mobilidade pode ser explicada pola elevada idade da plantilla e a estabilidade da mesma (53 anos de media na USC).

Polo que respecta a satisfacción do PDI e do PAS coas actividades formativas desenvolvidas, os resultados tamén foron satisfactorios aínda que cabe sinalar que a participación destes colectivos nestas actividades foi en sentidos opostos, mentres que o PDI aumentou en todos os graos e máster significativamente (12.5 puntos porcentuais de media) o PAS diminuíu (15/16 participaron 66,67% no 16/17 pasaron ao 53,33%). A tendencia negativa dos PAS pode ser debida a pouca renovación dos cursos impartidos no Plan de Formación da USC. Esperamos que no presente curso académico se modifique esta tendencia coa oferta de novos cursos e as suxerencias propostas por parte dos centros.

En canto a satisfacción do persoal de administración e servizos co traballo desenvolto (IN49C-PS-01), o resultado deste indicador é de 3,44 % para este curso cunha tendencia é levemente alcista nos últimos tres cursos, aínda está por baixo da medida da universidade. A dotación de Persoal de Administración e Servizos (PAS) co que conta a EPS considérase suficiente por parte do resto dos grupos de satisfacción pero non é acaída á carga de traballo que debe soportar.

## 2.- Formulación de accións de mellora para o curso 2017-18

- Curso de formación do profesorado dirixidos a mellorar os procedementos de avaliación, seguimento e motivación do alumnado.

### Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

**Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
  - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
  - Xestión dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencia e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
  - Mantemento dos recursos materiais e servizos.
  - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
  - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano no funcionamento da institución.
- Resultado da análise realizada de todas as accións desenvolvidas sobre a garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.
- No caso de que os títulos contemplan a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

#### 1.- Actuacións máis relevantes

Na EPS de Enxeñaría a docencia desenvólvese diariamente en todos os títulos que se imparten na Escola, mediante ordenador, proxector e pantalla mural. Por outra banda e derivado da natureza das titulacións que se imparten (campo da enxeñaría), toda a docencia interactiva require dunha serie de equipamento e infraestruturas de laboratorio, que precisa dun mantemento específico para a súa conservación e debe ser renovado cando a súa reparación resulta imposible ou non rendible. Tamén debemos destacar que unha gran parte da docencia interactiva lévase a cabo nas aulas de informática, con software específico a cada disciplina (sistemas GIS, Matlab, etc.) ou simuladores. Pero este software necesita de equipos informáticos axeitados, polo que periodicamente deben actualizarse e nalgúns casos renovarse. A pesar da delicada situación económica que atravesamos impediu que nos últimos anos puidera renovarse gran parte destes recursos materiais. Non obstante, o Centro dedicou os escasos recursos cos que conta a manter os distintos equipamentos comúns para a maioría dos títulos. Neste senso arbitráronse accións de mellora no Plan de Melloras 16/17 (analizadas na Directriz 2 deste documento) que só puideron ser acometidas parcialmente por resultar insuficiente o orzamento dispoñible. Non obstante, o esforzo realizado foi considerable: reposición dos mesados do laboratorio de Edafoloxía, renovación de parte do equipamento das aulas de informática (claramente insuficiente), substitución de material de proxección, reorganizacións e mellora de locais (división aulas 18 e 19, nova aula no laboratorio de Dasometría, actualización dos seminarios 1 e 2 e unha reestruturación de espazos, no segundo andar do pavillón central, para construír un novo despacho á Xestora do Centro), así como a construción dun novo laboratorio-odega mediante financiamento

concedido polo Campus Terra e a mellora do laboratorio de Xeomática a través das axudas do Plan de Viabilidade. Dada a antigüidade do edificio e os cambios na oferta docente do Centro (ofertaranse novos graos e másters para o vindeiro curso) cómpre seguir investindo en equipamento docente e de laboratorios e a habilitación dun local para a delegación de alumnos.

Con respecto á aplicación das normativas de accesibilidade universal, seguridade, saúde e ambiente, a EPS conta cun Plan de Autoprotección e en 2013 realizouse a última avaliación de riscos por parte da empresa concesionaria. Ademais realízanse simulacros do plan de emerxencias, o último tamén en 2017. As recomendacións que figuraban no informe de avaliación de riscos de 2013 serviron para establecer a priorización de investimentos e implantar as medidas preventivas sinaladas. Por outra parte, e a partir da avaliación externa procedente do proceso de renovación da acreditación, arbitrouse unha acción de mellora para encargar un informe técnico de revisión sobre as condicións de accesibilidade do centro (AM-5 do Plan de Melloras 2015/2016 derivado da avaliación externa) que foi executada. En canto aos medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe, o problema máis acuciante é a climatización das aulas e dos despachos dos profesores. Este punto concentra a maioría das incidencias recollidas na Escola e cómpre solucionalo por parte da Oficina de Infraestruturas do Campus Terra. Outro punto feble radica no equipamento informático e a necesidade de cadeiras ergonómicas para os despachos do profesorado pola cantidade de tempo que se bota sentado. En promedio, o material está obsoleto e cómpre ilo renovando.

En canto a xestión de recursos materiais bibliográficos, no proceso de revisión de guías docentes do curso 2016/17, tívose en conta que toda a bibliografía básica recomendada foran fondos existentes na biblioteca Intercentros. O Centro, a través da comisión de Biblioteca, canaliza a compra de novos libros/aumento de exemplares para garantir este punto.

En canto aos servizos de atención aos estudantes, o persoal de apoio co que conta o Centro é suficiente para desenvolver satisfactoriamente as necesidades. Non obstante, detectamos unha falta de ferramentas informáticas de xestión que permita axilizar os tempos para levar a cabo os procesos de convalidación e emitir o correspondente informe (os datos están arquivados en papel). Para o próximo curso, cómpre levar a cabo accións que permitan automatizar estes procesos. Estas accións estarán supervisada polo Subdirector de Organización Académica e desenvolvidas por alumnos de FP de Informática que realizan as súas prácticas no EPS de Enxeñaría.

Respecto ás prácticas externas, as instalacións nas que os alumnos da EPS de Enxeñaría as realizan son as que teñen as empresas que aceptan acollelos. Dende a distinta comisión de título de cada grao vélese para que todas as empresas receptoras contén cos materiais e ferramentas precisos para o bo desenvolvemento dos traballos a realizar, xa sexa en campo, gabinetes técnicos ou laboratorios. A EPS de Enxeñaría, para dar cumprimento ao PM16/17 derivado da renovación da acreditación dos títulos de Enxeñaría Civil (GEC), de Enxeñaría Forestal e do Medio Natural (GEFMN) e Grao en Enxeñaría Xeomática e Topografía (GEXT) a respecto da mellora da xestión das prácticas externas, a Escola arbitrou liñas de actuación (AM 1.6) no seguinte senso:

1. Continuidade das accións de actualización da bolsa de convenios con empresas.
2. Mellora da comunicación co alumnado para que coñezan mellor os mecanismos de asignación de prácticas externas así como os períodos de realización.
3. Inclusión na normativa de prácticas externas do protocolo de actuación en caso de insatisfacción do alumnado ou incumprimento por parte da empresa das súas obrigas.
4. Realización de enquisas propias a satisfacción dos alumnos/as que realizaron as prácticas externas en empresas mo presente curso, para avaliar o grao de adaptación das prácticas ás competencias do título e a satisfacción do alumnado coas empresas de acollida.

Os esforzos postos en marcha dende a Subdirección de Prácticas Externas e Orientación Laborais para aumentar a [bolsa de prácticas](#) produciron un incremento realmente notable na oferta (un incremento medio na oferta nos tres campos dun 266%). Non obstante, a totalidade das empresas que participan non ofertan prácticas remuneradas. Destacar, que na enquisa propia realizada, o alumnado valora cun **9 sobre 10** a satisfacción coas prácticas externas realizadas. En vindeiros anos, o obxectivo segue sendo aumentar a bolsa de prácticas e, se pode ser, que sexan remuneradas e insistindo na toma de datos e o control.

## 2.- Formulación de accións de mellora do centro para o curso 2017-18

- Necesítase seguir renovando/adquirindo ordenadores nos laboratorios docentes, seminarios e aulas de informática (segundo dispoñibilidade orzamentaria).
- Actualización e/ou remozado de espazos (seminarios docentes, local Asociación de Alumnos, laboratorios).
- Rematar co proceso de sinalectica do centro.
- Informatización do proceso de emisión de informes de convalidación (actualmente os rexistros están en papel) para controlar e axilizar os tempos empregados neste proceso polo centro.
- Seguir fomentado a realización de prácticas externas e intentar conseguir unha bolsa de prácticas remuneradas.

## Directriz 6. Información pública

**Estándar:** o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
  - Recollida, análise e utilización da información.
  - Publicación da información
  - Medida da eficacia e utilidade da información pública.
- Resultado da análise de todas as accións desenvolvidas sobre a información pública.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Toda a información relacionada cos procesos e procedementos seguidos pola Escola para o desenvolvemento das súas funcións e procesos formativos das súas titulacións, atópase publicada das seguintes formas:

- **Páxina web da USC** onde se atopa información de ámbito xeral para toda a USC.
- **Páxina web da EPS de Enxeñaría.** Recolle a información completa e detallada relacionada co Centro e coas súas titulacións (<http://www.usc.es/gl/centros/eps> ).
- **Tableiros do Centro.** Incorporan información de diversa índole, destinada aos grupos de interese do Centro. Destacamos a existencia dun específico para a información relacionada co SGC.
- **Monitores de información e anuncios.** Presenta información actualizada sobre convocatorias e prazos académicos, ordes do día das comisións delegadas de Xunta de Escola, cursos, becas, ofertas de emprego, servizos da USC e actividades culturais. Parte desta información tamén se remite a tódolos colectivos do Centro por correo electrónico.
- **Perfís en redes sociais** (295 seguidores Twiter: <https://twitter.com/EPSLugo> e 1385 seguidores en Facebook: <https://www.facebook.com/EPSLugo> ). Difúndense anuncios de formación especializada, ofertas de emprego, eventos académicos na Escola, mobilidade, etc.

A páxina web e o correo electrónico e as redes sociais son as principais canles de comunicación do Centro cos colectivos de interese. Ademais, tamén se utiliza o correo electrónico para remitir aos egresados das titulacións da Escola as ofertas de emprego que se reciben tanto por parte de empresas como por parte da Área de Orientación Laboral e Emprego da USC. Debido a isto, tómanse en conta as suxerencias que os diferentes colectivos poidan efectuar en relación tanto a utilidade ou interese dos contidos como a súa accesibilidade.

En canto a información documental relacionada co seguimento e revisión do SGC, esta atópase publicada na URL da EPS de Enxeñaría: <http://www.usc.es/gl/centros/eps/TitulacionDeGrao/Calidad/Calidad.html>. Así mesmo, as ordes do día ca comisión de Calidade e o resumo dos acordos esta publicadas na URL: [http://www.usc.es/gl/centros/eps/Comision\\_de\\_Calidade\\_EPS.html](http://www.usc.es/gl/centros/eps/Comision_de_Calidade_EPS.html)

Do mesmo xeito tamén se atopa publicada toda a información relacionada co seguimento dos títulos, as ordes do día e o resumos dos acordos das comisión de Título e toda a información de interese dos títulos (matricula, profesorado, información académica, plan de estudos, etc.) que se imparten na Escola (e as que están en proceso de extinción):

- [Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria](#)
- [Grao en Enxeñaría Civil](#)
- [Grao en Enxeñaría en Xeomática e Topografía](#)
- [Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural](#)



- [Máster Universitario en Dirección de Proxectos](#)
- [Máster Universitario en Enxeñaría Agronómica](#)
- [Máster Universitario en Enxeñaría de Montes](#)
- [Máster Universitario en Xestión Sustentable da Terra e do Territorio](#)
- [Máster Interuniversitario en Arquitectura da Paisaxe Juana de Vega](#)

A difusión da información é unha preocupación constante do Centro e a este respecto, cabe destacar os esforzos feitos no último curso académico:

- A publicación sistemática na web dos resumos dos acordos adoptados nas reunións da Comisión de Calidade (dende 2016) e das Comisións de Títulos (dende xullo de 2017) para acadar unha mellor transparencia e coñecemento das súas funcións por parte dos grupos de interese. Ademais, as ordes do día de todas as sesións son publicadas con antelación, tanto nas pantallas electrónicas do centro coma na web, para dar publicidade aos traballos. Cómpre un esforzo para exportar este protocolo ao resto de comisións delegas de Xunta de Escola e incorporalas a aplicación de axuda ao sistema de calidade da USC (AASX). As accións de mellora levadas a cabo polo Centro resultaron moi eficaces neste senso.
- Fíxose un maior esforzo para dar a coñecer mellor o SGC entre os grupos de interese, principalmente entre o alumnado dos primeiros cursos. Para isto, elaborouse nova documentación divulgativa do SGC ([FAQs sobre o SGC da EPS de Enxeñaría](#), [FAQ's for incoming students](#), [novo folleto informativo do SGC](#), [presentación sobre SGC](#), [guías do estudante](#)) que se difundiu entre o alumnado por tres vías: xornadas de benvinda ao novos estudantes, Charla-Obradoiro sobre o SGC e mediante a web do Centro. Aínda que mellorou a percepción da importancia do SGC entre o alumnado, precisase seguir insistindo na difusión desta información para concienciar aos discentes de que deben coñecer e participar no SGC.
- Mantense o esforzo de manter os perfís da Escola nas redes sociais. Neste eido, a USC no seu plan de melloras, ven de aprobar unha acción de mellora para unificar os perfís dos centros das USC nas redes sociais. Probablemente, haberá que afrontar os cambios requiridos pola institución.
- A [web do centro](#) constitúe o piar fundamental para difundir a información. En reunións con alumnos preguntóuselles que valoraran esta ferramenta. A conclusión maioritaria é que a información ofrecida é moi extensa e que lles costa chegar a que desexan. Cómpre facer unha reflexión sobre como organizala mellor para que as búsquedas sexan o máis directas posible. Caso a parte o constitúe a versión en inglés que non debe ser un calco exacto da versión en galego, senón que debe conter a información útil para os estudantes estranxeiros (horarios, protocolos de matrícula, etc. pero non ligazóns a normativas sen traducir, por exemplo). Cómpre conformar un grupo de traballo para analizar en profundidade este problema e propoñer solucións.

En todas as actividades organizadas polo Centro, os asistentes responden a unha enquisa na que se pregunta, entre outras cousas, sobre a utilidade da información ofrecida e se a difusión da mesma a través das canles do Centro (monitores, web, redes sociais) foi suficiente. En promedio, para o curso 2016/2017 a valoración acadada foi de 3,8 ±0,5 e 4,1 ±0,7 (sobre 5), respectivamente. Debemos abondar e mellorar estas accións de tan alta eficacia.

## 2.- Formulación de accións de mellora do centro para o curso 2017-18

- Elaboración dun estudo sobre os contidos da páxina web en inglés para poder solicitar a Oficina Web da USC a súa modificación.

- Publicar na web do centro unha ficha normalizada que inclúa información sobre a experiencia docente e investigadora, así como un CV abreviado, de todos os docentes do centro.
- Débese completar os rexistros na web sobre a dotación de infraestruturas nos laboratorios de docencia e o nomeamento do responsable para cada laboratorio.

### 3. Plan de Melloras do centro

LISTAXE DE ACCIÓNS DO CENTRO

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMA TADA
AM-1	Revisión externa do informe de seguimento	Modificación e Publicación do Manual do SGC e do Manual dos procesos documentados	En preparación	Subdirector de Calidade Comisión de Calidade Xunta de Centro	31/7/2018	
AM-2	Proposta de mellora	Elaboración e publicación dun documento que recolla e temporece todas as actividades periódicas no ámbito da calidade docente da EPS de Enxeñaría	En preparación	Subdirector de Calidade Comisión de Calidade Xunta de Centro	31/7/2018	
AM-3	Plan Estratéxico	Fomento da cultura de calidade entre os distintos colectivos do centro (PDI, PAS, alumnado)	En preparación	Subdirector de Calidade	31/11/2018	
AM-4	II Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da USC.	Fomentar dende a Escola a maior visibilidade posible das mulleres que integran a súa plantilla e, que son referencia na ciencia e tecnoloxía, en tódolos ámbitos de actuación: paridade en comités de expertos, visitas a centros educativos de secundaria, etc.	En preparación	Director da Escola Presidenta da Comisión de Igualdade de Xénero	31/12/2018	
AM-5	Plan Estratéxico	Explorar a posibilidade de ofertar novos graos e másters	En execución	Dirección da EPS Comisións de académica	31/12/2018	
AM-6	Informe de Seguimento e Plan Estratéxico	Mellora da empregabilidade dos egresados e fomento das prácticas externas	En preparación	Subdirectora de Prácticas Externas Coordinadores/as dos títulos	31/12/2018	
AM-7	Plan Estratéxico	Reforzo das accións de visibilización e promoción das titulacións do centro	En execución	Subdirección de Prácticas Externas Comisións de título Dirección da EPS	31/11/2018	
AM-8	Informe de Seguimento e Plan Estratéxico	Mellorar a información sobre os programas de mobilidade e requisitos lingüísticos necesarios	En preparación	Subdirector de Calidade Responsable Académico do Centro Coordinadores/as dos títulos	31/12/2018	

AM-9	Plan Estratégico	Curso de formación do profesorado dirixidos a mellorar os procedementos de avaliación, seguimento e motivación do alumnado	En preparación	Subdirector de Calidade Coordinadores/as dos títulos	31/12/2018	
AM-10	Plan Estratégico	Renovar o equipamento para a docencia dos laboratorios de edafoloxía-ecoloxía e botánica.	En preparación	Secretaria Académica do Centro	31/12/2018	
AM-11	Plan Estratégico	Renovación e reutilización de equipos informáticos nas aulas e nos laboratorios de docencia do centro.	En preparación	Secretaria Académica do Centro	31/12/2018	
AM-12	Plan Estratégico	Actualización e homoxeneización da sinalética no centro	En execución	Secretaria Académica do Centro Subdirector de Calidade	31/12/2018	
AM-13	Plan Estratégico	Outras accións para a mellora da dotación de recursos materiais e servizos para a docencia en aulas, seminarios e laboratorios docentes	En preparación	Secretaria Académica do Centro	31/12/2018	
AM-14	Proposta de mellora	Melloras na xestión e organización do centro	En execución	Subdirector de Organización Académica Secretaria Académica	31/12/2018	
AM-15	Proposta de mellora	Publicar na web do centro (caixa de profesorado) unha ficha normalizada que inclúa información sobre a experiencia docente e investigadora, así como un CV abreviado, para todos os docentes.	En execución	Subdirector de Calidade	31/12/2018	
AM-16	Plan Estratégico	Publicación na web do centro do equipamento dispoñible nos laboratorios docentes e nomeamento dun responsable.	En execución	Secretaria Académica do Centro Subdirector de Calidade	31/7/2018	
AM-17	Proposta de mellora	Elaboración dun estudo sobre os contidos da páxina web en inglés para poder solicitar a Oficina Web da USC a súa modificación.	En preparación	Subdirector de Calidade Subdirector de Organización Académica	31/12/2018	

ACCIÓNS DE MELLORA				
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	AM-1	
		<b>Tipo</b>	Revisión externa do informe de seguimento	
	<b>Ámbito</b>	<b>Ámbito de aplicación</b>	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade	
		<b>Definición</b>	<b>Análise causa</b>	A comisión avaliadora externa da implantación do SGC da EPS de Enxeñaría recomendou realizar modificacións documentais e de varios procesos do SGC da Escola.
	<b>Definición/descripción proposta</b>		Modificación e Publicación do Manual do SGC e Manual dos procesos documentados.	
	<b>Data prevista de finalización</b>		31/7/2018	
	<b>Data inicio</b>		5/02/2018	
<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Subdirector de Calidade Comisión de Calidade Xunta de Centro		
<b>Tarefa 1</b>	<b>Código</b>	AM-1.1		
	<b>Descrición tarefa</b>	Modificación e Publicación do Manual do SGC e Manual dos procesos documentados.		
	<b>Data prevista de finalización</b>	31/7/2018		
	<b>Persoa responsable</b>	Subdirector de Calidade		
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>	En preparación		
	<b>Data estado</b>	5/2/2018		
	<b>Comprobación</b>			
	<b>Data comprobación</b>			



ACCIÓNS DE MELLORA				
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	AM-2	
		<b>Tipo</b>	Proposta de mellora	
	<b>Ámbito</b>	<b>Ámbito de aplicación</b>	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade	
		<b>Definición</b>	<b>Análise causa</b>	Cómpre sistematizar e coordinar todas as actividades no ámbito da calidade docente que se veñen desenvolvendo no centro. Elaborarase un documento onde cada actividade teña un calendario claro para que todas as titulacións do Centro vaian coordinadas na súa aplicación.
	<b>Definición/descripción proposta</b>		Elaboración e publicación dun documento que recolla e temporice todas as actividades periódicas no ámbito da calidade docente da EPS de Enxeñaría.	
	<b>Data prevista de finalización</b>		31/7/2018	
	<b>Data inicio</b>		15/02/2018	
<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Subdirector de Calidade Comisión de Calidade Xunta de Centro		
<b>Tarefa 1</b>	<b>Código</b>	AM-2.1		
	<b>Descrición tarefa</b>	Elaboración e publicación dun documento que recolla e temporice todas as actividades periódicas no ámbito da calidade docente da EPS de Enxeñaría		
	<b>Data prevista de finalización</b>	31/7/2018		
	<b>Persoa responsable</b>	Subdirector de Calidade		
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>	En preparación		
	<b>Data estado</b>	15/2/2018		
	<b>Comprobación</b>			
	<b>Data comprobación</b>			

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM-3	
		Tipo	Proposta de mellora	
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade	
	Definición	Análise causa	O grao de participación dos distintos colectivos, fundamentalmente o alumnado, no SGC é baixo. Tanto as recomendacións das comisións avaliadoras externas, como os Plans de mellora derivados da acreditación dos títulos e o Plan Estratéxico do centro precisase seguir co fomento da cultura de calidade no centro.	
		Definición/descrición proposta	Fomento da cultura de calidade entre os distintos colectivos do centro. Cómpre seguir a explicar a importancia da resposta ás enquisas de satisfacción entre os diferentes grupos de interese mediante: i) campañas de sensibilización; ii) accións que contribúan a crear cultura da calidade no centro.	
		Data prevista de finalización	30/11/2018	
	Data inicio	15/03/2018		
Responsables	Responsable da implantación	Subdirector de Calidade		
Tarefa 1	Código	AM-3.1		
	Descrición tarefa	Charlas de orientación e obradoiro sobre o SGC para todos os colectivos do centro, con especial fincapé ao alumnado de primeiro curso. É de especial interese mellorar as taxas de resposta nas enquisas de satisfacción para acadar unha maior fiabilidade da información recollida.		
	Data prevista de finalización	30/12/2018		
	Persoa responsable	Subdirector de Calidade		
Tarefa 2	Código	AM-3.2		
	Descrición tarefa	Curso de formación para o manexo da aplicación AASX orientado a PDI e PAS.		
	Data prevista de	30/12/2018		

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Curso 16/17
		Páxina 100 de 162

	<b>finalización</b>	
	<b>Persoa responsable</b>	Subdirector de Calidade
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>	En preparación
	<b>Data estado</b>	31/01/2018
	<b>Comprobación</b>	
	<b>Data comprobación</b>	

ACCIÓN DE MELLORA				
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	AM-4	
		<b>Tipo</b>	Proposta de Mellora	
	<b>Ámbito</b>	<b>Ámbito de aplicación</b>	Directriz 1: Política e obxectivos de calidade	
		<b>Análise causa</b>	O porcentaxe de alumnas matriculadas no curso pasado ten descendido nalgunhas das titulacións do centro. Dado que as Enxeñarías son en xeral, titulacións que reciben un menor número de mulleres que de homes, e dado que esta Escola se ten caracterizado por ter unha media de mulleres ingresadas superior á media Española, cremos que debemos seguir fomentando as vocacións de enxeñaría entre as futuras estudantes universitarias.	
	<b>Definición</b>	<b>Definición/descripción proposta</b>	En consonancia con outras accións que se están detectando nos ensinos primario e medio para fomentar a maior presenza de mulleres na ciencia e na tecnoloxía, cremos que a Escola pode promover accións que contribúan a mellorar estes índices e desfrutar do talento das mulleres, alumnado con mellores expedientes académicos. Nesta acción entendemos que a Escola conta con mulleres que son referentes na ciencia e tecnoloxía e sería conveniente darlles maior visibilidade nos centros educativos de secundaria	
		<b>Data prevista de finalización</b>	31/12/2018	
		<b>Data inicio</b>	1/04/2018	

 <b>USC</b> <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> <small>ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA</small>	MEMORIA DE CALIDADE	Curso 16/17
		Páxina 101 de 162

Responsables	Responsable da implantación	Dirección da Escola
		Comisión de Igualdade de Xénero
Tarefa 1	Código	AM4-1
	Descrición tarefa	Realizar actos de difusión e sensibilización relacionadas co xénero
	Data prevista de finalización	31/10/2018
	Persoa responsable	Dolores Rodríguez
Tarefa 2	Código	AM4-2
	Descrición tarefa	Reforzar e fomentar vínculos coa Oficina de Igualdade e coa Asociación de Mulleres Investigadoras e Tecnólogas de Galicia para a organización de eventos
	Data prevista de finalización	31/12/2018
	Persoa responsable	Dolores Fernández
Tarefa 3	Código	AM4-3
	Descrición tarefa	A EPS de Enxeñaría fará unha labor de búsqueda de expertos e proxección social paritaria, sempre que sexa posible.
	Data prevista de finalización	31/12/2018
	Persoa responsable	Tomás Cuesta
Finalización	Estado	
	Data estado	
	Comprobación	
	Data comprobación	

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Curso 16/17
			Páxina 102 de 162

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-5
		Tipo	Proposta de mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
	Definición	Análise causa	O Plan Estratéxico do Centro contempla esta posibilidade co fin de reforzar a oferta formativa do centro, se se considera necesario.
		Definición/descripción proposta	Explorar a posibilidade de ofertar novos graos e másters
		Data prevista de finalización	31/12/2018
		Data inicio	Decembro 2017
Responsables	Responsable da implantación	Director da Escola Politécnica	
Tarefa 1	Código	AM-5.1	
	Descrición tarefa	Constitución da Comisión Académica para elaborar a Memoria de Verificación do título universitario de Grao en Robótica.	
	Data prevista de finalización		
	Persoa responsable	Director da Escola Politécnica	
Subtarefa 1	Código	AM-5.1.1	
	Descrición tarefa	Elaboración da proposta da Memoria de Verificación	
	Data prevista de finalización	31/7/2018	
	Persoa responsable	Director da EPS	
Tarefa 2	Código	AM-5.2	
	Descrición tarefa	Constitución da Comisión Académica para elaborar a Memoria de Verificación do título Máster en GIS y Modelización 3D.	
	Data prevista de		

 <b>USC</b> <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> <small>ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA</small>	<b>MEMORIA DE CALIDADE</b>	Curso 16/17
		Páxina 103 de 162

	<b>finalización</b>	
	<b>Persoa responsable</b>	Director da Escola Politécnica
<b>Subtarefa 2</b>	<b>Código</b>	AM-5.2.1
	<b>Descrición tarefa</b>	Elaboración da proposta da Memoria de Verificación
	<b>Data prevista de finalización</b>	31/7/2018
	<b>Persoa responsable</b>	Director da EPS
<b>Tarefa 3</b>	<b>Código</b>	AM-5.3
	<b>Descrición tarefa</b>	Nova proposta para a posta en marcha dun dobre título en Enxeñaría Civil (USC) e Ingeniería Civil (Pontificia Universidad Católica de Valparaíso, Chile)
	<b>Data prevista de finalización</b>	31/12/2018
	<b>Persoa responsable</b>	Director da EPS Coordinador Titulación
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>	En execución
	<b>Data estado</b>	31/01/2018
	<b>Comprobación</b>	
	<b>Data comprobación</b>	

ACCIÓN DE MELLORA			
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	AM-6
		<b>Tipo</b>	Informe de seguimento
	<b>Ámbito</b>	<b>Ámbito de aplicación</b>	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante
		<b>Definición</b>	<b>Análise causa</b>



 <b>USC</b> <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> <small>ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA</small>	<b>MEMORIA DE CALIDADE</b>	Curso 16/17
		Páxina 104 de 162

			fomentar as prácticas externas dos nosos titulados e a empregabilidade dos mesmos.
		<b>Definición/descripción proposta</b>	Mellora da empregabilidade dos egresados e fomento das prácticas externas
		<b>Data prevista de finalización</b>	31/12/2018
		<b>Data inicio</b>	15/03/2018
<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Subdirectora de Prácticas Externas Coordinadores/as dos títulos	
<b>Tarefa 1</b>	<b>Código</b>	AM-6.1	
	<b>Descrición tarefa</b>	Organizar charlas de búsqueda activa de emprego e difusión de actividades de emprendemento (colaboración coa Área de Orientación Laboral do campus Terra) dirixidos ao alumnado	
	<b>Data prevista de finalización</b>	31/12/2018	
	<b>Persoa responsable</b>	Subdirectora de prácticas Externas	
<b>Tarefa 2</b>	<b>Código</b>	AM-6.2	
	<b>Descrición tarefa</b>	Organización un Foro de Emprego na que participen distintas empresas dos sectores nos que ten interese o centro e sirva para que os alumnos entren en contacto co mundo laboral	
	<b>Data prevista de finalización</b>	31/12/2018	
	<b>Persoa responsable</b>	Coordinadores/as dos títulos Subdirectora de Prácticas Externas	
<b>Tarefa 3</b>	<b>Código</b>	AM-6.3	
	<b>Descrición tarefa</b>	Fomentar a realización de prácticas externas remuneradas nos Graos e incrementar o número de estudantes que realizan as prácticas externas.	
	<b>Data prevista de finalización</b>	31/12/2018	
	<b>Persoa responsable</b>	Subdirectora de prácticas externas.	
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>	En execución	

 <b>USC</b> <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> <small>ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA</small>	MEMORIA DE CALIDADE	Curso 16/17
		Páxina 105 de 162

	<b>Data estado</b>	31/01/2018
	<b>Comprobación</b>	
	<b>Data comprobación</b>	

ACCIÓNS DE MELLORA				
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	AM-7	
		<b>Tipo</b>	Proposta de mellora	
	<b>Ámbito</b>	<b>Ámbito de aplicación</b>	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante	
		<b>Definición</b>	<b>Análise causa</b>	As cifras de matrícula seguen a ser son moi inferiores ao número de prazas ofertadas na maioría das titulacións. Cómpre seguir coas acción de promoción e visibilización do centro.
	<b>Definición/descripción proposta</b>		Reforzo das accións de visibilización e promoción das titulacións do centro	
	<b>Data prevista de finalización</b>		30/11/2018	
	<b>Data inicio</b>		01/02/2018	
<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Director do centro Coordinadores/as dos títulos Subdirectora de Prácticas Externas.		
<b>Tarefa1</b>	<b>Código</b>	AM-7.1		
	<b>Descrición tarefa</b>	Visitas particularizadas aos centros de ensino medio		
	<b>Data prevista de finalización</b>	30/06/2018		
	<b>Persoa responsable</b>	Coordinadores/as de Título		
<b>Tarefa 2</b>	<b>Código</b>	AM-7.2		
	<b>Descrición tarefa</b>	Mellorar a imaxe e incrementar a proxección do centro nos medios de comunicación		

 ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Curso 16/17
		Páxina 106 de 162

	Data prevista de finalización	30/11/2018
	Persoa responsable	Director do Centro Subdirectora de Prácticas Externas
Tarefa 3	Código	AM-7.3
	Descrición tarefa	Concorrer ao Premio ARESA para visibilizar a imaxe do centro ante opinión pública e os colectivos de interese da Escola.
	Data de inicio	1/12/2017 (preparación e presentación da documentación)
	Data prevista de finalización	16/2/2018
	Persoa responsable	Director do Centro Secretaría Académica Subdirectora de Prácticas Externas
Finalización	Estado	En execución
	Data estado	31/1/2018
	Comprobación	
	Data comprobación	

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM-8	
		Tipo	Proposta de mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante
			Análise causa	Os indicadores de mobilidade dos nosos titulados son moi baixos.
		Definición/descrición proposta	Mellorar a información sobre os programas de mobilidade e requisitos lingüísticos necesarios	
	Data prevista de finalización	31/12/2018		

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA	MEMORIA DE CALIDADE		Curso 16/17
			Páxina 107 de 162

		<b>Data inicio</b>	15/03/2018
<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Responsable de Calidade do Centro	
		Responsable Académico do Centro	
		Coordinadores/as dos títulos	
<b>Tarefa 1</b>	<b>Código</b>	AM-8.1	
	<b>Descrición tarefa</b>	Organizar charlas informativas para todos os alumnos, facendo fincapé nos de primeiros cursos, para informalos dos distintos programas de mobilidade e dos requisitos lingüísticos necesarios. Colaboraremos coa ORE e co Centro de Linguas modernas.	
	<b>Data prevista de finalización</b>	31/12/2018	
	<b>Persoa responsable</b>	Responsable de calidade do centro Coordinadores/as dos títulos	
<b>Tarefa 2</b>	<b>Código</b>	AM-8.2	
	<b>Descrición tarefa</b>	Colaboración coa vicerreitoría de Internacionalización na organización do International Day na EPS de Enxeñaría.	
	<b>Data prevista de finalización</b>	31/12/2018	
	<b>Persoa responsable</b>	Responsable de Calidade do Centro Responsable Académico do Centro Coordinadores/as dos títulos	
